FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Máster Interuniversitario en Historia Contemporánea

MEMORIA DE INVESTIGACIÓN

As identidades femininas nas políticas de vivenda franquistas (1950-1970). Dous casos de estudo en Santiago:os grupos de vivenda "Compostela" e "Cardenal Quiroga"

Autor/a
Aida González Pazos

Vº Bº Titor/a

Daniel Lanero Táboas

Santiago de Compostela a 23 de xullo de 2025

ÍNDICE

INTRODUCIÓN 4
Xustificación da elección do tema e do enfoque de xénero 4
Obxectivos 5
Marco espazo-temporal 6
Metodoloxía e fontes 6
Hipóteses iniciais 7
Estrutura do traballo 7
1. ESTADO DA ARTE 8
2. AS POLÍTICAS SOCIAIS NO FRANQUISMO E AS MULLERES 10
2.1. O franquismo "como fin" e as mulleres "como medio" 12
2.2. A xestión da política social franquista: o *Ministerio de Trabajo* e a *Organización Sindical Española (OSE)* 17
2.2.1. Ministerio de Trabajo 18
2.2.2. Organización Sindical Española (OSE), as Obras Sindicales 22
2.2.3. A Sección Femenina 24
3. AS POLÍTICAS DE VIVENDA NO FRANQUISMO, UNHA CUESTIÓN DE XÉNERO 28
3.1. A necesidade de vivenda, un problema endémico e desigual 30
3.2. Políticas de vivenda e organismos do Réxime: a OSH, o INV e o M*inisterio de la Vivienda*. 33
3.2.1. Lexislación precendente: a Ley de las Casas Baratas (1911, 1921, 1924) 34
3.2.2. Evolución da política de vivenda franquista: "Queremos una españa de propietarios, no una españa de proletarios…" 35
4. A CHEGADA AOS BARRIOS. MOVEMENTOS BIDIRECCIONAIS: DO RURAL Á URBE E DA URBE Á PROTOURBE 45
4.1. O barrio de Pontepedriña, a cidade "en construción" 46
4.2. O proceso de acceso ás vivendas (solicitude e entrega da vivenda): 47
4.2.1. O grupo *Compostela* 48
4.2.2. O grupo *Cardenal Quiroga Palacios* 51

4.3. As actitudes fronte ao Réxime 57

4.3.1. As *milagrosas* políticas de vivenda e as actitudes sociais 58

4.4. A sociabilidade das mulleres 63

4.4.1. A socialización entre a veciñanza. A sociabilidade das mulleres 63

4.4.2. O traballo dentro e fóra da casa 65

4.4.3. A "sororidade" 66

5. O BARRIO COMO XERME DO ASOCIACIONISMO VECIÑAL: AS REIVINDICACIÓNS DA COMUNIDADE 67

5.1. As problemáticas sociais e o abandono das administracións 67

5.2. O papel das mulleres no movemento veciñal e nas Asociacións de Amas de Casa 69

5.3. As identidades de barrio de 1ª e 2ª xeración: o cambio interxeracional nos anos 60-70 71

CONCLUSIÓNS 73

BIBLIOGRAFÍA 75

Siglas e abreviaturas

AAC Asociación de Amas de Casa

AA. VV. Asociación de Veciños

INV Instituto Nacional de la Vivienda

OSE Organización Sindical Española

OSH Obra Sindical del Hogar

SF Sección Femenina

INTRODUCIÓN

Xustificación da elección do tema e do enfoque de xénero

Esta investigación nace co propósito de analizar, dende un enfoque de xénero, en que grao as políticas de vivenda social do franquismo, dirixidas ás clases populares, puideron influír na configuración das identidades femininas, na creación de redes de sororidade e nas súas actitudes con respecto ao réxime; dende as diversas formas de consentimento, ata a participación feminina nun incipiente movemento asociativo nos barrios, que será decisivo na fin da ditadura.

A temática elixida determina a decisión de abordar este traballo dende o enfoque das relacións de xénero, dado que a *Historia das mulleres,* primeiro, e , despois , a *de xénero* , xorden coa aspiración de reivindicar ás mulleres como suxeito histórico de pleno dereito, de esclarecer as causas e argumentos da súa ausencia nunha Historia dominada pola visión masculina e tamén de dar conta de como a incorporación das mulleres actúa sobre o coñecemento histórico.[1] A aportación da visión das mulleres é necesaria para reconstruír a vida cotiá das clases populares. Neste traballo farase esta reconstrución en relación coa vivenda, pero sería extensible a calquera outro ámbito da vida. A elección deste enfoque fai posible achegarnos a unha panorámica tan diversa e rica como a masculina, pero diferente, e que segue pendente dunha análise coa profundidade que merece. O feito de centrarnos nas clases populares obedece tamén ao interese de achegarnos á historia da vida cotiá da "xente corrente" dende unha escala "micro", como é o barrio de Pontepedriña. Por último, consideramos que analizar as políticas de vivenda do franquismo permiten identificar unhas continuidades que axudan a entender a actual problemática nesta materia, que, en boa medida, ten a súa orixe nas políticas franquistas.

Pese a ser conscientes das diferenzas existentes entre as políticas de vivenda do franquismo no ámbito rural e no urbano, centrarémonos neste último por varios motivos. O primeiro, porque os casos de estudo e as testemuñas orais dos mesmos localízanse nun contexto urbano. O segundo, porque pensamos, a risco de equivocarnos, que as hipóteses que pretendemos contrastar serían máis fáciles de identificar nun contexto urbano; pese a que no marco temporal

[1] Pese a que na actualidade a categoría de *xénero* elaborada pola historiadora Joan Scott a finais dos anos oitenta do pasado século -entendida como unha construción sociocultural da diferenza sexual que se materializa en relacións de poder desiguais e caracterizadas pola subordinación da muller ao varón- sexa cuestionada, consideramos que para o propósito desde traballo mantén a súa vixencia, porque estas relacións desiguais de poder rexen a sociabilidade no contexto histórico que queremos analizar.

que nos ocupa, Santiago unha "cidade" media, cunha poboación de orixe maioritariamente rural. E, por último, pola complexidade de ampliar o traballo a ambos contextos.

Obxectivos

O obxectivo principal desta investigación é *analizar se as políticas de vivenda franquistas influíron na configuración das identidades femininas***.** Neste sentido, trataremos de por en valor o papel das mulleres como axentes históricos nun contexto que lles nega a visibilidade. Tentaremos determinar pois en que grao as mulleres se beneficiarían das políticas franquistas de vivenda, así como valorar se do resultado da súa relación coas institucións se derivarían actitudes de consentimento cara ao Réxime, ou se, pola contra, as redes de solidariedade que xorden de actuar como unha colectividade ante os problemas do barrio puideron fomentar sentimentos contrarios ao poder. Estudaremos tamén se ese contexto de barrio propiciou a participación das mulleres nun movemento asociativo que comezaba a xestarse, timidamente, a finais dos anos sesenta.

A elección de dous grupos de vivendas permitiranos coñecer as vicisitudes polas que pasan as persoas beneficiarias destas vivendas, xestionadas pola *Obra Sindical del Hogar* (*OSH)*, en dúas cronoloxías ben diferenciadas: a de mediados dos anos cincuenta e a de inicios dos setenta. Particularmente e en primeiro lugar, *investigaremos as continuidades e as rupturas respecto ás experiencias vitais previas destas persoas* (obxectivo secundario 1). En segundo lugar, *analizaremos aspectos determinantes no acceso á vivenda (obxectivo secundario 2):* os medios polos que se difunde a construción das vivendas, a participación das mulleres nas xestións implícitas na solicitude, entrega e adquisición das vivendas en propiedade, e a súa distribución atendendo ao xénero e, por último, o proceso de entrega.

Finalmente, pero de igual relevancia para o estudo que nos ocupa, *examinaremos as situacións que se dan tras a entrada das familias nas vivendas* (obxectivo secundario 3). É dicir: abordaremos as relacións veciñais creadas na vida cotiá, das que xorden redes de apoio entre as mulleres; as melloras nas condicións de vida das familias e das mulleres en particular, dentro e fóra do ámbito doméstico, e analizaremos en que medida as relacións de sororidade apoian eses avances ; a organización ante o problema das deficiencias nas vivendas e no seu entorno, que poderían ser a orixe dun sentimento moi arraigado de pertenza ao barrio; a participación das mulleres no nacemento do que será o movemento asociativo nos barrios.

Marco espazo-temporal

A investigación céntrase nun contexto temporal que abrangue as décadas de 1950 a 1970 e un espazo relativamente reducido, localizado no barrio de Pontepedriña, por entón na periferia dunha cidade de tamaño medio, como é Santiago de Compostela. Trátase dos grupos de vivendas *Compostela* e *Cardenal Quiroga,* construídos nese barrio e entregados no período mencionado.

Dentro do traballo terá maior peso a década dos anos sesenta e primeira metade dos setenta, porque a actividade construtiva é maior e coincide co momento no que se produce un salto cualitativo na presenza das mulleres no ámbito laboral "extradoméstico". Ademais, hai outra razón relacionada co peso da parte empírica desta investigación, que será máis limitada no grupo *Compostela*, debido á elevada mobilidade no que respecta aos seus inquilinos, motivo polo cal só poderemos acceder ás testemuñas da segunda xeración, das fillas e fillos das persoas beneficiarias. En cambio, para o grupo *Cardenal Quiroga* contamos coas testemuñas das beneficiarias que se instalan nas vivendas no ano 1972.

Metodoloxía e fontes

A metodoloxía que seguiremos neste traballo consistirá na consulta de tres tipos de fontes: as fontes bibliográficas, as fontes arquivísticas e hemerográficas e as fontes primarias orais. Con este propósito, contactaremos con mulleres veciñas dos dous grupos de vivendas para tentar realizar entrevistas semiestruturadas; preferentemente individuais, pero sen descartar a modalidade grupal, se as informantes así o desexan; e tamén contemplamos aplicar un enfoque interxeracional, coa incorporación na mostra da testemuña de fillas e fillos das informantes, porque aportaría información sobre historias de vida dende diferentes perspectivas. Con este exercicio de historia oral, preténdese rescatar a información de colectivos sen voz neste contexto histórico, como é o caso das mulleres e especialmente no ámbito da vida cotiá

Entre as fontes primarias consultaremos a documentación emitida polas institucións do réxime en materia de vivenda, de carácter oficial e propagandístico. Para elo revisaremos a prensa local (*El Correo Gallego* e *La Noche)* no período de estudo (1950-1970) e visitaremos varios arquivos, como o *Arquivo de Galicia,* o *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago* e *o Arquivo do Reino de Galicia,* na busca de información dos expedientes dos grupos de vivenda de Pontepedriña.

No que respecta ás fontes bibliográficas secundarias, utilizaremos literatura centrada nos distintos aspectos contemplados neste traballo. A literatura sobre a vida das mulleres durante a ditadura franquista, detacando a sociabilidade, o ámbito laboral e o impacto das políticas sociais

(Molinero, C.; Ruiz, R.; Marías, S.; Blasco, I., Morcillo, A Borderías, C.; Sarasúa, C.). Consultaremos tamén a literatura relacionada co estudo das actitudes da poboación con respecto ao réxime (Fuertes, C; Hernández, C; Cabana, A.; Ortiz, M.). E faremos referencia ás investigacións das políticas sociais franquistas, especialmente en materia de vivenda, na historiografía recente (Molinero, C.; Lanero, D.; Fuertes, C.; Candela, J.; González, D.; Ortiz, M.), así como dende outras disciplinas, como o urbanismo, a arquitectura ou a economía (Sambricio, R.; Moya, L.; Betrán, R.; Llordén, M.). Por último, revisaremos literatura recente relacionada co xurdimento do asociacionismo nos barrios dende un enfoque de xénero (Radcliff, P.; Cabrero, C.; Bordetas, I.).

Hipóteses iniciais

Atendendo ao exposto ata agora, a *primeira hipótese* que trataremos de defender é que o feito de beneficiarse dunha vivenda de protección do réxime puido favorecer a incorporación da muller na vida pública, pese a non ser ese o obxectivo do franquismo. Isto sucedería a través das redes de sororidade que xorden da vida nos barrios. Seguindo esta primeira hipótese, intentaremos amosar a conexión entre as redes de apoio que nacerían da sociabilidade nos barrios e unha crecente actividade das mulleres fóra do ámbito doméstico. Estas redes de sororidade facilitarían a incorporación da muller no mercado laboral.

A nosa *segunda hipótese* defende a relevancia da aportación das mulleres na consolidación da identidade de barrio, como un catalizador da reacción ante as carencias existentes nestes grupos de habitación. Rastrexaremos a presenza feminina nese *protoasociacionismo* que derivará no movemento asociativo veciñal da década dos 1970. Como *terceira hipótese*, consideramos que o papel das mulleres na formación das asociacións dos barrios sería clave, porque son elas as que viven de forma máis directa as problemáticas relacionadas coas carencias dos recursos e dos servizos necesarios para "formar parte da cidade".

Estrutura do traballo

No primeiro apartado exporemos o estado da arte das distintas áreas de investigación abordadas no traballo, aínda que prestando especial interese á historia de xénero e das mulleres, e ás investigacións en políticas sociais e de vivenda do Réxime -destacando a literatura na que a perspectiva de xénero sexa central ou, cando menos, sexa tomada en consideración-.

No segundo apartado, analizaranse as políticas sociais do réxime franquista e como na súa elaboración a cuestión de xénero está moi presente co propósito de garantir a subordinación das mulleres aos varóns, mediante o fomento de políticas de natalidade dirixidas a asegurar a

adscrición das mulleres ao ámbito doméstico e a continuidade do réxime, sen obviar o interese lexitimador da ditadura que acompaña ás políticas de *justicia social* franquista.

O terceiro apartado aborda as causas que orixinan unha demanda de vivenda sen precedentes e como a evolución das políticas de vivenda franquistas vai resultar na consolidación dun lucrativo negocio en torno á promoción e construción de vivenda, e na creación dunha cultura da vivenda en propiedade facendo inviable a fórmula do aluguer. Ambas consecuencias poden rastrexarse a día de hoxe.

No cuarto apartado realizaremos unha aproximación aos procesos establecidos pola ditadura para acceder a unha vivenda social/protexida (ver ben a diferencia). O contido empírico deste traballo resulta fundamental na elaboración deste punto, co gallo de ter unha imaxe máis completa e real do impacto destas accións na xente corrente. Pese á limitación derivada do limitado corpo da enquisa, as testemuñas das e dos informantes permitirán desmentir ou, cando menos, cuestionar algunhas das hipóteses recollidas na literatura, así como, reforzar outras.

No quinto punto analizaremos o *barrio* como *laboratorio* no que se constrúe o movemento veciñal que será clave no tránsito á democracia. Rastrexaremos o papel das mulleres nestas asociacións e intentaremos ver en que medida se contempla a participación feminina, de primeira e segunda xeración, na construción da identidade de barrio.

Por último, no apartado das conclusións recolleremos o resultado do traballo e analizaremos en que medida se cómpren ou non as hipóteses de partida.

1. ESTADO DA ARTE

Na elaboración deste traballo conflúen temáticas diversas que van recibir un interese tamén diferente da historiografía. No que respecta ao xénero, un enfoque que está moi presente neste traballo, asistimos a unha prolífica produción científica especialmente dende que Joan Scott incorpora o *xénero* como unha categoría de análise histórica. Un concepto de xénero entendido como unha construción sociocultural da diferenza sexual que cristaliza en relacións de poder desigual coa subordinación das mulleres aos varóns, nas esferas pública e privada. Esta interpretación de xénero vense cuestionando dende finais da década dos 90, incluso pola súa propia autora, por limitarse a un concepto binario, home vs. muller, que deixa fóra moitas outras realidades.

Na historiografía española son moitas as autoras que defenden a transversalidade do enfoque de xénero en investigacións de calquera natureza. Autoras como Ana Aguado, Inmaculada Blasco Dolores Ramos, Nerea Aresti, Uxía Otero, entre outras, dan conta da análise deste concepto que cambia para dar resposta a unha realidade múltiple e tamén cambiante.

Na literatura sobre as mulleres no Franquismo, podemos diferenciar as aproximacións dende unha óptica xeral das aproximacións a aspectos concretos (como o laboral) no que atinxe ao impacto na vida das mulleres do modelo de muller que o réxime franquista promove a nivel institucional. Sobre o estudo da construción da feminidade polo réxime destacamos as obras de Aurora Morcillo, Ángela Cenarro, Pilar Folguera, Lucía Prieto, Carme Molinero, Ana Cabana, entre outras , pola claridade na exposición de como o franquismo utiliza o rol feminino de esposa e nai abnegada para lograr o encadramento da sociedade. Así, no estudo da *Sección Femenina,* como organización encargada do adoutrinamento das mulleres, destacan, ademais dos traballos de referencia de autoras como Teresa Gallego, Kathleen Richmond , Rosario Sánchez ou Ángela Cenarro, os de xóvenes historiadoras como Sescún Marías, Sofía Rodríguez, Inbal Ofer, Eider de Dios, Begoña Barrera que presentan investigacións onde se estuda a S.F. tanto a nivel estatal (Barrera, B.) como local (Rodríguez, S.) e en contextos rurais (Marías, S.) e urbanos.

Para o ámbito laboral das mulleres no franquismo, contamos coas importantes aportacións de historiadoras como Carme Sarasúa, Cristina Borderías, Pilar Pérez-Fuentes, Luisa Mª Muñoz. No ámbito lexislativo destacamos a obra de Rosario Ruiz, que dá conta de como o Réxime logra anular a capacidade das mulleres para decidir sobre a súa vida e a da súa descendencia. Esta bibliografía explica tamén como o réxime logra sacar proveito da progresiva incorporación das mulleres ao mercado laboral -para cubrir a man de obra demandada pola crecente actividade económica- sen que isto implique lexislar en favor dos seus dereitos; especialmente no caso das mulleres casadas que, tamén laboralmente, seguen baixo a tutela do marido, por ser consideradas suxeitos sen capacidade legal.

As políticas sociais do réxime está sendo obxecto de análise dende diversas ópticas e disciplinas. Ca fin de centrarnos no propósito da nosa investigación, faremos fincapé nas políticas relacionadas coa materia de vivenda. Non obstante, realizaremos unha aproximación a esta temática dende unha perspectiva máis global, para o cal revisaremos a obra *La captación de las masas* (2005), de Carme Molinero, e outras publicacións desta autora, ademais de traballos de autores como Daniel Lanero, Claudio Hernández, Damián A. González e Manuel Ortiz, entre outros. Para o estudo das políticas de vivenda, destacamos os traballos de Daniel Lanero, en particular *De la cahobola al barrio social (2020)* e de José Candela, *Del pisito a la burbuja*

inmobiliaria (2019) dende un enfoque global e os Jesús Solís, Gloria Román, Diego López-Carcedo, entre outros, para estudos de xeografías máis concretas. Faremos referencia tamén a investigacións sobre a política de vivenda dende outras disciplinas, como a arquitectura, o urbanismo ou a economía. Neste sentido, as obras de Carlos Sambricio, *Un siglo de vivienda social, 1903/2003 (2003);* Luis Moya, Moisés Llordén e Ramón Betrán resultan de interese por aportar unha perspectiva que complementa á da historiografía comentada.

No estudo sobre a análise das actitudes da poboación cara ao réxime, especialmente na vida cotiá, destacamos no contexto galego os traballos de Ana Cabana e de Daniel Lanero. E as investigacións de Carlos Fuertes ou Claudio Hernández, entre outros, para un contexto máis amplo. Así como obras colectivas recentes sobre esta temática, como *Tiempo de dictadura (2018)*, coordinada por Gloria Román e Juan Antonio Santana, que estuda distintos territorios do estado, entre eles Galicia, *No sólo miedo. Actitudes políticas y opinión popular bajo la dictadura franquista (1936-1977) (2014),* editado por Miguel A. del Arco, Carlos Fuertes, Claudio Hernández e Jorge Marco; *El franquismo desde los márgenes (2013)*, coordinada por Óscar Rodríguez, que analiza a sociedade e a política no franquismo, facendo fincapé en colectivos que normalmente non son tomados en consideración, como é o caso das mulleres. Ou a nivel rexional, no caso de Galicia, a obra *No solo represión. La construcción del franquismo en Galicia (2014),* con Julio Prada como director da obra, ou *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras. La construcción socipolítica de la dictadura fanquista (2023),* editado por Lourenzo F. Prieto e J. Leira Castiñeira.

Por último, na aproximación dende un enfoque de xénero ao movemento asociativo dende finais dos anos 60 ata a transición á democracia, destacaríamos as investigacións de Pamela Radcliff, Claudia Cabrero ou Iván Bordetas, que ofrecen unha análise desta cuestión na escala micro, ou local, e macro.

2. AS POLÍTICAS SOCIAIS NO FRANQUISMO E AS MULLERES

Neste segundo apartado faremos unha aproximación ás políticas sociais da ditadura franquista e introduciremos as entidades encargadas da súa aplicación. Aínda que veremos a estrutura orgánica destas organizacións, interésanos sobre todo coñecer a repercusión que puideron ter os seus programas na vida da poboación en xeral, e na das mulleres en particular.[2]

[2] Co propósito de entender o calado destas políticas sociais na poboación feminina, cremos necesario realizar unha breve revisión do que supuxo para as mulleres a instauración da ditadura franquista, coa

A política social, ou "*justicia social*", para o falanxismo, convértese nun dos referentes da seguridade que, segundo o réxime, aportará o *Nuevo Estado*. Co discurso centrado na política social perséguese un dobre propósito. Por unha parte, a xustificación moral dunha actuación que deriva en guerra civil, e por outra, aínda que relacionada coa primeira, desacreditar o proceso democratizador iniciado pola Segunda República. Así, o principal obxectivo desta política desenvolvida polo franquismo non é outro que o de fortalecer a licitude do réxime. Por esta razón a "*justicia social*" vai ocupar un lugar central no discurso público elaborado pola ditadura para dirixirse ás masas e lexitimarse ante elas, especialmente entre sectores populares despolitizados, pero tamén entre os adeptos, co fin de manter a súa fidelidade (Molinero, 2006: 95; 2013: 187).

Cando os países europeos marcan distancias co réxime franquista tras a Segunda Guerra Mundial, este vai proclamar a política social como o eixe do seu goberno. Como proba o discurso de Franco no *III Consejo Sindica*l, no que manifesta: "lo social que nosotros practicamos, ahora lo practican otros y es que por encima de todo se va abriendo camino la era de lo social que nosotros anunciamos" (*Arriba*, 25-01-1945, citado en Candela, 2019: 39).

Sería precisamente a política social que mellora as condicións de vida da poboación a que Franco promulga como principal liberdade, a que acaba coa miseria,[3] como reza o discurso que o ditador dirixe a mineiros asturianos no ano 1946: "[...] hay una libertad principal, base de todas las libertades, que es la libertad contra la miseria. Primero elevándoos de la miseria, educándoos, dando pan y cultura y luego podremos hablar de libertades".[4] O *Caudillo* manifesta dende un principio, e en reiteradas ocasións, que atraer e nacionalizar aos españois *descarriados* é a finalidade das políticas sociais, porque:

> [...] lo social constituye la clave del arco de toda la acción política de nuestro tiempo [...] con ser tanta la obra realizada, continua siendo la justicia social el supremo criterio de gobierno y en mi ánimo la mas alta preocupación política. (Discurso de fin de ano de 1952. Citado en Molinero, 2006: 98).

supresión de todos os avances sociais e en materia de igualdade que trouxo consigo a Segunda República. Esta cuestión abordarémola no apartado 2.1.

[3] Molinero identifica aquí unha crítica directa de Franco ao réxime republicano, por limitarse, na súa opinión, a prometer liberdade e igualdade sen actuar en modo algún contra a miseria, como si o vai facer o *Nuevo Estado. (*2006: 97)

[4] Francisco Franco, Discurso pronunciado ante os mineiros en Asturias, o día 21-5-1946. Reproducido en Fernando Rubio, "El Caudillo y la política social", *Revista de Trabajo*, 11 (1954). Citado en Molinero, 2006: 97.

Pero en realidade, estas manifestacións forman parte da propaganda franquista dirixida a aumentar os seus apoios, pois as prioridades do réxime durante o período autárquico céntranse en consolidar o poder e en manter os privilexios da coalición reaccionaria. A poboación, mentres tanto, intenta sobrevivir utilizando todos os recursos ao seu alcance, sexan legais ou non (Ortiz & González, 2018: 46).

Nos anos cincuenta xa non é posible controlar os conatos de desacordo, incluso dentro do falanxismo, que darán lugar á crise do goberno de 1956 e que terán importantes repercusións nas políticas sociais. Arrese é destituído do seu cargo como *Secretario General* do partido único, para ser nomeado ministro do recentemente creado *Ministerio de la Vivienda.* Aínda que o tempo no que exerce este cargo é relativamente breve (1957-1960), resulta suficiente para promover un cambio no réxime de uso da vivenda, priorizando de forma rotunda a propiedade sobre o uso en réxime de aluguer, coa incorporación efectiva do capital privado na actividade construtiva.

No *desarrollismo,* o "*milagro económico español*" será utilizado como un novo elemento de lexitimación do réxime, deixando atrás definitivamente o discurso da *Vitoria*. Non obstante, o crecemento económico non virá acompañado dun incremento no gasto social, porque a ditadura non precisa recorrer a pactos para asegurar a paz social; a violencia exercida polo réxime, e o medo, actúan como elementos de contención resultando innecesarios os acordos ou as medidas. Resultan, por tanto, incongruentes as teses que defenden unha sorte de "protoestado" do benestar nas políticas sociais franquistas (Ortiz & González, 2018: 47).

A política de xénero é transversal a todas as políticas franquistas, á social en particular, por identificar nas mulleres o elemento cohesivo da unidade sobre a que se sustenta a sociedade franquista: a familia. De aí que as mulleres sexan convertidas nun "medio" para os obxectivos do réxime.AE

2.1. O franquismo "como fin" e as mulleres "como medio"

O nacional-catolicismo atopa no patriarcado o sistema de organización social que mellor representa os roles de xénero defendidos polo *Nuevo Estado.* O sistema patriarcal constitúe o elemento central da doutrina familiar do *Movimiento*, como se infire da proclama do seu *Secretario General,* José Luis de Arrese*:* "nosotros consideramos (la familia) como el núcleo de la sociedad con todo su poder educativo y regenerador, y creemos que no se puede fundar esta sino es sobre los principios básicos del patriarcado y de la moralidad cristiana" (Arrese, 1940: 85. Citado en Candela, 2019: 46).

A instauración do réxime franquista, como resultado do golpe de estado que deriva en guerra civil, supón a desaparición dos avances lexislativos logrados durante a Segunda República; cunhas medidas que legalmente recoñecen os dereitos das mulleres e que inician o lento proceso de cambio de mentalidades ao que o réxime republicano non puido dar continuidade. Desa incipiente transformación cara a unha sociedade máis igualitaria, que recoñece ás mulleres como cidadás, pásase a unha ditadura que suporá a intervención intensiva do Estado na vida das mulleres, ata o extremo de promulgar lexislación de aplicación específica á poboación feminina (Sarasúa & Molinero, 2009: 312)

O franquismo quere instaurar o modelo nacional-católico de muller e empeza por abolir a lexislación republicana con contido igualitario e democratizador para as mulleres, substituíndoo polo Código Civil de 1889 e o Código Penal, que castiga o adulterio e recupera o concepto de honra (Blasco, 2005: 56). Suprímense, ademais, as transformacións nas relacións de xénero que comezaran a materializase a inicios do s. XX, como consecuencia do acceso das mulleres de clase media á educación e ao traballo "extra domestico" remunerado e tamén dos cambios nas pautas reprodutivas, relacionados co descenso da taxa de natalidade (Ruiz, 2007: 24). Convén non esquecer a crecente presenza da muller na Universidade e a profesionalización de mulleres das clases medias, maioritariamente como mestras ou enfermeiras. Todas estas manifestacións dunha realidade cambiante na sociedade española veranse truncadas coa instauración do réxime autoritario franquista (Rodríguez, 2010: 31-32).

Para reverter o avance na consecución de dereitos para as mulleres, a ditadura franquista reforzará o sistema patriarcal e a xerarquía nel implícita. O Estado delega nas mulleres o fortalecemento da familia, considerada polo réxime franquista como a célula principal e natural que estrutura a sociedade. Con tal efecto, vanse aprobar leis pronatalistas, que implican a prohibición do aborto e o establecemento de incentivos á natalidade, acompañándoas de medidas protectoras da familia en forma de programas de subsidios e pluses de cargas familiares.

A consolidación da familia nacional-católica é un dos piares que permite a continuidade do réxime. Isto vai requirir que as mulleres asuman outras responsabilidades, como son a educación dos seus fillos na fe cristiá e na doutrina falanxista; a boa xestión da escasa economía de posguerra; e, por último, pero non por iso menos importante, a de ser o refuxio e o descanso do seu esposo (Ruiz, 2019: 238; Blasco, 2005: 56). O logro destes propósitos pasa necesariamente por conseguir a *participación* da poboación feminina, motivo polo cal o réxime franquista fai unha chamada explícita ás mulleres, exhortándoas a asumir o seu cometido no proxecto da construción do *Nuevo Estado*. Este proxecto baséase na creación dunha única identidade

nacional, para o cal as mulleres recibirán unhas claras directrices sobre *onde e como* quere o Réxime que presten o seu servizo á patria e á relixión: será no fogar, o ámbito que o réxime recoñece como o propio da natureza feminina, onde o "anxo do fogar" pode *realizarse* na maternidade e na socialización no núcleo familiar.[5]

O franquismo vai considerar as cuestións relacionadas coa natalidade como un asunto de interese público e, polo tanto, susceptible da intervención estatal. A inxerencia do Estado na vida das mulleres, a *apropiación* que se fai do corpo feminino para polo ao servizo da demografía política, ten o seu correlato na lexislación promulgada polo réxime e tamén explicaría que se permita a existencia de organizacións de mobilización femininas, como a *Sección Femenina* ou a rama feminina de *Acción Católica* (Blasco, 2005: 57-58).

No avance cara a domesticidade feminina o réxime non terá reparos en suprimir os dereitos xudiciais das mulleres, en base a unha lexislación que legalmente as convirte en menores, ou persoas xuridicamente incapaces, tuteladas por un varón; ben sexa o seu pai ou o seu marido. O decreto de 23 de setembro de 1939 deroga a Lei do Divorcio de 1932, e con ela as medidas que melloraban a situación das mulleres no que respecta aos bens da sociedade conxugal. Cos cambios lexislativos as mulleres casadas son as que saen máis prexudicadas, pese a cumprir a función que delas se espera (de esposa e nai), porque veranse sometidas a maiores limitacións xurídicas que as mulleres solteiras. Iso non implica que a solteiría supoña desfrutar de autonomía, en modo algún; de feito o artigo 321 do Código Civil de 1889 prohibe ás mulleres solteiras abandonar o fogar paterno sen o consentimento do proxenitor, salvo que a muller case ou ingrese nun convento. En canto á situación legal da muller casada é equiparable á dun menor – condición compartida tamén con persoas dementes- e sen dereito de custodia sobre os seus fillos (Morcillo, 2015: 360-361). Así as cousas, a figura do marido vai exercer a xefatura familiar e a autoridade marital sobre o patrimonio da familia. Rosario Ruiz (2019) sinala o articulado do Código Civil onde se sanciona o estatus de menor para as mulleres:

> […] las mujeres eran consideradas "inhábiles" para ser tutoras, igualándolas a condenados o dementes (artículo 237) y eran consideradas incapaces para dar o recibir donaciones al no poder disponer de sus bienes (artículo 626) y no podían prestar consentimiento ni ser albaceas (artículo 839) (p.241).

[5] Aínda que utilizaremos o concepto de "anxo do fogar" somos conscientes da diferenza existente entre o "anxo do fogar" decimonónico e o que viría a representar o prototipo de feminidade franquista. Inmaculada Blasco (2005: 57) e Uxía Otero (2023: 334) sinalan as diferenzas entre ambos modelos e a necesidade de contextualizar historicamente este arquetipo anxelical, para evitar que se converta nunha fórmula recorrente e carente de matices.

Nesta situación de subordinación, dificilmente se contempla posibilidade algunha de independencia económica para as mulleres casadas, como tampouco de capacidade xurídica. Coa década dos anos cincuenta empezan a manifestarse voces que demandan modificar a situación legal da muller, entre as que destacan as avogadas, Mercedes Formica e María Telo (Sarasúa & Molinero, 2009: 321). Sumaranse distintos órganos colexiados da avogacía manifestado a necesidade de revisar o *status* xurídico da muller, motivo polo cal o novo gabinete ministerial constituído en 1957 promoverá a revisión da lexislación e, finalmente, o 24 de abril de 1958, Franco promulga cambios no Código Civil. A nova lexislación contempla melloras para as mulleres, solteiras e casadas, - aínda que mantéñense algunhas das limitacións do Código anterior- entre as que cabe destacar a consideración de *hogar conyugal,* en lugar de *casa del marido,* ou que sexa necesario o permiso da esposa para que o marido administre os bens gananciais, quedando as mulleres legalmente menos desprotexidas (Morcillo, 2015: 362).[6]

Como é de esperar, a lexislación republicana en materia de dereito laboral será tamén obxecto de derogación ou modificación por parte do réxime. Entre a lexislación franquista cabe destacar o *Fuero de los Españoles* e o *Fuero del Trabajo* de 1938, primeira *ley Fundamental* elaborada para restrinxir o traballo feminino. O *Fuero del Trabajo (II, artículo 1)* recolle a responsabilidade do Estado na defensa do traballador, da súa vida e do traballo laboral, e puntualiza: "[...] En especial prohibirá el trabajo nocturno de las mujeres y los niños, regulará el trabajo a domicilio y liberará a la mujer casada del taller y la fábrica". O franquismo, co respaldo de criterios xurídicos e médicos, defende esta lexislación como necesaria para "salvaguardar la salud y la honestidad femeninas". Aínda que desde o ámbito xudicial apláudense igualmente estas medidas en relación ao traballo feminino fóra do fogar, por consideralo un "arte lucrativo" ou un "afán inmoderado de lucro" de nocivos efectos, en realidade o traballo das mulleres nese momento non está motivado por aspiracións de carácter persoal, se non que, maioritariamente, responde a unha grave situación de carestía (Ruiz , 2019: 243).

Nos anos corenta e cincuenta posiblemente as vidas de segmentos amplos de mulleres non se viron cualitativamente modificadas con respecto ao período anterior - entre outros motivos porque as políticas da ditadura franquista para a muller concordan coas da Igrexa-, pero, isto non quere dicir que non houbera elementos de ruptura respecto ao réxime republicano. Para empezar, a eliminación de dereitos civís das mulleres será un requisito para implantar un proxecto político organicista cunha clara concreción nos espazos masculino e feminino que evite

[6] Outros avances serían, por exemplo, que en caso de matrimonio nulo, a muller pode reclamar a metade dos bens e propiedades da unión, ademais de asumir a administración das súas propias posesións; ou que o adulterio pasa a ser motivo de separación, tanto para as mulleres como para os homes.

o caos social. Na disciplina social do réxime, o Estado exerce de "cabeza de familia " ao que todos os membros deben obediencia (Sarasúa & Molinero, 2009: 315-316).

Non será ata o ano 1961, coa promulgación da *Ley de Derechos Políticos, Profesionales y Laborales de la Mujer ,* cando o réxime decide redefinir o papel patriótico da muller a causa dos cambios socioeconómicos que vive o país. Pese a asumir a necesidade de que as mulleres se incorporen ao mercado laboral, estas farano como "axuda" económica aos seus maridos e sen abandonar os seus deberes. Aurora Morcillo considera que o réxime quere nacionalizar a forza de traballo da poboación feminina e delimitar rigorosamente as relacións de xénero, como reza o discurso do *Secretario General do Movimiento*, Herrero Tejedor:

> [...] adecuar las normas de nuestro ordenamiento a la real dignidad humana de la mujer, partiendo de sus virtudes y permitiéndole el desarrollo de su fundamental abnegación, que unas veces se entrega en el hogar al cuidado y al amor de la familia y otras se sublima en el esfuezo por levantar las cargas de la casa o prestar su colaboración valiosa en el servicio a la comunidad nacional mediante el trabajo.[7]

Pero ese posible acceso da muller ao ámbito do público non a exime en modo algún das súas obrigas domésticas e debe obedecer e apoiar ao marido, ademais de facer a súa aportación ás metas nacionais sen ningún tipo de cuestionamento. A familia segue sendo a "a razón de ser" das mulleres:

> La familia, los hijos, exigen la presencia de la mujer en el hogar, y nosotros deseamos también conseguir para ella esa dedicación, porque ella es la base de la unidad y del cariño que liga todos los componentes de la familia. Así lo exige nuestra condición cristiana y también nuestra propia doctrina política, que hace de la familia una estrucutra básica de la comunidad.[8]

A defensa desta Lei que fai Pilar Primo de Rivera en nome da SF segue a mesma liña, comeza aclarando que non perseguen a igualdade entre homes e mulleres, puntualizando que a incorporación da muller ao mercado laboral obedecería a causas de forza maior e non ao cumprimento dun dereito (Morcillo, 2015: 365-366).

Por último, queremos referirnos aos servizos obrigatorios á comunidade, en particular ao *Servicio Social de la Mujer*, creado tomando como referencia o Servizo de Traballo alemán

[7] "Discurso del excmo. Sr. D. Fernando Herrero tejedor", *Derechos políticos, rofesionales y del trabajo de la mujer.* Madrid, Imprenta Nacional del BOE, 1961, p. 12. Citado en Morcillo, 2015: 364)
[8] Ibid, p.15

(*Arbeitsdiennst*). A *Sección Femenina* (a partir de agora SF) encárgase de xestionar este servizo obrigatorio desde 1937 para toda as mulleres solteiras con idades comprendidas entre os 17 e os 35 anos, que sexan tituladas universitarias ou que quixeran exercer unha profesión colexiada; que queiran acceder, mediante oposición ou concurso, a un emprego do Estado ou do *Movimiento*, ou a un traballo nunha empresa que desfrute dalgunha subvención estatal; ou para obter o carné de conducir e o pasaporte. No ano 1946 esa obrigatoriedade esténdese ás mulleres obreiras e persoal feminino subalterno, e considerarase un valor engadido na busca de emprego.

A obrigatoriedade do *Servicio Social de la Mujer* preséntase como a mellor oportunidade da SF para contactar coas mulleres. Este servizo, inicialmente en mans de Auxilio Social, quere fomentar nas mulleres o "afan de servicio". Non obstante, as falanxistas, conscientes de que, en xeral, non ten moito éxito entre as mulleres, amplían a oferta de modalidades para cumprir a prestación, incluídas "fórmulas de excepcionalidade" que dan lugar a todo tipo de artimañas por parte das mulleres, co obxecto de acabar o antes posible este servizo.[9] A SF logra que o *Servicio Social* sexa un requisito para a formalización de calquera contrato laboral, pero a realidade amosa que non tivo apenas efecto, por falla de control sobe os empregadores ou porque en moitos casos non existe un contrato de por medio.

Como se pode observar, o carácter autoritario do réxime franquista non deixa lugar á dubida. A súa presenza chega a todos os ámbitos da existencia das mulleres, incluso a aqueles que, entendemos, entrarían no terreo máis persoal. Nos seguintes apartados rastrexaremos como as distintas organizacións encargadas de xestionar a política social trasladan esta ideoloxía ás súas accións. Ademais, prestaremos especial atención á SF, como a institución do réxime oficialmente encargada de facer do modelo de "anxo do fogar" unha realidade; sen esquecer á Igrexa católica, que, con diferente estratexia, intenta igualmente "chegar ás mulleres".

2.2. A xestión da política social franquista: o Ministerio de Trabajo e a Organización Sindical Española (OSE)

Carme Molinero sinala que son tres as institucións que permiten abordar a análise da política social do franquismo. A primeira é o *Ministerio del Trabajo*, a segunda é a *Organización Sindical Española* (OSE*)* -aínda que en menor medida e especialmente a través da OSH e a terceira sería a SF, que fará o posible por levar a presenza do Estado a toda a xeografía española. Aínda que se trata de organizacións distintas, todas elas teñen en común estar baixo o control do falanxismo, o que fai posible unha sintonía que se verá reflexada nas políticas e accións que lles competen.

[9] De entrada, este servizo ten unha duración de seis meses, tres deles baixo a formación impartida pola SF sobre contidos morais, domésticos e sociais, seguidos doutros tres meses de traballo non remunerado en institucións do Estado (Barrera, 2019: 249).

O *Ministerio de Trabajo* encárgase de xestionar a política laboral e tamén ten competencias na previsión social. (Molinero, 2005: 73; 2006: 99-101).

Na xestión da política social, a esfera gobernamental terá moitas máis competencias que a sindical, pero iso non resta valor á OSE, nin ás súas *obras* asistenciais, no desempeño da faceta simbólica do réxime (Molinero, 2005: 73; 2006: 99). O feito de que o peso político de FET-JONS na organización do Estado non teña o seu correlato a nivel ideolóxico, non debe levar a engano; é dicir, que o falanxismo non chegue a constituírse como o referente ideolóxico en España non significa que non teña cotas de poder [10]- como se infire das responsabilidades que o réxime encomenda aos falanxistas-, cando menos ata a ano 1957.[11] Con todo, sen obviar a entidade do *Movimiento*, o réxime asegúrase de non concederlle nin a autonomía nin os recursos necesarios para levar a cabo os seus programas, o cal se traduce en que *Falange* e a OSE serán as responsables da política social, cando menos en teoría (Ortiz & González, 2018: 45).[12] Unha posible razón deste contradición sería o carácter secundario que en relaidade terían as políticas sociais para o franquismo, como postulan M. Ortiz Heras e D. González Madrid (2018: 45) cando afirman que *"en el caso español, a pesar de la retórica falangista, las políticas sociales nunca fueron una prioridad para el régimen".* Desta situación dedúcese que o sindicalismo nacional operará como un elemento ao servizo da política nacional (Molinero, 2005: 77-80).

2.2.1. Ministerio de Trabajo

O *Ministerio de Trabajo* , en mans de falanxistas, ten á fronte a José Antonio Girón dende 1941 ata 1957. Girón defenderá durante todo o seu mandato a complementariedade do Ministerio e a OSE na consecución dunha única política falanxista. A estreita colaboración co sindicalismo vertical fará posible controlar a conflitividade social que poida xurdir (Ortiz & González, 2018: 45).

O mito da *madre-patria* protectora dos seus membros está moi presente no discurso do Ministerio, pero, en realidade, a política de previsión social deste organismo ten como obxectivo

[10] O franquismo delega no partido único, *FET y de las JONS*, algunhas funcións clave para asegurar o mantemento do réxime, tales como a articulación do seu marco ideolóxico ou a dirección das organizacións creadas co fin de encadrar á sociedade, entre as que destaca especialmente a *Organización Sindical de España (OSE),* a través de diversas *Obras* e, en menor medida, a SF ou o *Frente de Juventudes* (Molinero, 2005: 75).

[11] A dependencia que sempre terá Falange do ditador, o seu esgotamento ideolóxico e a crecente marxinación política, tras a caída dos fascismos en Europa, van incrementádose co paso dos anos. Non obstante, existe certo consenso á hora de recoñecer o poder e a influencia do *Movimiento* no período comprendido entre 1939 e 1957 (Ortiz & González, 2018: 45).

[12] Pese a que, desde o inicio, o ditador proclamase a súa vontade de establecer unha nova orde nacionalsindicalista, orde que implicaría xustiza social, traballo e benestar para a *comunidad nacional* (Molinero & Ysás, 2003: 256).

potenciar as políticas do réxime nos ámbitos demográficos e de xénero, ademais de integrar ás masas na vida nacional (Molinero, 2005: 86).

A política da *Obra de Previsión Social* representa a política de protección da familia. O *Régimen Obligatorio de Subsidios Familiares,* aprobado o 18 de xullo de 1938, é un claro exemplo de como estas políticas incorporan a ideoloxía de xénero do réxime, desincentivando o traballo feminino e fomentando o modelo patriarcal de familia, como se infire dun extracto da declaración da *Ley de Subsidios Familiares:*

> […] otorgar al trabajador-sin perjuicio del salario justo y remunerador de su esfuerzo- la cantidad de bienes indispensables para que, cuando la prole sea numerosa, y así lo exige la Patria, no se rompa el equilibrio económico del hogar y llegue la miseria, obligando a la madre a buscar en la fábrica o en el taller un salario con que cubrir la insuficiencia del conseguido por el padre, apartándola de su función suprema e insustituible, es la de preparar a sus hijos, arma y base de la nación, en su doble aspecto espiritual y material (*Instituto Nacional de Previsión*, *la Ley de Subsidios Familiares. Su doctrina. Normas para su implantación*, p.7. Citado en Molinero, 2013: 192).

A *Ley de Subsidios Familiares* apróbase para *"elevar y fortalecer la familia en su tradición cristiana*" e para cubrir as necesidades económicas das familias cando os ingresos aportados polo cabeza de familia resulten insuficientes, co fin de evitar que a muller se vexa na obrigar de traballar fóra do fogar, "*apartándola de su función suprema e insustituible que es la de preparar sus hijos, arma y base de la Nación, en su doble aspecto espiritual y material*".

Se ben a efectividade desta medida limítase máis ben a aspecto propagandístico, convén sinalar a clara intención disuasoria do traballo feminino que a lei contén, pois o feito de que un varón estea casado cunha muller traballadora supón a expulsión deste do réxime de subsidios familiares (Ortiz & González, 2018: 67).

Ante o escaso éxito da lei, o *Ministerio de Trabajo,* consciente da perda do nivel adquisitivo da poboación, orquestra unha nova fórmula que lle permite manter o discurso do fortalecemento da familia: o *Plus de Cargas Familiares*, popularmente coñecido como os "puntos". Este sistema establece un incremento do salario dos traballadores casados en función do número de fillos; pese a tratarse de cuantías mínimas, non son despreciables tendo en conta os baixos salarios percibidos nos anos 40 e 50 (Molinero, 2013: 192; 1998: 113-114).

O 27 de decembro do ano, 1938, apróbase unha orde do *Ministerio de Trabajo*, sobre "Trabajo de la mujer y del niño", que non fai outra cousa que aumentar as limitacións ao traballo

feminino. No seu preámbulo dita orde sinala que "la tendencia del Nuevo Estado es que la mujer dedique su atención al hogar y se separe de los puestos de trabajo". E no seu artigo primeiro establece que nas Oficinas de Colocación se separarán as inscricións das mulleres e dos homes e nas demandas de emprego presentadas polas mulleres deberán incluír a seguinte información: Nome e situación do marido; profesión deste; se traballa; onde e salario percibido; fillos que teñen e idade e sexo dos mesmos. Para, no cuarto artigo, establecer a prohibición de emprego da muller casada, cando o seu marido teña uns ingresos superiores a unha cantidade determinada (Molinero, 1998: 113-114). Con estas restricións, vixentes ata 1959, inténtase que as mulleres non se inscriban nas listas oficiais de desemprego (Ortiz & González, 2018: 67).

Na década dos corenta as regulamentacións de traballo seguen a mesma política de limitar o acceso ao traballo para as mulleres. Así, a *Ley de Reglamentaciones de Trabajo* (1942) lexitima o despido por matrimonio, que pasará a ser voluntario a partir de 1961 e manterase vixente durante toda a ditadura. Ese abandono forzoso do posto de traballo pretende ser compensado cunha indemnización económica coñecida como "dote", que ascendía a unha mensualidade por ano traballado ou, no mellor dos casos, podía acumular ata 5 ou 6 mensualidades; difícil de conseguir, tendo en conta que moitas delas traballaban sen contrato, cando menos durante a etapa de aprendizaxe (Marías, 2011: 436). Nas empresas estatais o control establécese no propio ingreso, obrigando ás mulleres a asinar a renuncia ao posto de traballo que se fai efectiva cando casan; a Administración pública, pola súa parte, directamente veta a contratación de mulleres casadas (Ruiz, 2019: 245). Se, pese a todas as trabas, as mulleres casadas queren reincorporarse ao traballo, a *Ley de Contrato de Trabajo* de 1944 establece que deben contar coa autorización do marido, quen ten a potestade de negar á súa esposa a capacidade para cobrar directamente o seu salario. Outra medida disuasoria é a de expulsar do réxime de subsidios familiares aos varóns casados con mulleres traballadoras.

Cuestión aparte, pero non menor, son as medidas desincentivadoras, especialmente a discriminación salarial que padecen as mulleres. A discriminación salarial é legalmente ratificada polo réxime e alcanza un grao tal que moitas mulleres vense obrigadas a abandonar o emprego formal e a optar por mercados de traballo menos regulados, pese a contar coa preparación necesaria para ocupar postos cualificados (Marías, 2011: 438).

Tamén existe regulación nas profesións ás que poden acceder as mulleres; isto é, as profesións femininas que o réxime califica de "carreras o profesiones femeninas", baseándose

no determinismo biolóxico e nas diferencias de xénero.[13]. A estas trabas legais debemos engadir a presión social e a moral conservadora da época, contraria á formación superior da muller, por considerala incompatible coa feminidade e coa función maternal (Marías, 2011: 439).

Con todo, o réxime non obtén o resultado esperado réxime, como se conclúe do feito de que moitas mulleres decidan non casar, e vivir en parella, para así manter o seu posto de traballo. Este comportamiento é totalmente contrario á moral franquista (e, por descontado, á católica), que busca obstaculizar a presenza das mulleres na esfera pública, para salvagardar a súa honra e que cumpran a súa función principal no coidado da familia; nese sentido, o réxime parece amosar unha maior permisividade co traballo a domicilio ou a media xornada, por considerar que se evita a condeable situación do abandono do fogar.[14]

Os cambios que se producen nos anos sesenta tamén se reflexan na lexislación laboral. A "*Ley sobre derechos políticos, profesionales y laborales dede trabajo de la mujer*" supón a ampliación das profesións "válidas" para as mulleres, aínda que se mantén o veto ao acceso á carreira xudicial e ás Forzas Armadas. A lei permite ás mulleres facer contratos de traballo e contempla a igualdade salarial de homes e mulleres polo mesmo traballo realizado. Pola contra, a obriga de contar coa autorización marital para o acceso da muller casada ao mercado laboral seguirá vixente ata o ano 1975 (Borderías & Pérez-Fuentes, 2009: 345)

Pensamos que o exposto neste apartado amosa a intencionalidade das políticas do *Ministerio de Trabajo* en relación coas mulleres. A continuación veremos como a *Organización Sindical* segue a mesma dinámica, especialmente a través da *Obra Sindical del Hogar* (a partir de agora OSH), pola *simbiose* entre as mulleres e o fogar que o réxime quere institucionalizar.

---

[13] Baixo ese criterio establécense como profesións adecuadas as de: secretaria, modista, comisionista ou representante, institutriz, mestra, practicante, institutos de beleza ou telefonista. Dentro do ámbito universitario "para las mujeres inteligentes y aficionadas al estudio" serían "las más indicadas": "Filosofía y Letras y Farmacia", segundo se detalla na revista *Y* (*"Carreras para la mujer", Y. Revista para la mujer,* nº 44, 1941, p. 19. Citado en SA, 2019: 247).

[14] Cristina Borderías e Pilar Pérez-Fuentes explican a participación das mulleres nos mercados sumerxidos como unha estratexia de adaptación. Así, o traballo feminino no domicilio permite ás mulleres compatibilizar a súa presenza no fogar e no mercado laboral non regulado, ou informal, sen transgredir o modelo de domesticidade, senón adaptándoo a procederes que non alteren o monopolio masculino nos mercados regulados de traballo, ocupando elas o cupo dos traballos informais Un exemplo deste mercado sumerxido é aceptar hóspedes na casa, a oferta habitacional está totalmente superada ante o intenso movemento migratorio campo-cidade. Esta fórmula permite aumentar os ingresos familiares, sen que a muller saia da casa (2009: 287). A permisividade do réxime ante este tipo de actividade económica podería ter que ver coa súa utilidade para aliviar, aínda que sexa minimamente, o grave problema habitacional que se agudiza na década de 1950.

2.2.2. Organización Sindical Española (OSE), as Obras Sindicales

A política social xestionada pola OSE será un dos ámbitos de maior profusión propagandística, tanto co obxecto de aumentar o grao de adhesión entre a poboación como de manter a cohesión das súas propias bases e cadros.

No apartado anterior coméntase a limitación na axencia da *OSE* a causa da falla de autonomía política á hora de deseñar e desenvolver os programas asistenciais (Lanero, 2014a: 131). Pese a que a lexislación do réxime concede carta de natureza ao sindicalismo vertical (baixo a disciplina política falanxista), isto non vai implicar a delegación nos sindicatos verticais de funcións significativas na xestión da política económica e social do réxime, senón que este mantén o liderado gobernamental e deixa ao sindicalismo nunha posición secundaria, subordinado ao *Ministerio de Trabajo,* por ser o organismo con potestade de aprobar as reglamentacións de traballo, e con ela a regulación dos salarios e das condicións laborais dos *productores* (Bernal, 2024: 333-334).

Con este punto de partida, a OSE xestionará a política social consciente de que esta política conforma o substrato que dará forma ao concepto de *comunidad nacional* no que o Réxime pretende enmarcar á poboación española. Nesta "comunidade", o Estado significase como *asistente* e o groso da poboación é significado como os seus *fillos asistidos*, sempre co obxectivo de fortalecer a adhesión ao réxime (Lanero, 2014b: 145-146). Carme Molinero (2005: 85) defíneo como segue: "*El discurso social franquista tenía como objeto [...]- alimentar el mito de la madre-patria que protege a todos sus miembros"*. A materialización do binomio "asistente-asistidos" correría a cargo de distintas *Obras Sindicales,* como a OSH, a *Obra Sindical de Previsión Social* (desenvolvida polo *Ministerio de Trabajo),* entre outras, co apoio da *SF*, que desenvolverá o seu labor asistencial co obxectivo de adoutrinar ás mulleres e, a partir delas, controlar tamén ás familias.

As *Obras Sociales* nacen como organizacións do Partido e do Estado. O *Ministerio del Interior* senta as bases para a posterior elaboración dun proxecto de lei nesta materia, e comeza por diferenciar a beneficencia mediante actividades privadas, da realizada a través de actividades públicas, consideradas como a "*realización de la comunidad nacional*", de modo que a "*beneficencia pública*" pasará a denominarse "Asistencia Nacional" (Molinero, 2005: 128). Entre as nove *Obras* creadas interésanos a do *Servicio Social de la Mujer* (comentada no apartado 2.1.); a "*Obra nacional de Protección de la Madre y el Niño"*, coa finalidade política de dar resposta ao interese demográfico do Estado Nacional-Sindicalista; e a *OSH*, que trataremos no apartado 3.2.

As obras asistenciais quedan vencelladas á Organización Sindical. En xaneiro de 1942 promúlgase unha orde que regulariza a acción asistencial a través das *Obras Sindicales.* O seis de marzo de 1946 apróbase o *Estatuto de la Función Asistencial*, e no seu título I xa se establece que a función asistencial é competencia da Organización Sindical, aínda que a linguaxe entre as dúas normas cambia para adaptarse ao contexto internacional; así, da "asistencia nacional" pásase a unha "asistencia nos valores éticos". O cambio afecta tamén á autonomía das *Obras* que se resume nun maior control da liña de mando, en detrimento do control provincial (Molinero, 2005: 130-135).

En realidade o alcance das accións asistenciais foi moi limitado, pero favoreceron o consenso para o réxime dende a esfera sindical. Das nove *obras* existentes é a de *Hogar* a que recibe maior inversión, dentro dos limitados recursos cos que contan estes organismos.

A Obra Sindical de Previsión Social

Desde 1941, a *Obra Sindical de Previsión Social* é unha obra máis da OSE, coa misión de colaborar co *Instituto Nacional de Previsión (*INP), entre outras. Dirixida por Mercedes Sanz Bachiller, fundadora de Auxilio Social, esta *Obra* centra a súa actividade no rural, cunha dotación de *corresponsales* que se encargan de xestionar subsidios e outro tipo de axudas que as persoas beneficiarias perciben como unha axuda do réxime, polo que supón unha vía de audoutrinamento con posibilidades de éxito. Entre os subsidios existentes, o familiar e o de maternidade son os máis importantes, pero en realidade as falanxistas axudaban a tramitar calquera tipo de seguro social en colaboración co INP.

Un dos problemas que caracteriza á OSE é o elevado número de organismos que dela emanan, co consecuente risco de dispersión sobre todo cando existen deficiciencias a nivel operativo. Os numerosos organismos implicados na implantación das medidas de da política social dificultan a súa xestión, unha cuestión que se verá agravada pola excesiva burocracia e pola presión dos intereses económicos existentes no sistema. Con todo, o falanxismo fará o posible por manter baixo o seu control a política social.

A protección social, a protección da maternidade e da saúde da poboación van ter unha dimensión nacional, no sentido de que o obxectivo último non é tanto o benestar da poboación como o de que esta aumente en número, co propósito afianzar o país nun contexto internacional que non o recoñece e nun contexto nacional que non lle amosa a afección no grao que o réxime desexaría. Con ese fin, a *Ley de sanidad maternal e infantil* de 1941 pon en marcha un sistema de asistencia pediátrica e de puericultura en centros de hixiene rural, con campañas realizadas polas divulgadoras sanitarias de SF. O sistema é precario, pero permite ás falanxistas ampliar o

control sobre as nais e os seus fillos. A SF será a responsable da *Obra Nacional-Sindicalista para la Protección de la Madre y el Niño,* que ten como finalidade mellorar a saúde de nais e fillos, pero non como un dereito á saúde, senón porque da súa saúde depende en boa medida o fortalecemento de España (Molinero, 2005: 166; González & Ortiz, 2018: 367-368).

A partir dos anos sesenta, con motivo do desenvolvemento económico, agudízase a presenza da OSE para lexitimarse a través de accións encamiñadas a mellorar o nivel de vida da poboación (Ortiz & González, 2018: 46). Un exemplo destas prácticas sería a propaganda realizada pola OSE, concretamente pola OSH, difundindo os actos nos que conxuntamente se celebra a entrega dos títulos das vivendas ás persoas beneficiarias e o nomeamento dos novos Enlaces sindicais *electos* de empresas da localidade, como veremos no grupo *Compostela*.

No *desarrollismo* a OSE buscará a lexitimidade xa non na vitoria na guerra, senón no aumento do gasto social derivado do crecemento económico. En cambio, as investigacións a este respecto apuntan a que non existe ese incremento nos recursos económicos destinados á política social. Nese sentido Ortiz e González afirman que a nova política económica non contempla un incremento no gasto público, máis ben o contrario, como se deduce do recorte que provoca a aplicación do *Plan de Estabilización* de 1959 (Ortiz & González, 2018: 47).

2.2.3. A Sección Femenina

Debido á importancia da *Sección Femenina* (a partir de agora SF) nas políticas de xénero do franquismo veremos, aínda que superficialmente, a adaptación desta organización aos cambios sociais acontecidos no período de análise (1950-1970), sen liberar nunca á muller da que consideran é a súa principal función, como nai e esposa ao coidado do fogar.

En outubro de 1934, a *SF* institúese como a organización feminina de Falange, aínda que non sen dificultades.[15] Os Estatutos, aprobados en 1937, recollen de forma inequívoca o servizo e a subordinación das falanxistas aos varóns do partido; unha submisión que tratarán de inculcar ás mulleres españolas obxecto de audoutrinamento.[16]

[15] A incorporación da organización feminina en *Falange* xenera resistencias entre os dirixentes falanxistas, que ven desvirtuada a identidade masculina do seu proxecto. O propio José Antonio Primo de Rivera defende o carácter viril do novo movemento, un rasgo, por outra parte, moi característico da masculinidade fascista, referente para os falanxistas (Barrera, 2019: 35). En cambio, non existe oposición á entrada das mulleres no SEU, *Sindicato de Estudiantes Universitarios*, porque, dese modo o brazo estudantil do movemento convértese na vía de acceso das mulleres ao proxecto falanxista; contar cunha sección de mulleres dentro do SEU amplía as posibilidades de acción de Falange, tendo en conta que o estendido paternalismo co xénero feminino converte ás mulleres en elementos pouco sospeitosos e, polo tanto, moi útiles nas accións propagandísticas (Muñoz, 2019: 764).

[16] "La sección femenina de la Falange nació con los comienzos del movimiento nacional-sindicalista, porque aquel movimiento arriesgado, varonil y difícil necesitaba, precisamente por su fortaleza, el más

A consecución do encadramento das mulleres pasa necesariamente por lograr unha ideoloxía uniforme entre a poboación feminina, sempre en consonancia coa do réxime franquista. Por esta razón, o réxime non so acepta a existencia da *SF,* senón que será o propio Franco quen en decembro de 1939 ratifique, en forma de decreto, a responsabilidade da organización feminina falanxista na formación e tutela das mulleres españolas. Esta responsabilidade exclusiva da SF amplía o seu campo de acción, asumindo a planificación e o desenvolvemento de programas dirixidos á propaganda e á educación da poboación feminina, para o cal resulta imprescindible contar con mandos formados que actúen nas distintas rexións do territorio (Richmond, 2004: 31). [17]

A SF intentará limitar a presenza das mulleres no mundo laboral "extradoméstico", para que concentren a súa actividade no coidado da familia e na boa administración da economía doméstica. O ideal de domesticidade maniféstase na aceptación do traballo feminino sempre e cando sexa provisional e realizado por mulleres solteiras e sen fillos. É dicir, a tutela da SF sobre as *produtoras* parte do convencemento de estar ante un fenómeno transitorio que debe superarse o antes posible. As funcións femininas son as xa mencionadas, a de nai e esposa ao coidado do fogar, cunha capacidade de abnegación e sacrificio ilimitadas que as converte nun elemento imprescindible na construción e mantemento do *Nuevo Estado;* esa forma de estar no mundo que predican a SF para as mulleres, ten moi pouco que ver coa vida que levarán as falanxistas, especialmente no caso dos mandos.[18]

fino complemento de la labor femenina para asistir y aliviar las derivaciones de sufrimiento que la conducta heroica de la Falange ocasionaba. […] (Anexo en Gallego, 1983: 215).

[17] Tras o Decreto de Unificación de *FE de las JONS* e a *Comunión Tradicionalista* promulgado por Franco en abril de 1937, ten lugar un enfrontamento aberto entre as faccións femininas: a SF, representada por Pilar Primo de Rivera, encargaríase da mobilización e formación das mulleres; Auxilio Social de Acción Católica, con Mercedes Sanz Bachiller, estaría á fronte da misión benéfica; e o sector feminino tradicionalista, as carlistas ou "*Margaritas"*, de María Rosa Urraca Pastor, faríase cargo de "*Frentes y Hospitales*". O conflito de competencias -máis acentuado entre SF e Auxilio Social, polo control do "Servicio Social de la Mujer"- resólvese finalmente no ano 1939, en favor da SF, fortalecendo á organización falanxista e á figura de Pilar Primo de Rivera (Barrera, 2019: 58-61; Gallego, 1983: 57-60). Sobre as diferenzas entre a *SF* e Acción Católica véxase: Blasco, I. (2005). "Sección Femenina y Acción Católica: la movilización de las mujeres durante el franquismo". *Gerónimo de Uztariz,* 21, 55-66.

[18] A contradición entre as mulleres da SF e a mensaxe que queren transmitir recóllese no título do artigo de Marie-Aline Barrachina: "*Ideal de la mujer Falangista. Ideal Falangista de la Mujer"* (1991). Esta cuestión é obxecto de análise en traballos de historiadoras como Inmaculada Blasco, Kathleen Richmond, Marie-Aline Barrachina, ou máis recentemente Sofía Rodríguez, Sescún Marías, Begoña Barrera entre outras, que sinalan as contradicións entre o modelo feminino que representan as mulleres da SF, en especial os mandos (mulleres cultas, solteiras, sen fillos, "independentes "e activas na esfera pública e política) e o modelo feminino que inculcan ás mulleres e nenas españolas, centrado no sacrificio e na entrega abnegada á familia; na subordinación ao marido; na invisibilidade fóra do fogar e na boa xestión da casa. Rodríguez sinala que a solteiría das falanxistas, máis que a unha obriga ou imposición, respondería

En todo caso, a estandarización do modelo oficial do "Anxo do fogar" non logra impedir que existan outros modelos, como cabe esperar cando se quere impor un modelo único sobre unha poboación heteroxénea, como é a feminina, que asiste, con maior ou menor implicación, a un proceso de cambio social, económico e tamén ideolóxico (Marías, 2009: 123). En palabras de Carme Molinero (2005: 108): "[….] la SF fue desde la instauración de la dictadura franquista, un órgano burocrático al servicio del poder que [….] cumplía funciones adoctrinadoras, educativas y asistenciales".

En liña co anterior, as estratexias desenvolvidas pola SF en prol dese adoutrinamento aplícanse dende distintos ámbitos en función do colectivo ao que vaian dirixidos. A flexibilidade no discurso, e na práctica, é unha constante nos máis de corenta anos de vida da organización e está moi presente na consecución do seu obxectivo último, que non é outro que o de chegar ao maior número de mulleres – con independencia de que cumpran ou non co modelo de feminidade que elas promulgan (Marías, 2013: 151-152). Dende este punto de vista, non sorprende que a SF faga uso de todas as vías ao seu alcance: a socio-asistencial, a formativa e a sindical. Cada ámbito terá un maior ou menor protagonismo, dependendo da evolución do réxime no tempo e da situación das mulleres susceptibles de ser adoutrinadas. Neste traballo centrarémonos na faceta socio-asistencial, pola súa relación coa vivenda.

A faceta socio-asistencial da SF

Nos anos 40, en plena posguerra, a SF contacta coas familias humildes españolas exercendo de intermediaria entre as mulleres e os servizos asistenciais do réxime e desempeñando unha dobre función a nivel asistencial: por unha parte encargándose directamente da realización das accións, como é o caso da xa mencionada *Obra Nacional-Sindicalista para la Protección de la Madre y el Niño*; e, por outra obtendo a información necesaria para xestionar as peticións de pensións, subsidios ou calquera axuda material ofrecida polo Estado.

A figura da *visitadora social* da SF será a encargada de facilitar a información sobre as familias solicitantes de axudas, o denominado "informe social". A crítica situación económica propicia que esta vía resulte ser efectiva á hora de contactar coas mulleres. Así, o contacto das visitadoras sociais da SF coas familias que viven en condicións insalubres será habitual á altura dos anos 60. As visitadoras chegan aos barrios máis marxinados, aos barrios pobres ou ás *Unidades Vecinales*

á situación ideal para a promoción profesional, para gozar dunha maior independencia e ter a posibilidade de realizarse como persoas a través do traballo (Rodríguez, 2005: 54).

de Absorción (UVA) nos suburbios, onde a expansión da infravivenda non fai máis que medrar.[19] Nestes lugares, a *SF* aportará informes sobre as familias en base aos cales se decidirá a concesión dunha vivenda social. En 1955, o por entón director do INV, Valero Bermejo, concede unha entrevista á revista *Teresa* da *SF* na que explica o papel das falanxistas en relación coa vivenda social:

> La información la hace totalmente la Sección Femenina […] las camaradas de la sección femenina de Madrid vienen visitando estos sectores (chabolistas) y han preparado una información de cada familia: la composición familiar, lo que ganan los lugares de trabajo; han visto también lo que tienen. Ahora sobre esas fichas, se están haciendo las clasificaciones e inmediatamente empiezan los traslados… (Cotorruelo, 1960: 116, citado en Candela, 2019: 40). [20]

En opinión de Carme Molinero, o estudo do alcance real da asistencia social levada a cabo pola SF debería realizarse a nivel local, porque a súa miltancia é moi variable duns territorios a outros, desde as poboacións que descoñecen a existencia da SF a outras nas que as falanxistas son a encarnación do Réxime (Molinero, 2005: 184-185).

A pesar da lentitude, os cambios na economía son "inevitables". A SF é consciente de que a súa faceta asistencial dilúese a medida que mellora a situación económica da poboación e buscan outros "caladoiros" que xustifiquen a súas funcións. Así, a finais da década dos anos cincuenta as falanxistas deciden actuar sobre un colectivo marxinado, e ata entón desatendido, como é o das as empregadas de fogar. Unha das medidas é a creación en 1959 do *Montepío Nacional de Servicio Doméstico*, pero a precaria situación destas mulleres traballadoras ilegais non mellora en absoluto e moitas prefiren continuar sen contrato antes de recorrer a este servizo, por medo a perder o traballo e con el os ingresos. Finalmente todo queda nunha acción máis de propaganda da SF.

Das informantes beneficiarias das vivendas, tan so unha traballa fóra da casa e continúa en activo incluso despois de casar. Non recorda ter feito o *Servicio Social,* tal vez por traballar nun contexto relixioso e realizando unha tarefa "propiamente feminina", entendemos, que non representaría un comportamento reprochable para o ideoloxía do Réxime.

[19] Franco aproba a creación de centros para a asistencia social das familias que habitan estes barrios marxinados; os centros levarán o nome de "Cátedras José Antonio". Realmente chega a aplicarse en varias UVA de Madrid, non nas de Barcelona (Molinero, 2005: 183).

[20] A elaboración de informes sobre a situación económica das familias, os seus comportamentos e simpatías cara o réxime corría a cargo das voluntarias da SF. Isto acontecía sobre todo en zonas rurais e nos barrios de chabolas (Candela, 2019: 40).

> Si, eu estaba na cociña es despóis cambiáronme. […]estaba no comedor, non sabes? Estaba dándolle a comida aos nenos, e no comedor dos curas… E despóis, prejubilieme aos 64.[21]

3. AS POLÍTICAS DE VIVENDA NO FRANQUISMO, UNHA CUESTIÓN DE XÉNERO

A vivenda, a *paz social* e a *Seguridad Social* conforman os piares da política social do Réxime e os tres serán obxecto dunha intensa campaña propagandística na busca da lexitimación da ditadura; a vivenda e a sanidade serían os ámbitos nos que o partido único mantén un contacto máis próximo coas clases populares (Candela, 2019: 40).[22]

O franquismo vai desenvolver unha política de vivenda propia que se manifesta con celeridade. Así, a finais do ano 1938 os militares sublevados crean a *Junta Nacional de Casas Baratas y Económicas,* como antecedente da que será a primeira lei do Réxime nesta materia: a *Ley de Viviendas Protegidas,* aprobada o 19 de abril de 1939 (Lanero, 2023: 377). Entre as características que van identificar ás políticas de vivenda franquista están a delegación na organización sindical da xestión da vivenda social, a orientación destas políticas ás clases populares (en teoría, cando menos) e a omnipresente propaganda en todo o relacionada con esta materia. Por último, pero de relevancia para o noso estudo, convén a significación da vivenda como *fogar,* como un espazo sacralizado onde se salvagarda a integridade da familia, célula básica da organización social do Réxime (López-Carcedo, 2020: 188). A vivenda franquista constitúe un dos espazos onde o réxime escenifica mellor os roles da súa política de xénero e onde as mulleres están chamadas a converter unha simple edificación nun *fogar*.

Á altura do ano 1939, na política construtiva do Réxime coexisten organismos con atribucións ben diferenciadas en materia construtiva.[23] Pero no que compete á vivenda protexida, sobre

[21] Entrevista a C.P., 18/06/2025

[22] Un exemplo destes contactos serían as intervención da SF que, como se comenta con anterioridade, chegan tamén aos barrios pobres e aos suburbios.

[23] A actuación do Réxime en materia construtiva busca crear unha "arquitectura con sentido nacional". Isto é, a reconstrución non se vai limitar ao aspecto material, senón que debe contemplar a reconstrución moral, porque a nación ten corpo e alma e a nova edificación representará a esencia da patria, ou, dito doutro modo, o espírito do *Movimiento.* Os organismos do Réxime con competencias en materia construtiva son diversos. Por unha parte, a *Dirección General de Regiones Devastadas (DGRD*) -encargada de orientar, facilitar e, puntualmente, reconstruír os danos causados polo conflito bélico en pobos e cidades- e o *Instituto Nacional de Colonización (INC*) - que fará o propio na construción de poboados de colonización onde aplicará programas de reforma económica e social da terra, ademais de dirixir a construción de vivendas nas zonas rurais - terán unhas funcións e uns marcos de actuación diferentes dos atribuídos ao INV e á OSH que, en estreita colaboración, asumirán as diferentes xestións propiamente

todo no ámbito urbano, serán o *Instituto Nacional de la Vivienda (INV)* e a *OSH,* as institucións que, en colaboración, asuman as diferentes xestións propiamente relacionadas coa construción de vivenda protexida.[24]

Pese ás fricción existentes dentro de FET y del as JONS, as políticas de vivenda no franquismo concrétanse e van ter uns trazos distintivos. O primeiro é transformar a construción de vivenda en obxecto de negocio, co apoio de construtores privados (afíns ao Réxime) e facilitando a entrada de capital internacional interesado en investir neste sector. O resultado desta estratexia non é outro que o de converter un ben de primeira necesidade, como é a vivenda, nun ben de inversión. O segundo trazo, moi relacionado co anterior, é dar preferencia á vivenda en propiedade, en detrimento do aluguer. Esta característica da política de vivenda do Réxime terá entre os seus maiores defensores ao ministro de Vivenda, José Luis de Arrese. As leis aprobadas polo ministro Arrese teñen o propósito de construír un modelo que faga posible crear un mercado inmobiliario dirixido, ante todo, a potenciar a vivenda en propiedade. Neste sentido, non parece equivocado afirmar que a orixe do mito da vivenda en propiedade sexa política, e non cultural. Este mito xestarase nas dúas primeiras décadas da ditadura franquista e ten un alcance que vai superar as clases populares e medias, ata chegar ao conxunto da poboación. Así as cousas, non debe sorprender que a ditadura lexisle para incrementar o corpo de propietarios mediante a construción de vivenda destinada á venda e recollendo o resultado de aplicar unha política que destruirá o mercado do aluguer conducindo aos posibles inquilinos a converterse en propietarios (Zaratiegui, J.M., 2023: 2421-2424).[25]

En resumidas contas, a transformación dun "país de aluguer" nun "de propietarios" débese, en boa medida, ás políticas de vivenda do franquismo.

Nos seguintes apartados faremos unha breve exposición das causas que orixinan unha demanda de habitación sen precedentes e veremos a evolución nas políticas do franquismo e nos seus organismos para dar resposta ao problema da vivenda.

---

relacionadas coa construción de vivenda protexida, especialmente no ámbito urbano (Box, 2012: 152-158).

[24] Carlos Sambricio sinala que o liderado dos arquitectos falanxistas non é tal, senón que estará supeditado ás directrices fixadas polo Goberno. Isto é, por Franco. E proba disto é que o *Plan Nacional de Ordenación y Reconstrucción*, finalmente ocuparase de identificar aqueles edificios administrativos das distintas provincias que deben reedificarse (para a reconstrución material e moral do país) e obviará a reconstrución das vivendas destruídas (Sambricio, 2020: 62-63).

[25] As medidas de protección ao inquilino, co propósito de non empeorar a demanda de vivenda, van provocar unha acusada retracción na oferta de vivendas neste réxime de uso; tanto entre os propietarios de vivenda existente, como entre os promotores que son reticentes a aceptar proxectos para a construción de nova vivenda destinada a ese uso (Zaratiegui, J.M., 2023: 2421-2424).

3.1. A necesidade de vivenda, un problema endémico e desigual

Para entender a necesidade de vivenda no marco temporal deste estudo (as décadas de 1950-1970) é necesario mirar atrás. Na segunda metade do século XIX, as autoridades xa son coñecedoras da penosa situación de habitación que sofre a poboación con poucos recursos; ao igual que está sucedendo nos países europeos con maior nivel de industrialización, como Reino Unido ou Francia (Lanero, 2020: 13). A escasa oferta de vivenda en España garda relación co tardío e débil proceso de urbanización do país, sumado á dificultade para conseguir materiais de construción nas décadas de 1920 e 1930 (a causa da Primeira Guerra Mundial) e á lexislación sobre o aluguer, que vai provocar a inmobilización de solares e de vivendas para beneficiarse da alza nos prezos e especular co solo e coa vivenda (Llordén, 2003: 147-148). Durante a ditadura as condicións do aluguer aumentarán a protección do inquilino e decaerá máis aínda a oferta de vivenda neste réxime.

A Guerra Civil e o período autárquico que segue ao conflito, van provocar o aumento no déficit de vivenda nas cidades industriais, pese as arengas triunfalistas de Franco, que en 1939 sentencia:

> Construiremos cien mil o doscientas mil casas en un plazo relativamente breve, y lo haremos con nuestros propios medios [...] España tiene recursos sobrados para resolver el problema fundamental de la vivienda destinada a las clases medias y al proletariado». (Citado en Sambricio, 2020: 65)

As ineficaces políticas despregadas polo Réxime, sumadas ás carencias de materiais de construción - que acaban converténdose nun demandado produto do mercado negro[26]- e de man de obra minimamente cualificada, explicarían a acusada paralización na construción de vivenda ente 1939 e 1955, sen esquecer unha cuestión en absoluto trivial: a importante diminución do poder adquisitivo da poboación destinada a habitar esas vivendas. Ante esta situación, o sector privado non se anima a investir e o Réxime tampouco amosa especial interese na construción de vivendas baratas, porque as súas prioridades son outras. Dito doutro modo, mitigar a grave situación da vivenda das clases populares non é un asunto central na axenda do

[26] A forte intervención estatal dos materiais de construción e a súa xestión en cotas restritivas e vantaxosas, deron lugar a un lucrativo negocio para algunhas entidades oficiais, ou *paraoficiais*, que, aproveitando o réxime *preferencial* de materiais, venden eses materiais no mercado negro. Esta práctica non é anecdótica, senón que en moitos casos convértese na vía que os promotores teñen para conseguir este tipo de materiais, cun consecuente aumento de prezos que se trasladará ao da vivenda (LLordén, 2003: 148-1749)

Réxime franquista, pese a toda a propaganda despregada ao respecto. E tampouco o será cando a autarquía chegue ao seu fin, pois para entón a política de vivenda do Réxime dará preferencia á relación cos sectores emerxentes; isto é, sectores financeiros e da construción, sentando as bases da especulación urbanística. Mentres tanto, actuar para dotar de vivenda á poboación que vive en condicións de pobreza extrema segue sendo secundario, pese a que no *Fuero de los Trabajadores* estea recollido como unha obriga do Estado (Betrán, 2002: 28-29).

O factor de maior peso no auxe da demanda de habitación é a intensidade sen precedentes do movemento migratorio campo-cidade producido entre 1950 e 1970. O abandono da actividade agraria provoca que centos de miles de familias campesiñas emigren ás principais cidade do país, dunha forma tan masiva e acelerada que as urbes non son quen de darlles habitación.[27] En consecuencia, estas persoas non terán máis opción que asentarse en chabolas e outras formas de infravivenda nas aforas das cidades, un fenómeno en aumento que obrigará ao Réximen a modificar a súa política de vivenda social, completamente ineficaz ata os anos cincuenta.[28]

Outro motivo que vén a complicar un problema xa estrutural é o mal estado do parque de vivenda a causa da destrución derivada do conflito bélico. Pero existen outros factores alleos á guerra, xa que hai zonas que non sufriron bombardeos, nin destrución material, nas cales, non obstante, o estado das vivendas é igualmente moi precario. Isto podería estar relacionado coa resposta dos propietarios ante as limitacións impostas pola *Ley de Arrendamientos Urbanos* do 30 de decembro de 1946 ao réxime de aluguer. Estas limitacións van provocar, entre outras cousas, o retraemento da oferta de vivenda nesta modalidade de uso, o aumento no prezo das rendas e no número de vivendas desocupadas, ademais do posible desinterese en rehabilitar as vivendas con rendas antigas que os propietarios non poden actualizar.[29]

[27] Neste período prodúcese tamén en Galicia un abandono acelerado da actividade agraria, especialmente na década de 1960, debido a cambios no sector que veñen acrecentar a migración interna da poboación rural ás cidades. Carmona Badía e Fernández González sitúan nos anos 60 o momento no que ten lugar un declive na produción agrícola, fronte a unha importante especialización na produción gandeira; este sería un dos trazos máis característicos do *desarrollismo* no que ao sector agrario respecta en Galicia. Segundo os autores, o deterioro da renda agraria e a escasa extensión da concentración parcelaria explicarían, en parte, o forte impulso migratorio que acontece neste período (Carmona& Fernández, 2005: 279-281)

[28] No caso de Galicia o movemento migratorio campo-cidade obedecería á activación da economía nas urbes, con motivo do proceso de urbanización da rexión durante o primeiro terzo do século XX. Así, a poboación rural das áreas de influencia que se despraza ás urbes acabaría en parte instalándose nas periferias e nos barrios (Lanero, 2023: 380-381).

[29] Durante o século XIX e inicios do XX, España é un país de aluguer. O inicio do cambio cara a vivenda en propiedade prodúcese tras a Guerra Civil e aínda que se relacione coa idea de garantir a paz social, estabilizando unha clase media de propietarios fronte a unha clase obreira revolucionaria, o certo é que a preferencia pola propiedade incúlcase no conxunto da poboación. Non obstante, a lexislación de

Neste sentido, as informantes coinciden en sinalar as pésimas condicións das vivendas que habitan (situadas en distintas zonas de Santiago, como por exemplo Guadalupe, Entrerríos, San Pedro, Costa Vella-Pelamios, etc.) antes de que lles adxudiquen unha vivenda social. A informante R.G. sinala que "[...] Todos nos dicían que pagábamos moito, ademais era unha casa moi velliña, moi vella, pero bueno...[30]". C.P. explica "[…] Mira, eu estaba, estábache chovendo por min… Eu cando che vin paquí…, donde estaba non che tiña cuarto de baño, tiñamos un váter para todos, había un deses de madeira […]".[31] E F.R. reafirma a situación de deterioro da habitación: "A nosa casa era vella, pero bueno. Pegada á nosa había outra casa que estaba a punto de caír, estaba apuntalada… Meu pai foi ao concello e pediu unha vivenda e déronlla.[32] A informante P.A. describe a situación no entorno das vivendas protexidas de Pontepedriña:

> […] Nos eramos sete na casa e tiña dúas habitacións, a do comedor con camas de recoller … Así que prácticamente vivíamos hacinados. O cuarto de baño daba pena, a cociña era de leña ata que despois puxeron de butano. […] Cortaban a auga moi amiúdo, e a luz tres cuartos do mesmo.[33]

Polas condicións de habitabilidade das casas que aquí se describen poderíamos categorizalas como infravivenda, pese a non tratarse de chabolas, nin de covas, por entender que nalgúns casos non cumprirían unhas mínimas garantías de hixiene, salubridade e seguridade (del Arco & Román, 2020: 77). En todo caso, a dimensión do problema da vivenda que padecen as principais cidades con actividade industrial, como Madrid, Barcelona ou Bilbao, non é en absoluto comparable co contexto no que se sitúa este traballo, isto é, Santiago de Compostela.

Convén ter en conta que, dentro das familias, as mulleres son as máis afectadas polas malas condicións da vivenda. Delas depende o seu mantemento, para evitar un maior deterioro que impida a habitabilidade, pois é nese espazo onde se encargan do coidado dos fillos. Pola contra, os homes pasan boa parte da xornada fóra da casa, sobre todo traballando, pero tamén socializando.

---

aplicación ao aluguer vai ter un impacto decisivo no fomento da vivenda en propiedade. A conxelación das rendas e outras medidas dirixidas a evitar a especulación e a protexer aos inquilinos, devirá na diminución da oferta de vivendas en aluguer, por parte dos propietarios, que, ante as consecuencias derivadas das restricións legais, optarán por non investir na rehabilitación dos seus inmobles (o cal explicaría o mal estado de moita vivenda en aluguer), por ofertalos en venda ou por telos desocupados.

[30] Entrevista a R.G., 17/06/2025, Santiago

[31] Entrevista a C.P., 18/06/2025, Santiago

[32] Entrevista a F.R., 19/06/2025, Santiago

[33] Entrevista a P.A., 25/06/2025

Os organismos oficiais aportan cifras distintas sobre as vivendas construídas, pero, con todo, pensar en que tras a Guerra Civil a reconstrución das vivendas destruídas foi unha prioridade para o Réxime sería máis que discutible (Sambricio, 2020: 86). Nos anos cincuenta as chabolas empezan a formar parte da paisaxe das cidades, como unha especie de perímetro exterior que medra e medra, ás veces da noite ao día. Pese á urxencia, os intentos de acabar co problema do chabolismo serán lentos ata 1957. Ademais, as actuacións do franquismo iniciaranse alí onde haxa interese por liberar o solo para a edificación de nova vivenda ou para realizar intervencións urbanísticas moito máis rendibles que a construción de vivenda social (Sambricio, 2003: 248).

Estas prácticas pódense identificar nas entrevistas das informantes que foron expropiadas; nun caso para realizar edificacións de entidades dependentes do Estado e no outro caso para edificacións de vivenda, supoñemos que pública e privada:

> [...] o dueño que nos alquilou dixo, van a vir por aquí a preguntar. Preguntaron quen vivía [...]. E despois alí tiraron e fixeron edificios novos, fixeron si. Si, todo novo. Guadalupe edificaron todo, aquela zona está edificada.[34]

> Tirárono todo.[...] que quedou..., taba desfeito, non había casa ningunha, que non sei que puñeron pao Hospital.[...] E alí eran casas todas...[...]. A calle Entreríos estaba toda expropiada. [35]

O Réxime xustificará o retraso nas súas iniciativas, e nas da empresa privada, en base á suposta falla de solo e coa escaseza de medios materiais (Lleó, 2003:8).

3.2. Políticas de vivenda e organismos do Réxime: a OSH, o INV e o M*inisterio de la Vivienda*.

En España, dende que se aproba a *Ley de viviendas protegidas* de 1939 ata o *Real Decreto 2960/1976 de Viviendas de Protección Oficial*, non existe regulación dos solicitantes de vivenda protexida, de modo que a renda non sería un obstáculo para acceder a unha vivenda deste tipo. En realidade, o que vai determinar que unha vivenda teña a cualificación de *social* serán as limitacións impostas pola normativa en relación coa superficie a construír e o custo de execución, dous factores que abaratarán o prezo da vivenda (Solís, 2018: 343).

[34] Entrevista a M.P., realizada o día 17/06/205. A zona da Guadalupe foi completamente reedificada. Posiblemente parte desa nova edificación sexa dalgunha das fases do que do Polígono de Vite e outra parte sería de construción privada).
[35] Entrevista a R.G., 17/06/205, Santiago. A informante vivía na rúa de Entrerríos, onde derrúen as vivendas para a ampliación de instalacións relacionadas coa Universidade e o antigo Hospital Xeral.

Aínda que, como veremos, as políticas de vivenda no franquismo dependan de entidades moi concretas, que poden verse modificadas en número e competencias ao longo da ditadura, convén sinalar a outros protagonistas que son visibles nos estudos do proceso realizados especialmente a nivel local. Estes protagonistas terán capacidade de actuación nas fórmulas establecidas pola lexislación para o reparto das vivendas; como é o caso de gobernadores civís, alcaldes, concellos, burocracias administrativas, enlaces sindicais e incluso as asociacións de veciños (Solís, 2018: 344). Un exemplo destas *capacidades* podemos observalo en como unha das informantes consegue cambiar a vivenda inicialmente adxudicada por outra que lle parecía mellor:

> Daquela viñera meu pai con nos e díxenlle a meu pai: "Non vou. Eu pa aí non vou". E Santiago, que era o que estaba na Sindical das casas vellas, foi meu pai falar con el e déronme alí no parque, na esquina, había o segundo, o terceiro e o cuarto... E dixen, "non, o segundo," [...] Daquela, despois xa non, eh. Cando veu o segundo grupo xa non daban. Pa onde lle tocaran tiñan que ir.[36]

3.2.1. Lexislación precendente: a Ley de las Casas Baratas (1911, 1921, 1924)

A apremiante situación relacionada coa carencia de vivenda para as clases populares está na orixe dos primeiros intentos lexislativos que se constituirán en leis a inicios do século XX. Co obxecto de dar resposta a esta demanda social, o *Instituto de Reformas Sociales* (IRS) vén traballando dende o ano 1907 na aprobación dun Proxecto de Lei de Casas Baratas que dará lugar á aprobación da primeira *Ley de Casas Baratas*, o 12 de xuño de 1911, baixo o goberno liberal de Canalejas (Montalvo, 2003: 48-51).[37]

Casas baratas, casas obreiras, casas hixiénicas para obreiros, vivenda obreira, son algunhas das denominacións que recibiron as casas construídas en base ás tres leis con ese nome: a *Ley de Casas Baratas* de xuño de 1911, a de 10 decembro de 1921 e a 10 de outubro de 1924. A lei de 1911 nace cun dobre propósito. Por unha parte, o fomento da construción de vivendas baratas e, por outra, o saneamento daquelas edificacións existentes que non cumpran unhas condicións de hixiene e salubridade mínimas (Azpiri, 2003: 54). Pero nin a lei de 1911 nin a de

[36] Entrevista M.P., 17-06-2025, Santiago

[37] O *IRS* participará tamén na reforma da lei, para intentar corrixir os problemas da inicial. Co gallo de xustificar a reforma da lei de 1911, o IRS elabora un informe onde se detallan as que considera son as causas do fracaso da lei. Estas causas serían, concretamente, as carencias presupostarias, as políticas de subvencións inadecuadas, a escasa colaboración dos concellos e as inexistentes facilidades de crédito para os construtores, especialmente tratándose de vivendas para clases modestas onde a disposición de capital é mínima. No mesmo informe faise un chamado á intervención pública, para que desde as administracións locais se intente completar, fomentar e regular a acción privada. Estas medidas e outras servirán de base á segunda *Ley de Casas Baratas* do 10 de decembro de 1921 (Montalvo, 2003: 52-53).

1921 van ter os resultados esperados, polos mesmos motivos. Por último, a Lei de 1924, aprobada durante a Ditadura de Primo de Rivera, suporá o primeiro momento importante na construción de vivenda protexida en España. Esta le i de 1924 aplica medidas que pretenden impulsar a construción de vivendas sociais, como a emisión de débeda pública, a concesión de beneficios fiscais ou o estímulo á creación de cooperativas. Con todo, esta lei vai fracasar polas prácticas fraudulentas de moitas das cooperativas e porque a efectos prácticos esta lei fai posible a construción por cooperativas de corporacións, como é o caso de funcionarios e empregados do sector servizos, e en réxime de propiedade, pero non vivenda para a poboación con menos recursos. Os posibles avances que puideran derivarse desta normativa veranse truncados pola crise económica de 1929 (Lanero, 2023: 376-377; 2020: 14).

Así as cousas, poderíamos dicir que ningunha das tres Leis de Casas Baratas resolven o problema para o cal foron creadas, porque virían a fomentar o réxime da propiedade, en detrimento do aluguer, impedindo o acceso das clases populares á vivenda.

A Segunda República tampouco vai destacar pola concreción dunha política social de vivenda; proba disto é a disparidade de criterios nas medidas aplicadas ao longo do territorio (Sambricio, 2020: 62).[38] O contexto de crise internacional explica as accións gobernamentais enfocadas ás políticas de obras públicas nas principais cidades do país, co fin de reducir o desemprego. Esta estratexia de goberno deixa a cuestión da habitación nun segundo plano. Non obstante, pódese mencionar a *Ley Salmón*, de xuño de 1935, que promoverá a construción de vivenda en aluguer nas principais cidades e capitais de provincia, aínda que convén sinalar que se trata de vivendas dirixidas ás clases medias urbanas, non ás clases populares (Lanero, 2023: 377).

3.2.2. Evolución da política de vivenda franquista: "Queremos una España de propietarios, no una España de proletarios…"

A vivenda: de ben básico a lucrativo negocio.

A autoría da frase que figura no título deste punto é de José Luis Arrese, nomeado por Franco ministro do novo *Ministerio de la Vivienda*, creado en 1957. Arrese, falanxista convencido, arquitecto e anteriormente xeral de *FET y las JONS*, vai fomentar a adquisición de vivenda en propiedade en detrimento da ocupación en réxime de aluguer, porque, como Franco, considera que "*un propietario más, un comunista menos".*

[38] Esta falta dun discurso único nas medidas a aplicar tamén se observa no franquismo, como é o caso da construción das "*casas azules"* en Sevilla ou Granada, por iniciativa de Queipo de LLano, non van coincidir coas dos arquitectos afiliados a *Falange Española* (Sambricio, 2020: 63*).*

Entre a primeira lei en materia de vivenda do Réxime, a *Ley de Viviendas Protegida*s de abril de 1939 e a creación do *Ministerio de la Vivienda* (1957) transcorren case vinte anos nos que o Réxime lexisla para promocionar a vivenda en propiedade, en detrimento do aluguer, e para converter este ben de primeira necesidade en mercancía de negocio, a través da proliferación de empresas construtoras e de inmobiliarias que a propia lexislación estatal promove.

Como se menciona no punto 2 deste traballo, a política de vivenda representa para o Réxime franquista unha das principais liñas de actuación en materia social, en particular no ámbito propagandístico. Convén ter presente a concepción da vivenda como "fogar cristián" que o partido único defende para entender mellor as súas repercusións na vida das mulleres:

> Si bien el concepto marxista de la casa no es sino un refugio para ampararse y defenderse contra ineludibles necesidades materiales de la vida, en el concepto nacional sindicalista, además de eso, es centro de inspiración del espíritu, marco en el que encuadra la familia, lo que hace posible su existencia (*Diéguez, S. Un nuevo orden urbano: el Gran Madrid (1939-1951),* 6, 216. Citado en Sambricio, 2020: 66).

As políticas de vivenda dos anos da autarquía utilizarán á familia e especialmente á muller como elementos clave para a desmobilización social. Segundo o Réxime, a muller atoparía a seguridade nun fogar en propiedade, a tranquilidade para ela e para a súa familia. Deste modo, a través dos modelos de xénero, a ditadura conseguiría asegurar a continuidade do sistema patriarcal no entorno urbano (Zaratiegui, J.M., 2023: 2423).

Ley de Vivienda de Protegida de 19 de abril de 1939.

A *Ley de Vivienda Protegida de 19 de Abril de 1939* é a primeira lei promulgada polo franquismo en materia de vivenda e substituirá a toda a lexislación previa. Esta lei contén unha declaración de principios entre os que figuran o apoio á vivenda social, co obxectivo de obter a paz e o encadramento social, así como o de promocionar a vivenda en propiedade - porque para os falanxistas a paz social non é posible sen a posesión da vivenda-. Na adquisición da vivenda o aluguer tería un papel subsidiario, "al servicio de *hacer más fácil la transición de las parejas españolas hacia el hogar estable de la familia tradicional"* (Candela, 2019: 105). Así, os dous propósitos da lei serían, o primeiro, incentivar a construción de vivendas protexidas aplicando medidas de protección atractivas para os promotores e, o segundo, crear un organismo que regule esta actividade, que será o INV.

A lei de 1939 considera vivenda protexida aquela que figure nos plans oficiais e que cumpra coas normas mínimas de habitabilidade. A maior parte das vivendas construídas ao amparo

desta lei serían ocupadas en réxime de aluguer, pero cunhas condicións económicas definidas no regulamento da *Ley de 8 de septiembre*, onde se establece un tope á contía do aluguer en relación ao xornal do inquilino. Ademais crea a figura dos "*promotores sociales*", inicialmente institucións públicas (como os concellos) e sindicais, e posteriormente caixas de aforro, bancos, sociedades benéficas, cooperativas e empresas que constrúan vivenda para os seus traballadores e incluso particulares para a construción da súa propia vivenda. Estes promotores adiantan un 10%, que se tomará como referencia da "entrada" que deben aportar os beneficiarios (Candela, 2019: 106).

A cuestión familiar e, por extensión, o rol da muller, segue moi presente. O modelo de familia numerosa que promove o Réxime veríase recompensado na *Ley de preferencia del turno de vivienda social a las familias numerosas*, do 4 de outubro de 1941 (ampliación da lei de 1939), que non pode ser máis explícita cando di que o seu obxectivo é "dotar de hogares dignos y adecuados a los españoles, otorgando preferencia y ventajas a los que han sabido comprender y honrar la sagrada y fundamental institución de la familia". (Boletín Oficial de 4 de octubre de 1941. Citado en Candela, 2019: 106).

No contrato de compra dunha das vivendas do grupo *Compostela* pódese ver o desconto do 15% aplicado como familia numerosa.[39]

Pero, novamente, a lei non conta coa dotación económica necesaria e non obtén a resposta da inversión privada esperada; en parte polas condicións que a propia lei impón.[40] Polo tanto, o seu impacto na resolución do problema da vivenda é completamente irrelevante, pese á intensa propaganda despregada polo Réxime.

1940-1960: o INV, a OSH e as malogradas políticas de vivenda franquistas

A Lei de Vivendas Bonificables (1944), os Plans Nacionais de Vivenda, a e a Lei de vivendas subvencionadas (1954).

O INV nace en abril de 1939 como o único organismo con capacidade para aprobar os proxectos de construción de vivenda protexida. Ten a misión de promover a construción de

[39] Ver Imaxe nº6

[40] Nin a inversión privada nin os pequenos propietarios van investir en vivenda de aluguer barato polas condicións que establece o articulado da lei, que fixa a renda das vivendas protexidas segundo os baremos establecidos polo INV, de maneira que o arrendador quedaría exposto ao risco da inflación (Candela, 2019: 107)

vivendas, encargándose da xestión e concesión das axudas, exencións fiscais e tributarias contempladas por lei, ademais de fixar o valor dos alugueres (Sambricio, 2020: 85).

A finais deste mesmo ano, desde a *Delegación Nacional de Sindicatos* (DNS) de *FET y las JONS,* créase a OSH; aínda que comeza como entidade auxiliar do INV, pasará a asumir a responsabilidade da promoción e construción estatal de vivenda social a partir de 1960 (Lanero, 2023: 378; 2021: 32). Esta *Obra* encargarase das funcións relacionadas coa construción, protección, conservación e administración das vivendas protexidas (Sambricio, 2020: 85). Pero a OSH nunca chegará a construír, porque a Organización Sindical Española (OSE) carece dos fondos necesarios para desenvolver un programa de vivendas e dependerá dos institutos públicos de crédito para a financiación das construcións (Molinero, 2005: 138).

No período de 1940 a 1960 o Réxime vai promulgar normativa importante en materia de vivenda, como é a Lei de Vivendas bonificables de 1944, actualizada en 1948 e, sobre todo, a lexislación promulgada en 1954: o decreto que solicita ao INV a elaboración dun amplo plan nacional de vivenda, no que dará preferencia aos proxectos da OSH; e un segundo decreto polo cal esta *Obra* realizará un plan de vivendas de renda reducida e mínima para os "productores" da OSE, que será o *Plan Sindical de Vivienda Francisco Franco (1946-1960)* (Lanero, 2023: 378).

A continuación veremos os resultados da aplicación desta normativa.

Ley de 25 de noviembre de 1944 contra el Paro Obrero y de Viviendas Bonificables

O fenómeno do *chabolismo* esténdese pola periferia das grandes cidades, como Madrid e Barcelona, Bilbao, Valencia, Sevilla, entre outras, pero, en realidade, a demanda de vivenda non se circunscribe ás clases populares, senón que tamén afecta ás clases medias, aínda que en menor grao.[41] O Réxime non tardará en buscar unha fórmula legal que faga posible ofrecer unha cobertura "satisfactoria" a este sector da poboación. Con esa intención apróbase en novembro de 1944 do *Decreto Ley sobre Viviendas Bonificables*, que supón a creación dun sistema de vivenda protexida para as clases medias e que será coñecida como "*Ley de Vivienda de Clase Media*".

Esta lei busca reducir o desemprego e incentivar a inversión privada para a construción de vivendas destinadas ao réxime de aluguer, coa xustificación de cubrir a necesidade de vivenda que o Estado non poida resolver. Non obstante, a lei acaba subvencionando indirectamente a

[41] As clases medias, pese a non dispor de recursos para acceder á vivenda no mercado libre, non van considerar a posibilidade de habitar as modestas vivendas que o INV constrúe en base á *Ley de 19 de abril de 1939 de viviendas protegidas o de renta limitada.* As súas expectativas son outras.

construción de vivendas que o promotor non está na obriga de alugar, podendo vendelas coa vantaxe de que non existe unha limitación no prezo de venda que si aparece na lei para o prezo da renda de aluguer.[42] A ausencia de limitacións no prezo de venda provocará que o Estado financie vivenda de luxo que non vai destinada nin sequera ás clases medias, nin por descontado, ás populares (Betrán, 2002: 38).

I Plan Nacional de la vivienda de 1944 a 1954

Nun intento de compensar o fracaso da Lei de Vivendas Protexidas, o Goberno vai solicitar ao INV que elabore o que será o *I Plan Nacional de la Vivienda,* para o período 1944-1954., no que as vivendas bonificables e as libres da iniciativa privada quedarán á marxe (Llordén, 2003: 153). Con este Plan preténdese recoller as distintas modalidades de vivenda nun único documento, para concretar, entre outras cousas, a definición de vivenda "humilde" que debe ser subvencionada polo Estado, ou polo menos financiada de modo que sexa accesible para as clases populares. Por outra parte, o documento quere recoller unha cuantificación realista do déficit de vivenda, contemplando a reposición da habitación existente e a súa crecente demanda debido ao aumento demográfico. O ambicioso plan contempla a construción de 1.400.000 vivendas, das cales 619.000 deben ser cubertas polo Estado. Pero a realidade queda moi lonxe desas cifras e non se chega a construír nin o 20% do estimado (Candela, 2019: 109).

Disto infírese que o principal obstáculo do *I Plan Nacional de Vivienda* é a financiación -como sucedeu coa lei de vivendas protexidas-, ademais da tímida resposta das administracións provinciais e locais, o cal leva a que o Estado recorra á inversión privada na construción de vivenda en aluguer mediante a promulgación en 1944 *da Ley de Viviendas Bonificables*.

Os anos 50, a Ley deProtección de Viviendas de Renta Reducida (1954) e o Ministerio de la Vivienda (1957)

Nos anos cincuenta o Réxime desfruta dun momento de *gloria* nas súas relacións internacionais, coa incorporación en 1953 na orde internacional dentro do bloque capitalista que

[42] A *Ley de Arrendamientos Urbanos*, promulgada en 1946, conxela a renda dos alugueres para protexer ao inquilino e evitar que empeore a demanda de vivenda. Pero ten o inconveniente de limitar considerablemente a capacidade de acción do propietario, como se deduce das condicións contempladas na lei, entre as que cabe destacar: a renovación automática do aluguer cada ano, a imposibilidade de actualizar a renda respecto ao mercado, a transmisión do aluguer en herdanza ao inquilino ou as dificultades para recuperar o uso da vivenda como propietario. Estas limitacións van dar lugar a un forte retraemento na oferta de vivenda en aluguer, porque os propietarios prefiren telas desocupadas ata a súa venda (Sambricio, 2003: 281-282).

dirixe EE.UU., o fortalecemento da relación coa Santa Sede -coa firma do concordato ese mesmo ano- e o ingreso na ONU en 1955. Franco verase como o paladín da cristiandade occidental e como o freo ao comunismo que avanza dende o leste de Europa. Estes triunfos do Réxime serán a nova carta de presentación para a súa lexitimación, deixando atrás as referencias á *Vitoria,* como pouco "inadecuado" na súa faceta internacional. En cambio, non existe un correlato entre a profusión de discursos triunfalistas do Réxime e as condicións de vida dunha poboación que apenas percibe melloras ou de habelas manifféstanse aínda moi timidamente (del Arco & Hernández, 2020: 10-11). É dicir, a saída da autarquía non terá os mesmos tempos, nin intensidades, para o conxunto da poboación española.

A política de vivenda dos anos 50 non difire da dos corenta, excepto pola maior inversión pública que redundará nun significativo aumento na construción de vivenda. Así, podemos ver as continuidades en aspectos como o recurso masivo á propaganda, ou o culto exacerbado á familia (López-Carcedo, 2020: 189). A indisoluble relación entre a vivenda en propiedade e a institución tradicional da familia patriarcal está moi presente na oratoria do Réxime. As palabras do *Ministro de la Vivienda*, José Luis Arrese son unha boa proba:

> Porque entre las grandes necesidades que el hombre pone delante de sí cuando quiere crear una familia, entre las grandes ilusiones que abriga en la dura y agitada lucha por la existencia, ninguna es ni más urgente ni más social como esta gran necesidad y esta poderosa ilusión de tener una casa, de poseer un hogar seguro, propio y amable. (Arrese, 1958: 91. Citado en Candela, 2019: 49).

Esta década vai ser prolífica en canto a normativa en materia de vivenda. Nos Decretos-Leis de 14 e 29 de maio de 1954 recóllense as viviendas de *tipo social*, de *renta reducida* e de *renta mínima,* pensadas para as familias con menos recursos (Fernández, 2003: 643).[43] E, en xullo dese mesmo ano, apróbase a *Ley de Vivienda de Renta Limitada* e o *Reglamento de Renta Limitada* (BOE de 16 de xullo de 1955), xunto ao *Plan Sindical de la Vivienda* para os anos 1954-1955, que pretende construír 550.000 vivendas de renda limitada en 5 anos (Lleó, 9-10: 2003).

[43] As vivendas de *tipo social*, cunha superficie máxima de 48m^2 e un coste de 25.000 pesetas, son vivendas de menor calidade e polo tanto non van interesar ás familias con maiores niveis de renda, tal vez por iso non se esixan uns requisitos claros en canto aos ingresos dos posibles beneficiarios (Fernández, 2003: 643).

Ley de Protección de Viviendas de Renta Limitada (1954)

A *Ley de Protección de Viviendas de Renta Limitada,* de 15 de xullo de 1954 vai derogar toda a normativa anterior, cancelando os réximes de vivendas protexidas (1939) e bonificables (1944/1948), co propósito de unificar a política de vivenda social do Estado centralizada no INV (Lanero, 2023: 378). As vivendas de renda limitada teñen a súa propia clasificación, englobando as tipoloxías de vivenda social, mínima e reducida (Lasso, 2003: 46), e establece dous tipos de protección: Grupo I e Grupo II (este con 3 categorías diferentes).

As vivendas do grupo I teñen menos beneficios crediticios, pero desfrutan de exencións tributarias e - isto é un aspecto a ter en conta- de facilidades no subministro de materiais. O prezo máximo de aluguer está regulado, pero non de venda, motivo polo cal serán a modalidade elixida polos promotores e as empresas inmobiliarias. En cambio, as do Grupo II terán maiores axudas e tanto o prezo de aluguer como o de venda estarán fixados polo INV (Llordén, 2003: 156). Nun intento de reforzar o seu carácter social estas vivendas estarán limitadas en superficie e custo de construción, en función das tres categorías.

Respecto a como asegurar a actividade construtiva, esta lei vai establecer canais para manter o abastecemento de materiais, así como o abaratamento da man de obra. E, en canto ao solo, terase que recorrer á expropiación forzosa no caso de resistencia á venda dos terreos onde se construirán as vivendas. O que se consegue con esta norma é centralizar no INV a coordinación de todas as políticas de vivenda.

Plan Sindical de la Vivienda Francisco Franco (1954-1960)

As dificultades a nivel recursos financeiros, materiais, industriais e tamén en materia lexislativa son un obstáculo que se vai superando a partir de 1954, coa publicación de dous decretos lei que permiten avanzar e dar prioridade ás iniciativas da OSH. Un destes decretos, aprobado o 29 de maio do mesmo ano, 1954, determina que a OSH, en colaboración co INV, realice un segundo Plan para a construción de 20.000 vivendas de renda mínima e de renda reducida para produtores encadrados na Organización Sindical. Este Plan é a orixe do primeiro programa do *Plan Sindical de la Vivienda Francisco Franco*. O que se pretende con este último decreto é abaratar a construción da vivenda sen afectar á calidade, na medida do posible, e acelerar os trámites para a súa construción - especialmente no que respecta aos pagos e os subministros de materiais-. (Lasso de la Vega, 2003: 43-44; Sambricio, 2003: 54).[44] O *Plan de la*

[44] Cada tipo de vivenda ten unhas características determinadas, a vivenda social tería unha superficie útil de como mínimo 42 m2, con 3 dormitorios, cocina-comedor e baño, cun custo de 25.000 pesetas e

Vivienda Francisco Franco organízase en catro programas a acometer entre os anos 1954 e 1960 (Delgado, 2003: 41).

Este Plan viría a *restaurar* o labor da OSH, ante as numerosas críticas pola mala xestión das obras, sobre todo en canto aos tempos de execución. Para mellorar a súa imaxe, o Decreto Lei de 29 de maio de 1954 aproba o *Plan Sindical de la Vivienda Francisco Franco* para os anos 1954-1955, co obxecto de construír 25.150 vivendas sociais no primeiro ano e 50.000 no seguinte destinadas aos "productores", afiliados ao sindicato (Candela, 2019: 160).[45] O grupo de vivendas *Compostela* de Pontepedriña é unha das actuacións desenvolvidas por este Plan.

A OSH, en colaboración co INV, aborda o Plan e establece un protocolo que regula o proceso dende a solicitude pola persoa interesada ata o seu nomeamento como beneficiaria; quen queira obter unha vivenda debe solicitala ao delegado sindical local ou á *SF*, que remitirán a solicitude ao xefe provincial e este ao xefe nacional. Feito isto, o seguinte é esperar a que o Estado dispoña de fondos. O "*productor*" aporta o 10% do valor da vivenda; o 90% restante anticípao o INV, anticipo que será devolto polo xa propietario da vivenda en mensualidades durante 40 anos (López, 2003).

No caso das vivendas do grupo *Cardenal Quiroga* as informantes non fan a solicitude directamente, porque se encargan os seus maridos, os "cabeza de familia", salvo no caso da informante C.P., [46] que a solicitará persoalmente porque por entón está solteria.[47]

Nas fontes arquivísticas consultadas sobre os grupos de vivendas obxecto de estudo, pódese verificar que o réxime inicial é de aluguer con dereito a compra tras un prazo de amortización de

beneficios, como o anticipo por parte do INV do 80% sen intereses e amortizable a 50 anos, mentres que o 20% restante debe ser adianto polos beneficiarios ou pola entidade promotora, ademais, existe unha serie de disposicións que afectan ao deseño arquitectónico e urbano.
As vivendas de renda mínima terían unha superficie entre 35 e 58 m2, un presuposto global de entre 28.000 e 46.000 pesetas e a financiación do 60% por parte do beneficiario e o 40% de anticipo sen intereses. No caso das vivendas de renda reducida as restricións son menores, tanto na superficie útil, entre 64 e 100m2, como no prezo entre 64.000 e 100.000 pesetas, cunha aportación do 10% polo beneficiario, un 40% de anticipo sen intereses e un 50% de empréstamo a un 4% de interese. Nestes dous tipos de vivenda a OSH establece perceptos adicionais para asegurar a calidade dos materiais e da construción (Lasso, 45: 2003).

[45] Este plan de 1954 simplifica a complexa clasificación das vivendas para establecer unicamente dous tipos: as vivendas de "renta reducida" e as de "renta mínima", con subcategorías en función do tamaño e prezo. En ambas se definen unhas condicións de construción que aseguren unhas calidades. A súa financiación foi vantaxosa, cun 10% de aportación inicial que a DNS aportaba, un 6% polo beneficiario, un 40% como anticipo sen intereses. Para o resto contaban con préstamos complementarios e, no caso das vivendas de renda mínima, dispúñase dun 20% como prima a fondo perdido (mOLINERO, 2003: 53-55)

[46] Entrevista a C.P., 18/06/2025

[47] Do grupo Compostela non dispoñemos desa información porque non foi posible contactar coas persoas que acceden ás vivendas en 1957. As informantes de segunda xeración descoñecen como foi o proceso.

cincuenta anos. Non obstante, para as vivendas do grupo *Cardenal Quiroga* -entregadas no ano 1972- o INV dá a opción de compra no ano 1981. A gran maioría dos inquilinos acolleranse nese momento ao réxime en propiedade, a través da firma dun contrato de acceso diferido á propiedade da vivenda e facendo entrega ao INV da cantidade restante a abonar.[48] (Ver anexo 3-2). Con todo, as informantes aseguran que neste grupo existen inquilinos que continúan en réxime de aluguer, pagando unha renda mensual mínima.

> Ai si, xa fai, xa fai anos, si, que se pudo comprar. [...] a xente que non comprou paga dous con setenta, dous euros con setenta.[49]

II Plan Nacional de la Vivienda (1955-1960)

Carlos Sambricio afirma que as vivendas construídas pola OSH e o INV ata 1954 foron claramente insuficientes, ademais de deixar a selección de adxudicatarios a criterio do gobernador civil. Para dar resposta á necesidade de vivenda económica o INV formula un II *Plan Nacional de la Vivienda de renta limitada* que autoriza a construción de 550.000 vivendas de renda reducida en cinco anos. Pese a que a construción acelérase no final do período do Plan, este fracasa por problemas no subministro de materiais e por financiación insuficiente (Lledró, 2003: 153). O feito de non por un límite no prezo de venda dos pisos permitiu que se convirta nun negocio para as entidades privadas, de modo que se favorece unicamente a persoas con recursos, en lugar de axudar ás clases modestas (2023: 53-55).[50]

O Ministerio de la Vivienda (1957)

En 1957 creáse o *Ministerio de la Vivienda,* en 1957 co falanxista José Luis Arrese como ministro no período 1957-1960 á fronte. Con el prodúcese un cambio decisivo nas políticas de vivenda do Réxime cara o fomento da vivenda en propiedade e o abandono do aluguer, como reza a súa máxima: "*Queremos una España de propietarios, no una España de proletarios….".* Para conseguilo crea a figura de *vivenda subvencionada.*

---

[48] ARG, *Instituto Nacional de Vivienda* (1981-1985). Caixa 627 .Expediente C-106-CD/67 *Expediente de contratos de acceso diferido á propiedade das vivendas (271 contratos) C-3 do Grupo Cardenal Quiroga en Pontepedriña (Santiago de Compostela) A Coruña*. (Inclúe do 1 ao 150)

[49] Entrevista a M.P., 17/06/2025, Santiago,

[50] Os promotores centráronse na construción das vivendas de primeira categoría, consideradas de luxo, porque resulta ser un negocio moi lucrativo e desentendéronse da construción das vivendas sociais. Como resultado, só a construción das vivendas de primeira categoría consume o 80% do presuposto do plan (Sambricio, 2003: 55).

A *Ley de Viviendas Subvencionadas*, de 1957, concíbese como un plan de choque para construír vivendas protexidas destinada ás clases populares. A estratexia é construír vivenda barata, eliminando elementos innecesarios e limitando o tamaño entre 59-72 m2, bastante reducido para as habituais familias numerosas. Esta lei vén a completar a Lei de 1954 e busca non só abaratar a construción da vivenda, senón tamén a man de obra para fomentar a construción. De aí que o Estado confíe as actuacións á promoción privada, previamente estimulada con fondos públicos para que se comprometan a realizar vivenda social sen perdas nos seus beneficios (Betrán, 2002: 39).

Como sucedeu coa Lei de 1954, na Lei de vivenda subvencionada serán tamén as vivendas do Grupo I e as subvencionadas as que constrúan os promotores privados, polo mesmo motivo de non esixir unha limitación no prezo de venda; aínda que nas subvencionadas si o hai no tamaño das mesmas Tipo I. De maneira que as vivendas de Grupo II serán as promovidas por entidades oficiais (OSH) ou benéficas. A preferencia pola propiedade maniféstase mediante un complexo sistema –incluso para a Administración –para as de Grupo II, mentres que no caso das de Grupo I existen limitacións no aluguer, pero non na venda, cun claro sesgo en favor desta última modalidade.

A demanda existente fai que as vivendas se ocupen rapidamente, aínda que os beneficiarios non sempre son os que deberan. Cazorla (2016) exprésao con claridade: "[...] a causa una vez más de la corrupción y del amiguismo muchos de los beneficiarios no fueron las familias necesitadas de obreros e inmigrantes, sino individuos de clase media bien conectados con el régimen y en especial falangistas" (p.206).

Neste *Estado Nuevo*, a *Obra Sindical Hogar y Arquitectura* asegura ter edificado 138.686 casas entre os anos 1939 e 1969. Esta cifra, comparada coa inversión en vivenda doutros países, é insignificante. Así, a modo de comparación, as vivendas construídas pola OSH en trinta anos correspóndense coa metade das que se constrúe o Reino Unido nun único ano (Cazorla, 2016: 204).

O desarrollismo

Nos anos 50 e 60, os poboados de absorción ., así como as promocións da OH ou os polígonos do *Ministerio de la Vivienda* promoven o acceso masivo á vivenda en propiedade a baixo custo, e calidades comprometidas. Nun primeiro momento o Estado asume a construción de vivenda, que se entrega en réxime de aluguer con opción final de compra. Sobre todo tras o ano 1954, o INV, a OSH e o Ministerio de Vivenda promoven a creación de precarios polígonos de vivenda,

co propósito de dar habitación á masiva migración campo-cidade e para erradicar o chabolismo. Finalmente, nos anos 60 os poboados *chabolistas* darán paso ás *Unidades Vecinales de Absorción* (UVA), con vivendas de pésima calidade que a OSH asume desde o ano 1963

En 1963, promúlgase a lei primeira de vivendas de protección oficial, coa oposición dos promotores, que se queixan do encarecemento dos custos e dolo tanto da perda de beneficios. Finalmente, en febreiro e marzo de 1972 promúlganse dous decretos que van modificar as normas anteriores en favor do capital privado. A contradición do Réxime creando unha política supostamente pública de vivenda social fundamentada no beneficio privado dará lugar, inevitablemente, a que moitos dos beneficiarios potenciais queden fóra por non contar coa mínima solvencia esixida. A medida que o país se desenvolve economicamente, menos diferencia hai entre as vivendas protexidas e as non protexidas, coa desculpa de garantir a participación da iniciativa privada nas promocións (Betrán, 2002: 39-40).

As décadas de 1960 e 1970 van supor a retirada do Estado e das súas entidades como promotores e construtores directos da vivenda social, deixando esta cuestión en mans das grandes promotores privados, quedando a actividade construtiva da OSH. A institucións públicas vanse limitar a proporcionar solo ás grandes inmobiliarias nun contexto de especulación, precariedade construtiva e ausencia de plans urbanísticos no que se dará preferencia ao beneficio económico privado (Lanero, 2023: 379). En realidade, a política de vivenda non ten un verdadeiro carácter social ata o plan de 1976-1978. Finalmente, o rotundo fracaso das vivendas sociais do *Ministerio de la Vivienda* motivará, en xullo de 1977, o traslado de compentencias nesta materia ao *Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo* (Ortiz & González, 2018: 55).

4. A CHEGADA AOS BARRIOS. MOVEMENTOS BIDIRECCIONAIS: DO RURAL Á URBE E DA URBE Á PROTOURBE

Neste punto pretendemos achegarnos ao proceso que hai tras a concesión dunha vivenda social, ou protexida, e ao cambio que supón na vida das persoas – en particular das mulleres- o feito de trasladarse aos novos barrios. Tamén intentaremos rastrexar en que medida o acceso a un ben de primeira necesidade puido modificar as actitudes da poboación cara ao Réxime.

Para este propósito, centraremos o estudo en dous grupos de vivenda protexida da OSH situados no barrio de Pontepedriña, en Santiago de Compostela: o *grupo Compostela*, entregado en 1957, e o *grupo Cardenal Quiroga*, entregado en 1972. Apoiarémonos en tres tipos de fontes: as arquivísticas, coa consulta dos expedientes con documentación sobre bens municipais

conservados no *Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela (AHUS),* no *Arquivo de Reino de Galicia (ARG)* e no *Arquivo de Galicia* ; as hemerográficas, da prensa local no período 1950-1973[51]; e as testemuñas orais de algunhas das beneficiarias das vivendas dos grupos obxecto de estudo, así como de fillas e fillos que viviron e viven nestas vivendas. Contamos tamén co testemuño doutra veciña de Pontepedriña, que non é inquilina das vivendas protexidas, pero que aporta información interesante sobre o barrio.

O título deste punto quere reflexar a ruptura que para algunhas persoas supón instalarse nun novo barrio. Como veremos nos seguintes apartados, o movemento bidireccional implica avance e tamén retroceso. Un claro avance a nivel material, pero non sempre no que ten que ver co persoal, en particular no que á sociabilidade das mulleres respecta.

4.1. O barrio de Pontepedriña, a cidade "en construción"

Nos anos 50-70, Pontepedriña é un núcleo de casas ubicadas nun pequeno **conxunto** de rúas en torno á estación ferroviaria. As rúas están sen asfaltar ata finais dos anos oitenta e tan so conta con algún pequeno negocio e bares. A actividade industrial máis relevante da zona é a relacionada co matadoiro. Moitas das casas atópanse en moi mal estado, pero están igualmente ocupadas, sobre todo en réxime de aluguer. Igual de deterioradas estaban as infraestruturas, os subministros de luz e auga sufrían cortes frecuentes e o alumeado ao pasar a ponte era case inexistente. Unha das informantes, que viviu nesta zona do barrio, comenta o mal estado do barrio e das vivendas nos anos 70:

> Auga da traída tiñamos pero había moitísimos cortes, de feito a xente iba á Fonte dos Capitáns cando cortaban a auga. Eso pasaba moi a miudo sobre todo cando había obras e luz tres cuartos do mesmo. As rúas non estaban para nada asfaltadas, era todo barro, de feito cando había obras e empezaba a chover e daquela era […] E aceiras empezaron a facelas pois eso, cando empezou a funcionar a asociación de veciños empezaron con, coa mellora dos barrios en Santiago, eu creo que foi con Xerardo Estevez. […] Eramos sete na casa, sete, tiñamos solo dúas habitacións , a habitación dos nenos e o comedor que tiña camas de recoller, o sea que practicamente viviamos hacinados.E logo a casa era de malísima construción, había humedades por todos lados, de feito cambiamos eee... a casa estaba mui desfeita […] ao non ter cartos tampouco podías facer moito mais, era pequena e sitio para estar… Sentábannos no chan basicamente. o baño daba pena, a cociña era cociña de leña[52]

[51] Consultouse a hemeroteca dixital de *El Correo Gallego e La Noche* na Hemeroteca de Galicia-Galiciana no período 1950-1965. Do ano 1966 a 1973 *El Correo Gallego* en papel.
[52] Entrevista a P.A., 25/06/2025, Santiago de Compostela

4.2. O proceso de acceso ás vivendas (solicitude e entrega da vivenda):

A necesidade de vivienda en Santiago probablemente non sexa comparable a doutras poboacións de Galicia, nin con outras do resto do país, pero tanto as testemuñas orais como a hemeroteca inciden na carencia de vivenda na cidade e no mal estado de moita da vivenda existente. A colaboración entre a OSH e as autoridades locais é necesaria para avanzar na obtención de solo no que edificar as vivendas. Dende o consistorio santiagués vaise facilitar a cesión de terreos e realizaranse as xestións necesarias para a compra dos mesmos aos seus propietarios. Non obstante, como se poderá ver, os prazos chegan a dilatarse tanto no tempo que os proxectos corren o risco de non realizarse. De feito, o *grupo Cardenal Quiroga* previsto para finais dos anos 50 será entregado en 1972. Posiblemente a falla de materiais e de medios auxiliares na actividade construtiva sexan as causas do importante retraso neste grupo de vivendas. En xeral, ca fin da autarquía actívase a actividade construtiva, do que se beneficia o grupo *Cardenal Quiroga*, que se entregará no anos 1972, á vez que as vivendas de Vistalegre, tamén un grupo de máis de 250 vivendas (Lanero, 2020: 101).

Os grupos de Pontepedriña son vivendas de renda limitada. A primeira fase, o *Grupo Compostela*, entregada o 6 de outubro de 1957, forma parte das actuacións da OSH dentro do *Plan Sindical de la Vivienda Francisco Franco,* 1955-1956 . A segunda fase, a do *Grupo Cardenal Quiroga,* entregada en agosto de 1972 encádrase no *Plan Nacional de la Vivienda*, 1960-1970.[53] Nas imaxes do Voo Americano de 1955-56 e noutra posterior de 1973-1985 vese a situación dos grupos de vivendas con respecto ao núcleo de Santiago. Estas imaxes constatan a descrición das informantes: “Despóis eso era todo terra, era todo campo, todo por ahí. Esas casas de por ahí atrás todo leiras, todo leiras, eso todo por alá leiras”.[54]

[53] Non foi posible localizar a data de entrega do grupo *Cardenal Quiroga*, pero a inauguración a cargo do Ministro de la Vivienda, do *Cardenal Quiroga* e outras autoridades tivo lugar o 18 de agosto de 1972 e algunha das testemuñas afirma ter entrado en agosto dese ano.
[54] Entrevista a C.P. Santiago de Compostela, 18/06/2025,

Imaxe nº1_Fonte: Información Xeográfica de Galicia.
https://mapas.xunta.gal/visores/historico/comparador/

Pese a que transcorren quince anos entre as dúas fases, en realidade, os trámites para a segunda inícianse moito antes, porque a súa construción contemplábase dentro do *Plan Sindical Francisco Franco (1955-1960),* pero non se levou a cabo. Ambas fases foron realizadas polo arquitecto Rodolfo Ucha, quen, en decembro de 1956, envía á OSH a memoria do proxecto da 2ª fase, pero a licitación das obras obterase en maio de 1969.

Segundo as previsións definidas nos distintos *Planes de vivienda,* as vivendas promovidas polo INV e a OSH debían adxudicarse de acordo coa normativa do *Ministerio de la Vivienda*. Un reparto habitual consiste en reservar o 75% das vivendas para os traballadores encadrados nalgunha das seccións sindicais da OSE; un 15% destínase para a delegación provincial do *Ministerio de la Vivienda* e o 10% para o municipio. Non obstante, a medida que a construción das vivendas avanza, cambian as porcentaxes en favor da cota municipal. Isto proba a dificultade de trasladar a lexislación estatal en materia de vivenda ás escalas provincial e local (Solís, 2018: 353-354, 359). Non temos forma de averiguar cal foi o criterio seguido na adxudicación dos grupos de vivendas en Pontepedriña, pero no *Cardenal Quiroga* moitas das vivendas son para persoas que viven en terreos que van ser expropiados. Neses casos ese é o criterio.

4.2.1. O grupo *Compostela*

Aínda que grupo *Compostela* ten dúas ubicacións, en Pontepedriña e na Estila, como figura en varios expedientes do *Arquivo do Reino de Galicia* (*ARG*) e tamén no *Arquivo de Galicia*[55],

[55] *ARG*, Caixa 40341 / Expediente 25. Fai referencia á reparación de vivendas do Grupo *Compostela* ubicadas en Pontepedriña e na Estila. Promotor:OSH. No *Arquivo de Galicia*, con expediente 590, Caixa

neste traballo ocuparémonos unicamente das de Pontepedriña. O grupo *Compostela* consta de 196 vivendas de tipo B e C con categorías 1ª e 2ª e 4 locais comerciais, distribuídos en 5 bloques con 3 alturas e o baixo. Nun dos bloques figura a placa da OSH co ano de construción, 1955, e o número de 100 vivendas.[56] (Imaxe nº2).



Plano grupo *Compostela.* Fonte: ARG, 1960-61.Reparacións das plantas baixas do grupo "COMPOSTELA" Caixa 41046. Expediente 764. OSH. Arquitecto Rodolfo Ucha Donate.

A prensa local difunde todo o proceso: a apertura e peche do prazo para solicitar unha das vivendas de *Puente Pedriña e La Estila,* o sorteo e, sobre todo, a entrega. O sorteo celébrase o 22 de marzo de 1957 no Salón da Cámara de Comercio de Santiago e o seu resultado publícase o día seguinte.[57] A "próxima" entrega das vivendas será anunciada durante sete meses en

2876, carpeta 7 figuran as dúas ubicacións do Grupo *Compostela*, en documentación emitida polo IGVS, con data 13-05-1992. No caso da Estila serían 16 vivendas, con C-107-CD/67

[56] En realidade son máis vivendas, pero algunhas delas tiveron como promotores aos *Montepíos Laborales* e outras están na Estila. Pensamos que esa sería a razón da diferenza con respecto á información da placa.

[57] *El Correo Gallego: diario político de la mañana*. 20/03/1957, p. 2

sucesivas novas. Un mes antes da entrega das vivendas, Santiago recibe a visita do ministro de Vivenda, José luis Arrese, que se dará un paseo triunfal por Pontepedriña e outras zonas nas que hai previsto algunha próxima intervención.[58] Finalmente, entréganse os títulos das vivendas o 6 de outubro de 1957, tras ser anteriormente bendicidas polo *Asesor Religioso de Sindicatos*, nun acto público no Salón Teatro en presenza das autoridades locais e da OSH no que as persoas adxudicatarias "comparten protagonismo" co nomeamento dos novos Enlaces sindicais, un acto que ten a intención de transmitir á poboación o importante labor da *sindical*. No mesmo acto anúnciase a previsión de construír no seguinte ano 2000 vivendas en Santiago, entre as que se atopan as 250 de Pontepedriña do grupo *Cardenal Quiroga,* que acabará construíndose case 12 anos despois do previsto.[59]

GALICIA AL DIA

el compostelano

Acto Sindical en el Salón Teatro

Fueron entregadas las llaves de 196 viviendas protegidas y las credenciales de los nuevos enlaces

Relevo de mandos en la Capitanía General

LA CORUÑA

Ayer recorrió las calles coruñesas la solemnísima procesión de la Virgen del Rosario

Desde los Cantones

La Ciudad Vieja, en fiestas

Imaxe nº3_Fonte: *La Noche : único diario de la tarde en Galicia: La Noche 07/10/1957*.p.2 . *Biblioteca dixital de Galicia-Galiciana*

As vivendas deste grupo son de 2ª e 3ª categoría, con 3 ou 4 habitacións, segundo sexan tipo B ou C, cociña-comedor-sala e un baño; os baixos dispoñen ademais dunha pequena terraza.[60] Os beneficiarios das casas tiveron que dar unha entrada e pagar unha renda mensual. Transcorrido un tempo, teñen posibilidade de compra.[61]De feito, con data 24/01/1984, 95

[58] *La Noche*,"Las viviendas protegidas de La Estila y Puente Pedriña, visitadas por el Ministro, Señor Arrese", 12/09/1957, p.2.

[59] *El Correo Gallego: diario político de la mañana*, "El domingo se efectuó la entrega de las llaves de las 196 viviendas protegidas y las credenciales de los nuevos Enlaces" 08/10/1957, p. 8; *La Noche*, "Acto Sindical en el Salón Teatro. Fueron entregadas las llaves de 196 vivendas protegidas y las credenciales de los nuevos enlaces", 07/ 10/1975, p.2.

[60] *ARG*,1960-61. Caixa 41046. Expediente 764. 2ª categoría (tipo B de 82m2- 3 habitacións e C de 94m2-4 habitacións)e de 3ª categoría: B (56m2-3 habitacións) e C (98m-4 habitacións

[61] As rendas modificáronse por obras realizadas nos bloques e para cubrir os salarios de 2 vixiantes do barrio. Estas subidas nas rendas deron lugar a unha reclamación colectiva que os inquilinos presentaron á OSH en primeira instancia e despois ao Ministerio de vivenda. A información figura no *Arquivo de Galicia*.Expedientes de facturación. Caixa 709-Expediente c-590. Carpeta 1

inquilinos deste grupo de Pontepedriña realizan a amortización anticipada para obter as vivendas en propiedade[62]

En dúas das entrevistas realizadas, R.V. e C.C. coinciden en destacar a boa construción das vivendas, o grosor das paredes e a ausencia de humidades, pese a estar tan próximas ao río. Unha das testemuñas puntualiza que as "casas vellas", ou "Vuelva mañana", como se coñece popularmente a este grupo, teñen unha construción moito mellor que as do grupo *Cardenal Quiroga*, entregadas quince anos despois, en 1972. A percepción que teñen sobre as condicións da vivenda é realmente boa, incluso no que respecta ao tamaño, pese que unha das testemuñas ten a experiencia dunha familia numerosa, de oito persoas. A solución nese caso é a habitual para optimizar o espazo, mediante o uso de liteiras. Os veciños van mellorando pouco a pouco con pequenas, e non tan pequenas, reformas. Esta inversión nos inmobles é unha das razóns polas cales algunhas familias prefiren amortizar a vivenda antes do prazo de cincuenta anos e escriturala ao seu nome. Sobre isto, R.V. afirma*:* Sobre todo compraban cando tiñan además que facer unha reforma, non? E logo claro, chegaba un momento en que bueno, había que comprala.*[63]* Os servizos eran mínimos, basicamente a tenda do barrio, pero sinalan que "o bus era unha maravilla porque o barrio estaba moi apartado". Os informantes recordan que había beirarrúas, pero o alumeado era mínimo e fallaba frecuentemente.

4.2.2. O grupo *Cardenal Quiroga Palacios*

A construción do grupo *Cardenal Quiroga* é un exemplo dos habituais retrasos nas vivendas da OSH, aínda que neste caso o problema tamén se relacione coa compra dos terreos para edificar. En decembro de 1956, xa existe proxecto do arquitecto Rodolfo Ucha para este grupo.[64] Pero os problemas entre o concello e os propietarios dos terreos para chegar a un acordo provocará un retraso de doce anos ata poder iniciar a edificación. Nese tempo, o concello vese na obriga de cancelar o crédito de 1 millón de pesetas concedido pola *Caja de Ahorros* de Santiago e aprobado pola Delegación de Hacienda en xuño de 1963[65]; o concello terá que aprobar a declaración de urxencia para a adquisicion dos terreos que donará á OSH; e debe intervir o INV (a petición da OSH o 10/10/1964) para aplicar a expropiación forzosa dos terreos

[62] *Arquivo de Galicia*. Expedientes de facturación Caixa 709. Expediente 590, carpeta 1. *Expediente con documentación relativa á amortización anticipada, facturación: expedientes das vivendas 77 a 196, con altas e baixas. Faltan os expedientes 1 a 76. Grupo Compostela en A Estila e Pontepedriña, Santiago de Compostela, A Coruña.*

[63] Entrevista a R.V., 25/06/2025, Santiago.

[64] AHUS, Licencias para obras-Carpeta AM 2616. Expediente 325, folios 14-15

[65] AHUS, Licencias para obras-1957- Construcción de un grupo de 276 viviendas en Puente Pedriña. Carpeta AM 2616. Expediente 325 (folios 24-25) Contén información sobre os trámites previos á concesión de licencia de obras e os datos dos propietarios dos terreos nos que se edificarán as vivendas.

e poder edificar.[66]Así, a licencia de obras será aprobada o 14 de maio de 1969, cun retraso de 12 anos e cun novo proxecto dos arquitectos Rodolfo Ucha e Lozano Prieto para construír 16 bloques cun total de 278 vivendas protexidas de renda limitada e 8 locais comerciais (Ver imaxes 3-4). As informantes apuntan que as obras estiveron paradas e as vivendas desocupadas durante tres anos. E na prensa tamén se critica esta circunstancia.[67]

O grupo *Cardenal Quiroga* inaugúrase o 18 de agosto coa asistencia do *ministro de la Vivienda*, Vicente Mortes Alfonso, acompañado doutros cargos relevantes do ministerio, ademais das autoridades políticas e eclesiásticas locais e provinciais. [68]



Imaxe nº4_Plano grupo *Cardenal Quiroga.* Fonte: AHUS, Carpeta AM 2616. Expediente 325

[66] *Arquivo de Galicia*. Expediente 1774/4 Expropiación terreos grupo *Cardenal Quiroga* e de accesos
[67] *El Correo Gallego*, 31/12/1972, p.24. Inclúe unha nota criticando os retrasos na entrega das vivendas do grupo *Cardenal Quiroga*, pese a lever tempo finalizadas
[68] Non foi posible localizar nas fontes hemerográficas nin nas arquivísticas referencia algunha á cerimonia de sorteo das vivendas do grupo *Cardenal Quiroga*. Non obstante, isto concordaría coa información obtida das e do informantes respecto do proceso de adxudicación das vivendas deste grupo, para o cal non recordan que se celebrara ningún sorteo, senón que se adxudicaron mediante solicitude no concello ou ben directamente, sen solicitude previa, para dotar de vivenda ás familiar expropiadas con motivo da execución de proxectos urbanísticos de diversa natureza nos terreos onde vivían.



Imaxe nº5_Proxecto grupo *Cardenal Quiroga*. Fonte: AHUS, Carpeta AM 2616. Expediente 325

Os medios fanse eco da visita do Ministro, como a ampla reportaxe que lle adica *El Correo Gallego*[69], e un dos informantes do grupo *Compostela*, un neno de once anos por entón, recorda o evento como algo espectacular pola asistencia de xente e polas roupas do *Cardenal Quiroga*, encargado de bendicilas. O ministro aproveita a estancia en Santiago de *Compostela* para darse un auténtico baño de multitudes visitando as distintas intervencións do Ministerio en proceso na cidade (aínda que sexa sobre o papel) e para recordar a todos os alí presentes o moito que o país debe a Franco e a obriga de correspondelo:

> Con la alegre esperanza de estas inauguraciones […] es bueno que renovemos nuestra decisión irrevocable de mantenernos fieles a cuanto nos ha permitido alcanzar la realidad de nuestro presente y de afrontar […] la gran empresa histórica de construir un futuro[…]; de renovar, en definitiva, la decisión de mantenernos fieles a laobra de Francisco Franco.[…]. ¡Viva Franco! ¡Arriba España!.[70]

[69] *El Correo Gallego*, 19 de agosto de 1972, p. 7. "Brillante jornada en Santiago. El Ministro de la Vivienda inauguró varias obras"
[70] Discurso do Ministro de la Vivienda, Mortes Alfonso, en *El Correo Gallego*, 19/08/1972, p. 7

Neste grupo hai vivendas de 1ª, 2ª e 3ª categoría que se diferencian no tamaño e, por tanto, no prezo da renda mensual. Teñen entre 3 e 4 habitacións e as reformas son habituais, sobre todo para aumentar a cociña, porque todas as informantes coinciden en que é moi pequena. O día 1 de xaneiro de 1981, os inquilinos firman os contratos de compra, "*Contrato de acceso diferido a la propiedad de vivienda*", que se fan efectivos con data 1 de marzo de 1981 (Imaxe 6).[71] Todas as informantes compran a vivenda en canto poden, aínda que algúns inquilinos seguen de aluguer pagando 2,70€ mensuais, á altura de 1982, un ano despois da opción de compra pagaban 2,60€ (Imaxe 5).[72]. Isto débese a que en caso de reforma do piso faríase cargo desta a administración, pero en realidade son os inquilinos os que realizan as reformas, con permiso e sen el. Noutro caso, unha das informantes, C.P., porá o piso a nome do seu marido por recomendación dun veciño:

> Mira que vai a haber unha reunión pos que tedes a…os que comprades, e ti, de quen é o piso? E dixo: O piso é da niña muller. E dixo él: Bueno, pois mira valo poñer a teu nombre e alí o señor Emilio lle fixo o papel, e despóis foi ás Fontiñas e alá arreglaron todo.[73]

Este cambio de titularidade sucedería, como pronto, no ano 1981, cando se firman os contratos de compra, e é moi indicativo dos roles de xénero franquistas e da súa lexislación, que mantivo ás mulleres coa consideración xurídica de menores ata a reforma do Código Civil de 1975.


MINISTERIO DE OBRAS PUBLICAS Y URBANISMO
INSTITUTO NACIONAL DE LA VIVIENDA

SUBDIRECCION GENERAL DE
GESTION ECONOMICA E INFORMACION

Bco. Occidental

BANCO OCCIDENTAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
- 1 ABR. 1982
ADEUDADO EN CUENTA

PROVINCIA	LOCALIDAD	GRUPO		CUENTA
LA CORUÑA	SANTIAGO DE	CARDENAL QUIROG	3	163

BENEFICIARIO	CALLE	NUM.	PISO	MANO	BLOQUE
[redacted]	EDIF. 9 P	1	03	I	9

MES	AÑO	AMORTIZACION	ADMON Y CONSERVACION	SERVICIOS	TOTAL
FEBRERO	1982	434			434

El beneficiario ha satisfecho el importe del presente recibo, por los conceptos que se indican. La cantidad correspondiente a amortización se abona a cuenta del precio que, con carácter definitivo, se asigne a la vivienda.

EL SUBDIRECTOR GENERAL

NOTA 1ª -El pago del presente recibo no justifica haber satisfecho los anteriores.

[71] *Arquivo de Galicia*. Expedientes de adquisición de vivendas sociais facturación Caixa 627. Expediente C-106-CD/67, cartafol 1 (contas 1 a 150)e cartafol 2 (Contas 151 a 274).
[72] Entrevista a M.G., 17/06/2025, Santiago
[73] Entrevista a C.P., 18/06/2025, Santiago

Imaxe nº6_Recibo do aluguer dunha vivenda no grupo *Cardenal Quiroga*. Fonte: documento cedido polo informante F.R.



MINISTERIO DE OBRAS PUBLICAS Y URBANISMO
INSTITUTO NACIONAL DE LA VIVIENDA

Cuenta nº 40

CONTRATO DE ACCESO DIFERIDO A LA PROPIEDAD DE VIVIENDA

A | LUGAR, FECHA Y EFECTOS DEL CONTRATO

Lugar y fecha del otorgamiento: LA CORUÑA, 1 DE ENERO DE 1.981
Efectos del contrato desde 1 DE MARZO DE 1.981

B | PARTES CONTRATANTES

—CEDENTE: Instituto Nacional de la Vivienda y en su nombre y representación el Ilmo. Sr. Delegado Provincial del Ministerio de Obras Publicas y Urbanismo de LA CORUÑA
D. JAIME ARRIANDIAGA GUERRICAECHEVARRIA
en uso de las facultades que le otorga el Decreto 1994/72, de 18 de julio y artículo 17.2, f) del Reglamento Orgánico de las Delegaciones Provinciales del Mº de la Vivienda, aprobado por Orden de 27 de enero de 1973

—CESIONARIO: D. [redacted]
MAYOR de edad, de profesión EMPLEADO, de estado civil CASADO
con Documento Nacional de Identidad núm. [redacted] (Título de Familia Numerosa
núm. 827, de categoría 1) en su propio nombre y derecho.

C | DATOS DE LA VIVIENDA

Grupo 15-003 CARDENAL QUIROGA
Calle [redacted] núm. [redacted]
bloque [redacted] casa escalera piso [redacted] letra o mano [redacted]

—Vivienda tipo 2 — Superficie construida: 62,00 metros cuadrados
—Cuota de participación en función de la superficie construida: 5,000 por ciento

Calificación legal de Viviendas de Protección Oficial, II Grupo según resolución de la Dirección General del I. N. V. de fecha construida al amparo del expediente 106-67

D | PRECIO DE VENTA Y FORMA DE PAGO PROVISIONAL

—Valor de la vivienda determinado según el Reglamento Viviendas Protección Oficial. 315.686 Ptas

PRECIO PROVISIONAL REVISABLE SEGUN PRESUPUESTO PROTEGIBLE FINAL.

—Deducciones:

a) Deducción aprobada por el Excmo. Sr. Ministro en resolución de 2-10-72 30.000
b) Deducción del 15 % por familia numerosa 42.853 72.853 Ptas

CANTIDAD TOTAL QUE EL CESIONARIO HA DE SATISFACER AL I. N. V. 242.833 Ptas

—Forma de pago:

		IMPORTE	CUOTA MENSUAL
a)	5,52 % aportación inicial	13.416	
b)	% préstamo al de interés anual, a amortizar en años.		
c)	94,48 % anticipo sin interés, a reintegrar en 50 años.	229.417	382
	SUMAS	242.833	382

Imaxe nº7_Fonte: Documento cedido polo informante F.R., veciño do grupo Cardenal Quiroga

Nos casos de estudo na Pontepedriña, as informantes do grupo *Cardenal Quiroga* Palacios comentan que moitas das familias que se instalan nas vivendas desde o principio chegan expropiadas doutras zonas de Santiago, como A Guadalupe, San Pedro, San Caetano, Conxo,

Entrerríos, Belvís, entre outras. O persoal da Sindical, ou do propio Concello, visita as vivendas das zonas que van derruír para ver a cantas familias deberán acomodar noutro lugar. Nestes casos, as familias teñen preferencia e poden acceder directamente ás vivendas protexidas, sen ter que cursar a solicitude. As informantes R.G. e M.G. explican como foi o proceso:

> Porque nos expropiaron as viviendas, bueno, xa non eran nosas, pero expropiáronas. Pa aquí viñeron todos os expropiados, tamén de San Cayetano, e de San Pedro... E todo Entrerríos, a calle Entrerríos estaba toda expropiada[74]

> Claro, a maioría foi por eso, despois hai xente que veu, pideu por sorteo, non que a iban expropiar, pero ao mellor, pois, necesitaban unha vivienda e entonces foi por sorteo, hubo unhas cuantas, pero a maioría foron expropiadas todas [...]. Nos cando viñemos, que fomos os primeiros de Guadalupe, daban a escoller. A min dábanme aquí no medio, o sea, neste edificio do medio. Daquela viñera meu pai con nos e díxenlle "*Non vou. Eu pa aí non vou*" [...] E Santiago, que era o que estaba na Sindical das casas vellas..., foi meu pai falar con el e déronme alí no parque na esquina, e había o segundo, o terceiro e o cuarto, e dixen, no, o segundo, tiña o neno pequeno e meus pais estaban en San Cayetano [...] Despois xa non eh, cando veu os do segundo grupo xa non daban, pa donde lle tocaba tiñan que ir.[75]

Pero nos casos en que si hai, solicitude , "O meu home" é a resposta máis habitual á pregunta sobre quen e como solicitaron a vivenda. "Eu fun á Sindical", especifica C.P., a única informante que ten un traballo remunerado e está solteira. Ela presenta a solicitude porque a animan a facelo no seu traballo[76];

Ademais da información na prensa local, *El Correo Gallego* e *La Noche*, sobre a futura construción do grupo de vivendas, a poboación é coñecedora, por grupos de vivendas construídos anteriormente, de que as autoridades ofrecen ás persoas unha vivenda social[77]. Son varias as informantes que saben destas prácticas:

[74] Entrevista a R.G. 17/06/2025, Santiago
[75] Entrevista a M.P., 17/06/2025. Santiago
[76] Convén puntualizar que C.P. traballa nun contexto relixioso, onde, ademais, ten contacto cun membro da sindical. Posiblemente dende alí puideron mediar para facer posible a concesión dun ben tan demandado como unha vivenda, nova e baixo unhas condicións económicas moi vantaxosas, a un núcleo familiar non prioritario (muller solteira e sen fillos).
[77] O traslado de familias a zonas de próxima demolición dáse tamén noutras xeografías cun problema habitacional máis grave que o existente en Santiago. Esta práctica provocará o crecemento das barriadas chabolistas preexistentes, ante a perspectiva, real ou non, de que as autoridades faciliten unha vivenda ás familias alí asentadas (Del Arco& Román, 2020: 83).

Outras informantes en cambio, tramitaron a solicitude, pero foron os seus maridos os encargados das xestións. Salvo no caso da informante C.P., que fixo ela mesma a solicitude porque por entón estaba solteira e vivía en San Pedro: "De aquí, da rúa de San Pedro expropiaron a moita xente que foi para Pontepedriña. Aquí tiraron moitas casas"[78]

Con respecto ás vivendas do grupo *Compostela*, entregadas en 1957, non nos foi posible contrastar a información da hemeroteca e dos arquivos coas fontes orais. Este grupo presenta unha forte mobilidade; as persoas que entraron nesas vivendas faleceron ou abandonaron o barrio, pola ausencia de servizos básicos, e moitos dos seus fillos e fillas mudáronse do barrio. As informantes aseguran que en moitos casos as vivendas foron vendidas ou alugadas e que tamén abundan os pisos desocupados:

4.3. As actitudes fronte ao Réxime

Entre a propaganda das políticas sociais do franquismo, a relacionada coa vivenda pode considerarse como un dos principais instrumentos xeradores de consentimento entre a poboación. Un consentimento activo ou pasivo, este último máis tolerante e, polo tanto, menos hostil á ditadura (Fuertes, 2017: 208). A análise das actitudes da poboación ante o franquismo é un complexo, diverso e amplo campo de investigación ao que nos aproximaremos de forma moi superficial. Dende un enfoque de xénero, neste traballo queremos aplicar unha perspectiva "desde abaixo" para achegarnos á vida cotiá das persoas beneficiarias das políticas de vivenda e intentar identificar as súas actitudes cara ao Réxime. Interésanos ver se a condición de beneficiarias puido favorecer o consentimento cara ao Réxime, ou se, pola contra, ese feito non alterou a opinión destas persoas sobre a ditadura. Somos conscientes de que as actitudes non sempre son facilmente catalogables, senón que responden a combinacións de causas variadas e tamén de que as testemuñas poden estar moi influenciadas polo presente (Hernández & Fuertes, 2015: 50). Así as cousas, centrarémonos nas vivendas sociais do barrio de Pontepedriña en Santiago de Compostela. Esta é unha realidade espacialmente reducida, en relación con outras actuacións do Réxime en materia de vivenda, pero pensamos que pode ser socialmente extensible a outras de maior tamaño e situadas noutras latitudes.

Os anos cincuenta traen consigo o inicio de cambios que se irán consolidando no *desarrollismo* (1959-1975). Nesa transformación están presentes diversos factores que actuarán como elementos de continuidade e tamén de ruptura co Réxime. Entre eles cabe destacar: a

[78] Entrevista a C.C., 07/07/2025, Santiago

relativa mellora económica; a "apertura" do Réxime e a súa integración no contexto internacional; a omnipresencia nacionalcatólica e os diversos mecanismos oficiais de socialización e participación na política do réxime. A confluencia de todo isto ten o seu reflexo nun espectro de actitudes da poboación moito máis complexo que o do período da posguerra[79], no que a memoria da guerra como elemento de lexitimación perde vixencia. Á vez obsérvase como o crecemento da economía vai funcionar como elemento "acomodaticio" e mitigador de actitudes de protesta entre determinados sectores sociais, e, pola contra, como a evidencia da ineficacia do Réxime para lograr o apoio das clases traballadoras.

Nas décadas dos anos 60 e 70, a situación non se simplifica. Pola contra, outros factores -que, a diferenza dos antes mencionados, orixínanse "desde abaixo"- vanse amplificar, pese ao novo discurso do *desarrollismo* que a ditadura adopta dende finais da década dos 50, sustentado na "paz" e o "progreso" que fan posible o "*milagro español*". O novo discurso *evidencia* o éxito das políticas do franquismo, a modernización do país e a creación do "Estado do benestar" (Hernández, 2024: 53). Con todo, a distancia entre o modelo de sociedade nacionalcatólica do Réxime – en especial no que respecta ás mulleres- e a poboación que xa non viviu a guerra, fará inevitable a mobilización de sectores sociais, como as clases traballadoras e o movemento estudantil, cara a posicións de ruptura coa ditadura (Hernández, 2020: 51-52). Neste contexto conviven, por unha parte, a normalización da ditadura e a desmobilización de parte da sociedade e, por outra, o fracaso rotundo dos instrumentos de socialización política do Réxime e o inevitable distanciamento cultural das novas xeracións (Hernández & Fuertes, 2015: 64). O Réxime continuará co seu movemento pendular entre a imaxe cara ao exterior e as dinámicas internas que, na medida do posible, pretenden manter á marxe desa modernidade á poboación española e reservala para os turistas que visitan o país por ocio ou por negocio.

4.3.1. As *milagrosas* políticas de vivenda e as actitudes sociais

No inicio deste punto xa se comenta a dificultade para valorar as actitudes da poboación ante o Réxime, polas múltiples variables implícitas neses comportamentos. As políticas de vivenda non son unha excepción, no sentido de que a percepción positiva derivada do feito de conseguir unha vivenda non implica necesariamente unha ideoloxía afín á oficial. O Réxime, consciente desta realidade que invalida os seus esforzos para captar ás masas, vai aplicar outras estratexias que lle permitan ampliar os seus apoios entre a poboación. Unha destas estratexias, se non a

[79] Durante os anos corenta cabe destacar a "indiferenza" de amplos sectores intermedios en relación á política; se ben é certo que esa posición obedecería, en boa medida, a estratexias de supervivencia nun contexto de extremas carencias en todos os sentidos, e tamén á necesidade de reconstruír certa normalidade na vida cotiá tras vivir a experiencia da guerra (Hernández &Fuertes, 2015: 64)

principal, é a propaganda. Pese á pobre actuación estatal no ámbito da habitación- cuestión tratada no punto 3 deste traballo-, o Réxime non desiste de amosar o seu compromiso co problema da vivenda das clases populares, con especial énfase nos *resultados* das súas intervencións. Para iso fará un uso masivo da propaganda, caracterizada polo ton triunfalista no discurso e pola ampla cobertura mediática -publicacións da OSH, prensa, radio e televisión-, co obxecto de difundir en particular os actos oficiais (Pérez, 2020: 140). Na propaganda da OSH e nas revistas da SF, a muller aparece indisolublemente unida ao fogar, como se infire desta publicación da revista *Y* da SF:

> Si es cierto que la vivienda es consustancial al hombre, aun es más cierto su consustancialidad con la familia (...) Y si el matirmonio (...) es algo en que predomina la misión de la madre, la familia y el hogar son hechura y reflejo de la mujer.[80]

En realidade, a propaganda empeza moito antes, cando as vivendas son un proxecto susceptible de non chegar a término[81]. Todas as informantes son claras a este respecto, "*Home, porque se anunciaban, para que fixeras a solicitud e todo eso [...] Mandaron que se ían facer e entonces xa estabas alerta*"[82] Outras informantes comentan que os seus maridos entéranse no traballo.[83] Pero o momento álxido da propaganda concéntrase no cerimonial creado en torno á inauguración antes da entrega das vivendas, coa presenza das autoridades franquistas, locais e nacionais, ademais da representación da Igrexa que debe bendicir os grupos de vivendas.[84]. Estes actos son a ocasión perfecta para glorificar a persoa do ditador e identificalo como o responsable do progreso no país. (Hernández, 2020: 56). En resumidas contas, pódese dicir que toda actividade relacionada coa construción de vivendas recibe a máxima atención dos medios, aínda que sobre todo o proceso destaque a cobertura da entrega das vivendas.

O efecto desta propaganda na poboación podería relacionarse coa evidente mellora na situación das persoas que veñen de vivir na miseria e pasan a acceder a unha vivenda nova, con

[80] Hernanz Cano, L. "Mil tescientos millones de pesetas en viviendas protegidas. Ingente labor de la OSH", *Y. Revista para la mujer, 1 de agosto de 1945.* Citado en Pérez, 2020: 151.

[81] Na prensa local son numerosas as mención á construción de vivendas, desde que so é un proxecto ata que se fai entrega das mesmas. Os anuncios da próxima entrega van sucedéndose durante meses ou anos.

[82] Entrevista a B.R., 18/06/2025, Santiago.

[83] Ademais da difusión nos medios de comunicación, convén sinalar o feito de que Santiago é unha localidade pequena, e tendo en conta os prolongados tempos na construción destes grupos non parece arriscado pensar en que a información é coñecida pola poboación. Ademais, estas non son as primeiras casas construídas polo Réxime, como sinalan as informantes que falan das primeiras "casas de pobres" localizadas no barrio de Conxo .

[84] No apartado anterior faise referencia á difusión na prensa escrita (El Correo Gallego) da inauguración das vivendas do grupo *Cardenal Quiroga* o 18 de agosto de 1972 á que asiste o *ministro de la Vivienda*, Vicente Mortes Alfonso, acompañado por outras autoridades do Estado e eclesiásticas, como é o caso do Cardeal Quiroga Palacios, que dá nome ao grupo.

servizos dos que non dispuñan anteriormente, como é un cuarto de baño propio. As informantes comentan algunhas das carencias das vivendas de aluguer antes de trasladarse as sociais: "Eu cando che vin paquí, donde estaba non che tiña cuarto de baño, tiñamos un váter. , había un deses de madeira".[85], outra informante comenta: "Bueno, eu tiña unha habitación, non tiña un cuarto de baño"[86]. E B.R., que, con familia numerosa, vivía de aluguer, tamén declara: "[´...]tiña váter porque o puñemos nós: Era un burato con unha tapa que era de madeira. Nós tiñamos váter, porque claro facía falta, pero non tiña sitio, era pequeniño e non tiña sitio para ducha [...].[87]

En cambio, a innegable materialidade das vivendas e a súa pervivencia no espazo, permiten á ditadura facer destas políticas unha fonte inesgotable de propaganda co propósito de lograr o consentimento da poboación menos adepta. Na etapa do *desarrollismo,* a propaganda sobre a vivenda tamén será utilizada para difundir o discurso do "progreso" e, sobre todo, o da "cultura da propiedade". A posesión dunha vivenda, de electrodomésticos que facilitan a vida doméstica, darían lugar a certa tendencia acomodaticia; a evitar a mobilidade e a fomentar a creación de familias: Conformaríanse mentalidades máis pasivas que axudarían á difusión de actitudes despolitizadas, de interese para o Réxime (Hernández, 2024: 57)

Entre os instrumentos que o réxime franquista utiliza para xerar entre a poboación actitudes de consentimento destacarían as políticas e discursos relacionados coa vivenda (Fuertes, 2020: 209), incluíndo aquí os numerosos actos propagandísticos que acompañan á construción, sorteo e entrega de vivendas sociais

No que respecta ás posibles actitudes de consentimento de cara ao réxime non identificamos ningunha actitude desta natureza. Unicamente o agradecemento a un veciño que axudaba nas xestións coas autoridades locais, o Señor Emilio, pero que non era un Enlace da Sindical. Somos da opinión de que a fórmula de "colaboración por conveniencia" axustaríase mellor que outras interpretacións ás realidades das persoas beneficiarias das vivendas dos grupos obxecto de estudo.[88] Por "colaboración por conveniencia", seguimos a argumentación de Ana Cabana, quen considera que as políticas sociais do réxime constitúen un claro exemplo deste tipo de actitude da poboación cara á ditadura (2011: 100-102). Así, entendemos que esta fórmula identificaríase

[85] Entrevista C.P., 18/06/2025, Santiago.
[86] Entrevista L.B.,18/06/2025, Santiago.
[87] Entrevista B.R., 18/06/2025, Santiago.
[88] Non podemos saber se habería diferenzas en relación coas actitudes cara ao Réxime entre as persoas dos grupos Compostela e as do grupo Cardenal. A falla de testemuñas das persoas beneficiarias do primeiro grupo impide extraer conclusións sobre o posible cambio, aínda que as testemuñas das súas fillas e fillos desmenten con claridade calquera tipo de actitude de consentimento (Entrevistas a R.V. e a C.C.).

nas distintas fases do proceso de adquisición dunha vivenda social. Isto é: na propaganda a través da prensa, da radio, da televisión e de diversos actos oficiais, nos que as autoridades vanglórianse da obra social do réxime. O mesmo sucede nas xestións a realizar polas persoas interesadas para optar a unha vivenda social. E tamén na obrigada presenza das persoas adxudicatarias nos actos de sorteo, de inauguración e de entrega.

Independentemente do grao de adhesión ao réxime destas persoas, a súa participación neste tipo de cerimonial propagandístico é utilizada como *elemento lexitimador* polo Réxime; caso aparte é a consideración que estas persoas teñan sobre a ditadura e a importancia que concedan a ser "utilizadas" pola propaganda oficial. O pragmatismo do Réxime ten o seu correlato no da poboación, que utilizará todos os recursos ao seu alcance para obter o máximo beneficio das sistemáticas impostas polas autoridades. Un posible caso desta relación de "colaboración por conveniencia" atopámolo na testemuña de M.G., do grupo *Cardenal Quiroga*. Esta informante instálase coa súa familia nunha vivenda en aluguer ubicada nunha zona da cidade determinada, porque sabe que derrubarán todo e que darán vivenda protexida á xente alí ubicada.

> Caseime e fun pa Guadalupe porque meu irmán tiña un amigo e díxolle "ir pa Guadalupe que van tirar as casas todas" e […] Estuvemos dez meses alí.. Pero bueno, ós dez meses viñemos para aquí encantados. Ai si, bueno, o cambio perfecto. [...]. A maioría foi así, foi por expropiarlles as casas.[89]

Unha vivenda destas características sempre vai ofrecer unhas condicións económicas e de habitación infinitamente mellores que as de calquera vivenda á que poderían acceder no mercado libre. Ademais, teñen a opción de adquirir a vivenda en propiedade transcorridos uns anos: "*Pagabamos oitocentas pesetas, moito máis que os outros, porque eran de antes. Era unha casiña vella, moi vella...*"[90],. E outra das informantes corrobora o elevado prezo dos alugueres "[...] Alí pagábamos dúas mil pesetas!, eh, daquela, fai cincuenta e pico de anos..."[91]

Aínda que as informantes consideran o cambio moi positivo, tamén manifestan as limitacións da vivenda en canto á dotación e tamaño da cociña. As reiteradas referencias á pequena cociña levan a pensar na arquitectura habitacional de masas que se desenvolve no século XX en España, que vai reproducir o modelo estándar unifamiliar baseado en estereotipos da desigualdade entre mulleres e homes; isto é, cociña pequena-salón/sala grande. A arquitectura é, por entón, unha disciplina masculina, o cal podería ser unha das causas da irrelevancia que os arquitectos dan ao

[89] Entrevista a M.G, 17/06/2025, Santiago
[90] Entrevista a R.G., 17/06/2025, Santiago
[91] Entrevista a M.G., 17/06/2025, Santiago

o uso duns espazos que, de entrada, lles resultan alleos, que consideran secundarios e que non asocian cun espazo de traballo, como é o caso da cociña. Os lemas do tipo *"Hogar, dulce hogar"* relaciónanse tamén coas atencións aos "cabezas de familia" tras a dura xornada de traballo. O fogar masculino é un espazo de descanso e ocio, non de traballo, como si o é para as mulleres.[92]Desde a SF faise referencia ás limitacións construtivas das casas, aínda que a intención sexa mellorar as condicións do fogar para que a muller permaneza nel máis agosto nas súas responsabilidades de nai e esposa. O artigo "*Por las sufridas amas de casa*" que a periodista de *Arriba,* Marichu de la Mora, escribe en 1944 na Revista Nacional de Arquitectura reza así:

> Todo lo que es tono menor en una casa (cocinas lavaderos, armarios, etc., etc.) aparenta estar hecho con la sola preocupación de demostrar al público que su cuidado o estudio hubiera sido denigrante para el arquitecto […] [las amas de casa] estamos - y cuanto más en estos tiempos de escasez de vivienda- a merced de los arquitectos, y si ellos no se apiadan de nosotros y no nos conceden el poseer, al menos, un poquito de razón, estamos perdidas (RNA, 1944: 30) (Citado en Candela, 2019: 51)

A informante R.G. declara sobre a vivenda: "[…] había que poñerlle moitas cousas, tiña unha cociña pequeniña, moitos detalles...a cociña era sin amueblar nada[...] , namais que pa cociñar e non había onde poñer unha tarteira, sácala da cociña e non había donde poñela*".*[93]

Neste punto podemos concluír que nas entrevistas realizadas ás mulleres beneficiarias de vivendas dos grupos *Cardenal Quiroga* e *Compostela* non se identifican comentarios que leven a pensar en actitudes de consentimento cara ao réxime, senón o contrario. Exprésase con claridade a mellora que supón instalarse nestas vivendas, pero tamén o feito de telas pagado co seu esforzo e de non deber nada a ninguén: "*Cada un tíñao ben asegurado, ben sabía cando o compraba e sabía o que facía que para eso tuvo que dar os cartos, que non os dou él (Franco)."*[94] Todas elas séntense merecedoras das vivendas porque foi o propio Réxime quen as obrigou a abandonar os seus anteriores domicilios, polo que ven lóxico ser compensadas cunha vivenda que van pagar, non é regalada.

[92] Para unha análise da vivenda protexida no franquismo desde o punto de vista da Historia da Arquitectura ver: "*La vivienda desde el femininismo como espacio para la transformación social",* da arquitecta María Novas-Ferradás.
[93] Entrevista a R.G., 17/06/2025, Santiago
[94] Entrevista a D.G., 17/06/2025, Santiago

4.4. A sociabilidade das mulleres

Como se adianta no anterior apartado, a instalación nunha vivenda nova supón unha importantísima mellora nas condicións de vida das familias. Pero iso non implica que non haxa un proceso de adaptación que nalgúns casos resulta máis difícil que noutros, dependendo da experiencia vital das protagonistas. É un movemento pendular que conxuga o avance material e o retroceso persoal na vida de moitas mulleres. O traslado ao novo barrio provoca a ruptura da súa sociabilidade previa e o inicio doutra nun lugar que, de entrada, lles resulta inhóspito e no que deben afrontan os problemas soas -porque os seus maridos pasan boa parte da xornada fóra, traballando.[95] É unha situación á que deben adaptarse. A informante R.G., que vivía ao lado da Praza do Obradoiro, sinala, de forma moi explícita, que o cambio para ela non foi positivo: "A min cambioume moito porque vivíamos en Entreríos, no corazón, alí, e os nenos iban á Inmaculada [...] E todo alí, taba todo alí no corazón, e vir pa aquí pa nos foi coma ir pa un desierto".[96]Queremos sinalar tamén o comentario sobre como ao seu marido non lle afecta, porque pasaría boa parte da xornada fóra da casa e non vive o illamento que ela si percibe: "El (traballaba) de carpinteiro. El non lle importou porque tiña un 600 e subía no coche sempre".[97] Pola contra, outras informantes viven o traslado a Pontepedriña como algo moi positivo: "[...] ós dez meses viñemos para aquí encantados. Ai si, bueno, o cambio perfecto".[98]

4.4.1. A socialización entre a veciñanza. A sociabilidade das mulleres

A sociabilidade das mulleres nos barrios vén determinada pola súa condición de nais e esposas; isto é, pola carga de traballo derivada de asumir a responsabilidade de todo o relacionado coa familia e o fogar. Os lugares de socialización nos grupos de vivenda obxecto de estudo reproducen de forma contundente a separación de espazos que a política de xénero do réxime defende. Así, os varóns socializan fóra do barrio, porque este carece de taberna ou bar onde se dispense alcool; nas proximidades das vivendas existen bares onde moitos deles pasan boa parte do seu tempo extralaboral. As testemuñas de segunda xeración confirman un consumo xeralizado de alcool entre os "cabezas de familia" e tamén a de violencia de xénero, aínda que en menor grao. Este tipo de comportamentos vai illar aínda máis ás mulleres, especialmente a

[95] A sensación de illamento non se daría entre os varóns porque a gran mayoría traballa fóra da casa e, sobre todo, porque manteñen as súas rutinas de sociabilidade tamén fóra do barrio, prolongándose máis aínda o tempo que pasan fóra da casa.
[96] Entrevista a R.G., 17/06/2025, Santiago.
[97] Entrevista a R.G., 17/06/2025, Santiago.
[98] Entrevista a M.G., 17/06/2025, Santiago.

unha porcentaxe nada desprezable que non realiza ningún tipo de actividade laboral fóra do fogar e, polo tanto, se ven na obriga de solventar os problemas da vida cotiá no espazo do barrio. A informante R.G. transmite as dificultades para adaptarse ao novo barrio. No seu caso percíbese o desgusto polo traslado a unha zona apartada e, ante a pregunta de se o cambio supuxo empeorar a súa situación a resposta da informante é clara: *"Si, pa nos si"* e puntualiza *"Pa min si".* Posiblemente nesta valoración inflúa o feito de que cambiar de domicilio supuxo tamén perder uns servizos para os seus fillos antes accesibles ao lado da casa, sobre todo a nivel educativo: "*E no convento dos frailes, alí había actividades de toda as clases paos rapaces, e aprenderon a escribir a máquina alí [...] Era unha marabilla, todo botar o pé da casa e xa estaban alí*".[99] Con respecto á relación coa veciñanza, as mulleres deben adaptarse a outro tipo de interacción. Neste sentido, R.G. comenta como era esta interacción na anterior vivenda, onde a propia estrutura do inmoble implicaba unha relación máis próxima:

> […] claro, xa se sabe, hai que adaptarse…Antes nos vivíamos nun 2º. No 1º vivía un matrimonio con fillos que el era guardia civil, e nos para ir pao 2º había que pasar pola casa del, era coma case pasarlle pola cociña e eramos todos un... eramos todos.[100]

Un dos espazos historicamente vencellado á sociabilidade feminina é o lavadeiro. Neste caso non se dá este vencello, porque as vivendas están dotadas dun pequeno pilón onde as mulleres lavan a roupa sen necesidade de saír da casa. En lugar diso, xúntase no "clareo", ás veces na Fonte dos Capitáns, diante das casas. No parque coinciden as mulleres dos dous grupos de vivenda, aínda que a diferenza de idade entre elas condiciona as relacións, como se infire da afirmación de M.G.*: "a xente maior, asi bueno, abuelas que eran tal, xuntábanse todas no parque e había un corrillo terrible"*[101]*.* Outras mulleres prefiren a rúa, diante dos portais, ou no descampado onde actualmente están as pistas de balconcesto e futbito *e "alí onde dea o sol"*[102]. Non hai unha relación estreita entre as mulleres dos dous grupos de viviendas, pero si entre os fillos e fillas. Con todo, o principal lugar de reunión é a tenda do barrio. A tenda era, e segue sendo, un punto de sociabilidade moi importante no barrio: "penso que é unha das zonas que sigue sendo de reunión pero igual de aquela máis acentuado, era a tenda, que é en donde se falaba realmente todo."[103]Aínda que tamén van á praza de abastos, sobre todo desde que hai autobús e porque xa compraban alí antes de ir para Pontepedriña. na medida do posible tratan de manter certas rutinas coa súa vida anterior, porque por entón o barrio para elas ofrecía pouco

[99] Entrevista a R.G., 17/06/2025, Santiago
[100] Entrevista a R.G., 17/06/2025, Santiago
[101] Entrevista a M.G., 17/06/2025, Santiago
[102] Entrevista a C.C., 07/07/2025, Santiago
[103] Entrevista a R.V., 25/06/2025, Santiago

máis que a habitación. En cambio, as fillas e os fillos amosan moi bo recordo e participan na vida do barrio

Un momento de socialización importante é a celebración das festas patronais de *"Nuestra Señora de Fátima"*. Nestas festas xúntase toda a veciñanza e vén tamén xente do Castiñeiriño e de Conxo, porque "*As festas de "Vuelva mañana"* [grupo Compostela, ou "as casas vellas"] teñen fama de ser moi boas, sobre todo antes dos problemas de peleas, por uns... Mirabas pola ventana e eran todo cabezas!, había moito ambiente, moita xente".[104]

4.4.2. O traballo dentro e fóra da casa

As mulleres entrevistadas non traballan fóra da casa, excepto unha, razón pola cal non se ven na situación de ter que recorrer á axuda das veciñas. A escolarización está normalizada e deixa ás mulleres o tempo suficiente para organizar as tarefas da casa. No caso de necesitar algo recorren á familia: "Eu non tiña problema que tiña a meus pais […] e os demais non che sei",[105]ou buscan o modo de organizarse: "Eu non che tuven tanta suerte, eu sempre che anduven con eles coma o canguro cos tres, por eso non traballei, hasta que foron grandes non traballei".[106]Cando son familias numerosas é habitual que as fillas de maior idade se encarguen do coidado dos menores. En todo caso, a condición *sine qua non* de atender á familia prevalece sobre a posibilidade de mellorar a economía do fogar; especialmente no caso dun traballo fóra da casa e, en menor medida, se son actividades subsidiarias realizadas no propio domicilio, como "apoio" á economía familiar. Neste sentido, a desvalorización do traballo domiciliario é manifesta fronte ao realizado fóra, de aí a consideración de actividade de "pequena axuda" á economía familiar.

> Bueno, daquela facía os paraguas na casa. Bueno, pero non..., a ver, era... mentres elen iban..., eu íbaos levar, íbaos buscar, e facía todo...[...] Pero bueno, non era un traballo como tuven despois. Era unha axudiña pequena. [...] Pero como eu os fillos nunca os quixen deixar, que xa me deixaron a min […].[107]

Outra manifestación que se observa de forma reiterada, e que debe moito ás políticas laborais do franquismo, é o abandono do posto de traballo por parte da muller cando casa, incluso antes de ter fillos. Estes comportamentos reflexarían o modelo "*ganador de pan-ama de casa*", que limita o traballo feminino durante o franquismo (Borderías & Martini, 2020: 76). Pero,

[104] Entrevisa a R.G., 17/06/2025, Santiago. Explica que as festas decaen a causa das pelexas, pero non especifica cando sucede.
[105] Entrevista a M.G., 17/06/2025, Santiago.
[106] Entrevista a M.C., 17/06/2025, Santiago.
[107] Entrevista a M.C, 17/06/2025, Santiago.

pese á interiorización dos espazos de xénero establecidos pola ditadura, a realidade das familias, moitas delas numerosas, fará que nalgúns casos eses espazos sexan permeables.

4.4.3. A "sororidade"

No grupo de vivendas *Cardenal Quiroga*, a relación de sororidade máis clara que puidemos identificar é a establecida entre as veciñas que proceden de núcleos rurais. Estas veciñas apóianse entre elas nos traballos da terra, incluso no coidado dos fillos e fillas se fose necesario. Despois reúnense e comparten a colleita, pero non chega a establecerse unha conduta sistemática, senón que solicitan axuda cando a necesitan:

> No meu edificio si, algunha si. Porque nós íbamos para as leiras a poñer as patacas e cando viñas de traballar xuntabámanos e uns axudabamos aos outros, aquela axudáballe a ela, ela axudábame a min, a poñer así nas leiras e eso.[108]

Esta relación dáse entre veciñas do mesmo portal ou bloque, pero non máis alá. Entre as demais veciñas hai apoios, pero de forma puntual, como sinala a informante R.V., inquilina de segunda xeración (filla dos propietarios) do grupo *Compostela*

> [...]apoios puntuais, osea hasta ese punto. Porque todas tiñan unha necesidade de sacar aos seus fillos adiante. Eu que si, por exemplo, teño claro que nesa época a porta estaba sempre aberta, tí ibas para o segundo, para o primeiro, pa o tal, cunha facilidade tremenda, e pasabas a tarde merendando no cuarto e baixabas a ver que había no segundo... Quero dicir, era unha sensación de vivir…de compartir pois eso, momentos, ou merendas, os nenos xogábamos xuntos…[109]

Pese a non identificarse unhas redes de apoio sólidas, a relación entre a veciñanza era boa e había confianza, como se deduce das referencias ás portas abertas das vivendas. Así, C.C. afirma "non se pechaban porque alí non roubaba nadie"[110]. E tamén é habitual que entre as veciñas presten axuda ocasional ás familias desestruturadas, normalmente atendendo aos fillos que viven situacións de certo abandono. A veciñanza, en xeral, non estigmatiza ás familias conflitivas, senón que algunhas veciñas fan por integralas, na medida das súas posibilidades.[111] Non se

[108] Entrevista a C.P., 17/06/2025, Santiago
[109] Entrevista a R.V., 25/06/2025, Santiago
[110] Entrevista a C.C., 07/07/2025, Santiago
[111] A informante C.P. sae na defensa dunha destas familias consideradas conflitivas:

> […] E eu que conste que cando tuven as nenas tuven a Otilia na casa, ehhh! e a min jamás de la vida me faltou nada ¡e deixaba quedar as miñas esclavas alí, as eclaviñas das nenas que tiñan, e jamás de la vida me faltaron nada!

observa a posibilidade de establecer apoios sostidos entre as veciñas que puideran facilitar traballar fóra da casa, porque non era viable comprometerse a asumir máis carga de traballo. Como indica a informante R.V. no anterior párrafo: "todas tiñan unha necesidade de sacar aos seus fillos adiante".

5. O BARRIO COMO XERME DO ASOCIACIONISMO VECIÑAL: AS REIVINDICACIÓNS DA COMUNIDADE

A poboación dos suburbios, ante o fracaso das medidas do Réxime, tomará conciencia da necesidade de iniciar unha acción colectiva para revertir a realidade da infravivenda[112]. Así, a base do movemento veciñal dos anos 60 e 70 atopámola no inicio da vida (proto)asociativa nos suburbios; na configuración de núcleos de veciñanza en torno ás redes de apoio, creadas nos barrios con conciencia sobre a problemática urbana; e na xeración dunha identidade colectiva, baseada en compartir un perfil socioeconómico, a ausencia de servizos urbanísiticos e a percepción de vivir realmente *fóra* da cidade (Bordetas, 2010: 27-28).

5.1. As problemáticas sociais e o abandono das administracións

As problemáticas que desencadean a loita veciñal e que promoven o asociacionismo son diversas. Pero, en calquera caso, loita e asociacionismo teñen en común denunciar as carencias en servizos que afectan á comunidade. A política de vivenda franquista segrega "habitacionalmente" á poboación mediante unha categorización das vivendas nas que o factor económico é excluínte. O resultado de aplicar esta normativa é a conformación de barrios ou comunidades que se diferencian claramente polo perfil socioeconómico dos seus inquilinos e inquilinas.

Unha das reivindicacións máis recorrentes na vivenda social franquista está relacionada coa mobilidade. Normalmente estes barrios localízanse na periferia e carecen de medios de transporte que permitan á veciñanza desprazarse e realizar as actividades da vida cotiá, sexan

[112] A magnitude do problema migratorio nas décadas dos anos 50 ata os 70 sumada á inoperancia das autoridades do Réxime, a corrupción das institucións, a especulación e a ausencia de planificicación urbanística darán como resultado a aparición do fenómeno suburbial nunhas dimensións sen precedentes. Desde o *Ministerio de la Vivienda* actuarase permitindo que se constrúa con calidades mínimas e en localizacións perifericas e illadas, fomentando a especulación cun solo que se recalifica para uso residencial. Deste modo, o terreo intermedio entre a urbe e estes polígonos de vivendas convértese en espazos válidos para o negocio construtivo, malia que se trata de espazos xa ocupados por núcleos de vivenda marxinal. O Ministerio pretende eliminar o suburbio, entendendo como tal aquel que non cumpra cos valores culturais, políticos e sociais do Réxime e no que dificilmente pode ampliar a súa base de apoios. Pero esta pretensión finalmente queda en mero discurso, xa que o modelo especulativo alentado polo Estado ten outros obxectivos (Bordetas, 2010: 25-26).

laborais, educativas, sanitarias, de consumo ou de ocio. A falla de transporte condiciona totalmente as posibilidades de mellorar a situación da poboación destes barrios. No *Arquivo de Galicia* figura un expediente enviado por un inquilino en representación do grupo *Compostela*, no que se presenta unha reclamación colectiva á OSH en abril de 1958, e ao Ministerio de la Vivienda en xullo, por un amumento nas rendas mensuais. Entre as causas que alegan está a ubicación das vivendas a máis de 2,5 kilómetros do centro urbano sen contar con medios de locomoción.[113]

Salvo esta cuestión, nas entrevistas realizadas a persoas de ambos grupos confírmase que non houbo peticións conxuntas, nin dirixidas á *Sindical* nin ao *Ayuntamiento.* De feito, todas as informantes reiteran o bo estado das vivendas e a existencia de infraestruturas urbanísticas, como as beirarrúas, o alumeado público, o parque (na segunda fase) e autobús para desprazarse ao centro de Santiago. En cambio, destacan como aspecto negativo a illada localización do barrio: "[…]isto era bastante apartado. E isto todo era prado, leiras…Isto… non había nada".[114] A situación económica das familias do grupo *Compostela* é limitada, como se infire da reclamación presentada na OSH polo incremento das rendas e da afirmación do informante C.C.: "Veías o que comía a xente, porque antes estaban todas as portas abertas, e alí había necesidad. Víalo. Había moita necesidad."[115]O alcume do grupo era "*Vuelva mañana",* en referencia á resposta que, supostamente, recibían en cada porta os comerciantes cando intentaban cobrar as débedas dos veciños**.** Isto reforzaría a idea dunha economía precaria que posiblemente tamén estaba estendida entre a veciñanza do grupo *Cardenal Quiroga*, onde, segundo unha das informantes, había moitas máis familias numerosas que no grupo Compostela: "Da nova traballaban moitas porque, así como onde eu vivía [grupo Compostela], bueno, 4 ou 5 fillos era moito, aquí hai familias numerosas, pero numerosas, de 10-11 fillos".[116]

En canto á conflitividade, as informantes afirman que houbo momentos puntuais de violencia; nas festas patronais houbo pelexas ou enfrontamentos entre xente do barrio ou doutros barrios. As festas eran moi populosas e sempre había algún percance. O problema real virá a partir dos anos oitenta, cando o consumo de drogas esténdese entre a poboación xoven do barrio xenerando tensións e situacións de violencia, como sucede noutros barrios de Santiago (por exemplo, en Vite). Con todo, as informantes non consideran que fose un barrio inseguro e as poucas familias problemáticas que había "[…]respetaban o barrio. Fóra non sei o que farían,

[113] *Arquivo de Galicia*.Expedientes de facturación. Caixa 709-Expediente c-590. Carpeta 1
[114] Entrevista a R.V., 25/06/2025, Santiago.
[115] Entrevista a C.C., 07/07/2025, Santiago
[116] Entrevista a R.V. , 25/06/2025, Santiago

pero o barrio respetábano".[117] Por último, queremos sinalar as referencias das testemuñas do grupo *Compostela* sobre a elevada presenza do alcoolismo entre a poboación masculina e á existencia de casos de violencia de xénero no barrio, aínda que se o primeiro era xeralizado, o segundo asociábase ás familias conflitivas e desestruturadas. As persoas maiores non declaran nada ao respecto- salvo o abuso no consumo de alcool nas festas-, pero si as testemuñas da segunda xeración, tal vez por recibir outra educación que axuda a non "normalizar" esas prácticas ou por influencia do presente: "Os que viñan medios emperipitados, que aquí había moitos. Eles. Elas cos nenos e eles viñan colocadísimos.[`…] Aquí houbo maltrato profundo."[118]

5.2. O papel das mulleres no movemento veciñal e nas Asociacións de Amas de Casa

A mobilización feminina en torno á solidaridade maniféstase de distintos modos ao longo de toda a ditadura e esténdese, en maior ou menor grao, a todo o territorio do país. Trátase dunha mobilización colectiva onde conflúen distintas xeracións, con perfís e intereses tamén diferenciados. Isto será motivo de conflito, pero tamén de maior cohesión entre as mulleres, que serán quen de crear novos *espazos* de entendemento. É na súa heteroxeneidade onde reside a axencia deste movemento para abordar novas problemáticas, como a proliferación dos barrios de chabolas (Cabrero, 2015: 209)

A mobilización das mulleres nos barrios desenvolverase dende as asociacións de amas de casa e as asociacións veciñais, dentro da organización contemplada na *Ley de Asociaciaciones* de 1964. Desde unha visión moi superficial, poderíamos dicir que as diferenzas entre os actos de protesta na posguerra e os dos anos sesenta estarían relacionados co nivel de organización. Así, na posguerra serían maioritariamente accións individuais, ou dun grupo reducido de mulleres, baixo unha organización mínima ou inexistente, fronte as accións colectivas e organizadas dos anos sesenta en diante. Tamén é determinante o contexto no que se desenvolven; de fame e represión na posguerra fonte a un escenario de crecemento económico e industrial dos anos sesenta, que virá acompañado do problema da habitación en condicións insalubres e sen os servizos mínimos. Neste contexto as mulleres incorpóranse á reivindicación veciñal, nalgúns casos aplicando prácticas utilizadas anteriormente, como son: a resistencia pasiva, a desobediencia civil e, en particular, a acción directa. Exemplos destas tácticas serían as recollidas de firmas, os cortes de tráfico, a presentación de escritos ás autoridades ou a formación de comisións que representarían ao barrio ante as autoridades.

[117] Entrevista a F.R., 23/06/2025, Santiago
[118] Entrevista a R.V., 25/06/2025, Santiago

É importante ter en conta que son as mulleres as que viven dunha forma máis acuciante as carencias de equipamentos e de servizos. Isto explica que estean moi presentes na consolidación das identidades de barrio, tanto desde a mobilización como desde a práctica da acción colectiva nestes espazos (Bordetas, 2010: 28). Tanto é así, que dende finais dos anos sesenta as militantes antifranquistas se infiltrarán nas asociacións dos barrios para intentar que estas mulleres sumen as súas reivindicacións, de consumo e de infraestruturas básicas, as relacionadas cos seus dereitos civís e sociais.[119] A militancia antifranquista busca incorporar ás mulleres dos barrios na loita política, como un colectivo que sufre unha marxinación dobre: a social e a do fogar (Cabrero, 2015: 210). Non obstante, as AA.VV non serán elementos clave da oposición política clandestina antes de 1975 (Radcliff, 2011: 62).

Ademais das AA.VV., o *Movimiento* ten as súas propias asociacións coa súa xerarquía.[120] Entre elas figuran as *Asociaciones de Amas de Casa* (AAC), que serán dobremente marxinalizadas, por cuestión de xénero e por pertencer ao *Movimiento.* En palabras de Radcliff (2011): "En contraste coas loitas das mulleres para a incorporación e o recoñecemento nas AAVV, as AAC eran por definición un espazo do colectivo feminino, poboado e dirixido por mulleres" (p. 128)'. Pero, pola ideoloxía conservadora das AAC, que defenden o espazo familiar tradicional e os seus roles de xénero implícitos, e por estar estas asociacións baixo a dirección ou o control da SF, os autores antifranquistas tenderon a pensar que non había nestas asociacións nin unha mínima autonomía para a acción política. En cambio, houbo. Houbo variedade, disidencia, desacordos e debates internos e vínculos coa emerxente sociedade civil. Polo que, ao igual que sucede coas AA.VV., a mediados dos 60 haberá infiltradas do MDM nas AAC, aínda que nalgúns lugares non foi posible ese *entrismo*, por exemplo, en Galicia (Radcliff,2011: 128-136).

Se ben é certo que a linguaxe estatutaria das AA.VV. era teóricamente neutral ou universal, de facto viña a enmascarar unha organización masculina (Radcliff, 2011: 110-112).[121] De modo que o papel das mulleres nas AAC vai ser marxinalizado e nas AA.VV. invisibilizado. En todo caso,

[119] O documental "Ellas en la ciudad", dirixido por Reyes Gallego, arquitecta e urbanista, reflexa moi ben a loita das mulleres para mellorar a vida nos barrios. Neste caso son barrios dos anos 70 nas aforas de Sevilla, pero poderían ser os barrios da periferia de calquera outra cidade.

[120] Mentres as *Asociaciones de Cabezas de Familia* - para cuxo complemento o *Movimiento* crea as AAC-, son asociacións xerais, as AAC son especiais e agrúpanse xunto ás asociacións de *subnormales, padres de alumnos, familias numerosas*, etc. (Radcliff, 2011: 110).

[121] Pamela Radcliff defende que a discriminación das mulleres no movemento asociativo segue ese paradoxo -sinalado por Joan Scott e que afecta non so a España, senón a todo Occidente no período moderno- que consiste en que cando as mulleres son tratadas como diferentes, (como nas AAC), sofren marxinalización; e cando son tratadas como iguais (como nas AA.VV.), sofren invisibilización (Radcliff, 2011: 110).

as asociacións confórmanse como espazos nos que as persoas poden explorar novas prácticas de cidadanía e crear novas relacións horizontais entre a veciñanza. Unhas relacións que van quebrar a desmobilización imposta polo Réxime e que, á súa vez, farán posible o establecemento de novas relacións verticais co Estado que minarán as actitudes pasivas tan favorables para a continuidade do Réxime (Radcliff, 2009: 130-131). Nos barrios son o escenario no que se xesta o compromiso social e político dun crecente número de mulleres que atoparán nas asociacións un medio para exercer os seus dereitos como cidadás (Cabrero, 2015: 210). Recollemos agora a reflexión de Pamela Radcliff (2011) sobre o asociacionismo feminino:

> O que a experiencia das AAC e as AA.VV. demostrou foi que, en realidade, ambos marcos eran as dúas caras da mesma moeda que ven sendo lanzada ao aire nos últimos 200 anos. O que emerxe é unha loita constante -aínda hoxe non resolta- para definir un espazo que é ao mesmo tempo visible e invisible, diferente e igual, particular e universal. Así, a importancia das AA.VV. e as AAC pode atoparse na medida en que foron parte desta loita, non coma estandartes da liberación da muller, senón como espazos onde os límites e as posibilidades para as mulleres cidadás foron postas a proba e exploradas nun crucial momento de transición na historia de España (p. 154).[122]

No caso dos grupos de vivendas de Pontepedriña, o movemento veciñal xorde nos anos 80 e, segundo afirman as e os informantes de segunda xeración, o papel das mulleres non será relevante ata ben avanzada a década dos anos 90.

5.3. As identidades de barrio de 1ª e 2ª xeración: o cambio interxeracional nos anos 60-70

A industrialización do país trae consigo unha forte migración interna, pero de longa distancia -a diferenza da onda migratoria de inicios de século ata a Guerra Civil-. Cada rexión receptora vai ter unhas zonas específicas que lle aportarán a maioría da man de obra necesaria para a actividade económica. Así, Cataluña recibe poboación aragonesa, do sur e do levante; Madrid poboación castelán do centro e doutras rexións e Euskadi recibirá sobre todo casteláns do norte e galegos. Estas persoas van formar parte do perfil sociocultural dos lugares receptores, especialmente no dos barrios, chegando incluso a crear un perfil propio. As cidades polarízanse, separando a burguesía nativa dos barrios de poboación empobrecida, entre os que se atopan os inmigrantes pero tamén os nativos. Será na confluencia de todos eles onde se xesten novas identidades, ás *identidades de barrio* (Cazorla, 2016: 179-189).

[122] Tradución da autora.

Na creación das culturas de barrio no franquismo ten relevancia a figura do sacerdote de parroquia nos suburbios, aínda que sexan unha minoría dentro da institución eclesiástica. A colaboración entre estes sacerdotes e a veciñanza permite crear centros cívicos, deportivos, culturais e asistenciais que se converten en centros sociais á marxe do control falanxista (Candela, 2019: 91). No caso dos grupos de vivendas de Pontepedriña non parece darse esa colaboración, ou polo menos non se deduce das entrevistas realizadas ás persoas que viven e viviron nos grupos de vivendas. Non fan referencia a que houbera apoios por parte do párroco, nin da Igrexa en xeral, pero si sinalan unha situación que crea malestar entre a veciñanza. O problema vén por un local utilizado con fins sociais que finalmente a Igrexa adquire en propiedade, como explica unha das informantes:

> [...] Tamén o local que ahora e da iglesia, solicitarase pa un centro benéfico, e pa facer..., pa que fixera de tanatório e todo, pero despois parece que o inscribeu Ministerio de vivienda ao seu nombre ou eu non sei como, que pasou aí porque resulta que ahora non é dos vecinos.

No *Arquivo de Galicia* figura a tramitación para a adquisición en propiedade de dous locais co fin de prestar servizos relixiosos nos grupos de vivendas, como reza o documento presentado polo Arcebispado solicitando que se atenda á petición aprobada dende a inauguración das vivendas en agosto de 1972[123].

Nos grupos de vivenda social de Pontepedriña identifícase perfectamente esta identidade de barrio en oposición ao casco urbano de Santiago, aínda que neste caso a diferenza con respecto ao casco urbano sería mínima, porque a veciñanza procede de Santiago de Compostela, ou da comarca.[124] O que vai fomentar esa identidade é, por unha parte, a ubicación do barrio (por entón situado nas aforas de Santiago, como sinalan en varias ocasións as informantes) e, por outra, un perfil socio-económico bastante homoxéneo.

A segunda xeración de mulleres si participa no movemento veciñal, ten acceso a estudos medios e superiores e accede ao mercado laboral con normalidade. Pese a que moitas fillas e fillos dos adxudicatarios deixaron o barrio, manteñen a relación con el e nalgúns casos retornan por circunstancias diversas. As nais pasan a exercer o rol de avoas, unha sorte de rol de

[123] *Arquivo de Galicia*. (01/01/1975-31/12/1978) Caixa 626. Expedientes de adquisición de locais comerciais. Expediente 626, carpeta 5.

[124] Hai excepcións, como é o caso dos pais da informante R.V., que proceden de Viveiro e veñen a Santiago por intereses profesionais do pai.

coidadoras da terceira xeración que fan con alegría, aínda que tamén amosen cansancio, porque os coidados para as mulleres parecen non rematar nunca.

CONCLUSIÓNS

As conclusións incluídas neste punto do traballo obtéñense da información dun grupo de persoas, as e os informantes dos dous grupos de vivendas obxecto de estudo, que polo seu reducido número poderían non ser representativas do conxunto. Esta limitación témola presente cando valoramos en que grao se cumpren as hipóteses iniciais e os obxectivos propostos.

O resultado da nosa investigación permítenos concluir, en primeiro lugar, que o feito de terse beneficiado dunha vivenda protexida non favoreceu a incorporación da muller no mercado laboral. Esta afirmación debemos tomala con prudencia, pero, en todo caso, da información obtida na totalidade das entrevistas dedúcese que esta hipótese resultaría por entón inviable. Como se amosa no apartado 4.4., neste barrio non se identifican as redes de sororidade que facilitarían a saída das mulleres do contexto doméstico.

Os motivos de que isto sexa así poderían obedecer ao feito de que en Pontepedriña, dáse a circunstancia de que se trata de dúas fases construtivas diferentes, dous grupos de vivendas que se entregan en distintos momentos e cuxos inquilinos viven problemáticas parellas pero en diferentes cronoloxías e con outras posibilidades para darlles resposta. Tamén é importante mencionar que o traballo feminino fóra do fogar non parece estar moi estendido. Nesta situación resulta máis complicado identificar as relacións de sororidade entre as mulleres; ao seren maioritariamente amas de casa, non se ven na necesidade de recorrer a axuda externa, ou se a teñen non se manifesta. As mulleres apóianse na familia, primeiro nos seus proxenitores e, despois, na súa descendencia, dando continuidade nas súas fillas á "cadea dos coidados" femininos, cadea que amosa rupturas porque a segunda xeración de mulleres ten acceso á formación media e superior, e con ela a un mercado laboral por sorte moi diferente ao que puideron coñecer as súas nais.

No que respecta á aportación das mulleres na conformación dunha identidade de barrio, consideramos que si se aprecia, como se pode ver no punto 5, especialmente no apartado 5.3.. Pero esta aportación non se manifesta de forma reivindicativa, pois estas mulleres aseguran non ter motivos para elo. Entre as informantes hai consenso á hora de afirmar que non poden esperar axuda do Réxime para solucionar os problemas. Isto faino cada familia, con ou sen comunicalo ás autoridades de vivenda. Non se concibe unha actuación conxunta, polo que a segunda

hipótese (ver p. 7) tampouco se cumpriría. Podemos concluír tamén que non identificamos ningún sinal que poidamos relacionar cun posible *protoasociacionismo,* como aventuraba a nosa terceira hipótese inicial.

A ausencia deste *protoasociacionismo* relacionaríase coa natureza deste barrio. As vivendas sociais do barrio de Pontepedriña non representan a problemática da habitación de barrios creados *ex profeso* para dar resposta á poboación emigrada dende o rural á cidade. As graves deficiencias na vivenda e nas infraestruturas de fórmulas creadas pola ditadura, como os *poblados de absorción*, non se reproducen en Pontepedriña. Tampouco se dá aquí a diversidade cultural que podía haber nos barrios das periferias das grandes urbes, nin un illamento que impida acceder a centros urbanos.

As asociacións de veciños organízanse ben entrada a década dos anos 80 e as informantes non confirman a existencia de *Asociación de Amas de Casa.* Realmente o cambio vén da man das fillas e fillos destas familias beneficiarias da vivenda social. A segunda xeración entra no movemento veciñal con outra bagaxe, con outras reivindicacións e en diálogo con institucións xa democráticas, como se pode ver no apartados 5.2 e 5.3. s. A identidade de barrio persiste e o que foi un "deserto" agora é descrito como unha "zona privilexiada" polas beneficiarias das vivendas que viviron toda a transformación do barrio. Tanto é así, que algúns dos que marcharon retornan, como a informante R.V., porque "*para min é un lugar seguro e un bo sitio para criar aos meus fillos, onde poden xogar na calle con outros rapaces con tranquilidade. Onde poden facer vida de barrio*"

No que respecta aos obxectivos, consideramos que se atinxen ao longo do traballo. O cumprimento do obxectivo principal, que é comprobar se as políticas de vivenda nos casos de estudo conformaron as identidades femininas, permítenos responder negativamente a esta cuestión. Non as conformaron no sentido de que as informantes manteñen o contacto coa súa vida anterior e tamén se adaptan ao novo barrio, con maior ou menor dificultade, polo que as rupturas supéranse cunha adaptación que non chega a ser traumática. Podemos concluír que, como adxudicatarias dunha vivenda social, non se observa ningún indicio de agradecemento ao Réxime. As informantes consideran que teñen dereito a esa vivenda, que pagaron ata o último recibo, e non consideran que se lles fixera un favor.

Por último, esperamos ter amosado como se desenvolven os procesos para acceder a unha vivenda protexida, así como a escasa participación feminina nestas xestións, que se limita ao caso de mulleres solteiras ou viúvas, estas últimas máis numerosas no momento de acceder á vivenda en propiedade.

FONTES REFERENCIADAS

HEMEROTECA

- El Correo Gallego
- La Noche

ARQUIVOS

- Arquivo do Reino de Galicia (ARG)
- Arquivo de Galicia
- Arquivo Histórico da Universidade de Santiago (AHUS)

BIBLIOGRAFÍA

- Azpiri, A. (2003) De la Ley de Casas Baratas de 1911 a la de 1921. En C. Sambricio (ed.), *Un siglo de vivienda social*. Vol. I (pp. 54-57). FLC.
- Barrera, B. (2019). *La Sección Femenina 1934-1977. Historia de una tutela emocional.* Alianza.
- Bernal, F. (2024). La Iglesia Católica y el Sindicalismo Vertical: entre la colaboración y la crítica, 1951-1959. *Historia Contemporánea,* 74, 331-366. https://doi.org/10.1387/hc.23338
- Betrán, R. (2002). De aquellos barros, estos lodos: la política de vivienda en la España franquista y postfranquista, *Acciones e investigaciones sociales*, *16*, 25-67. https://doi.org/10.26754/ojs_ais/ais.200216233
- Blasco, I. (2005). Sección Femenina y Acción Católica: la movilización de las mujeres durante el franquismo". *Gerónimo de Uztariz,* 21, 55-66
- Borderías C. y Martini, M. (2020). En las fronteras de la precariedad. Trabajo femenino y estrategias de subsistencia (XVIII-XXI). *Historia Social*, *96*, 63-78. https://www.jstor.org/stable/26863344
- Borderías, C. y Pérez-Fuentes, P. (2009). Mujeres, trabajos y economías familiares en España (siglos XIX y XX). En C. Borderías (Ed.), *La historia de las mujeres: perspectivas actuales* (pp.269-308). Icaria editorial.
- Bordetas, I. (2010). Empoderamiento popular en al España franquista: el movimiento vecinal en el trásnsito de las resistencia a la cosntrucción de alternativas. *Historia del Presente*, (16), 25-43. https://doi.org/10.5944/hdp.16.2010.40858

- Box, Z. (2012). El cuerpo de la nación. Arquitectura, urbanismo y capitalidad en el primer franquismo. *Revista De Estudios Políticos*, (155), 151–181. https://recyt.fecyt.es/index.php/RevEsPol/article/view/40218
- Cabana, A. (2011). De imposible consenso. Actitudes de consentimiento hacia el franquismo en el mundo rural (pp.1940-1960). *Historia social, 71*, 89-106. https://www.jstor.org/stable/23228552
- Cabezas, L. (2023). Espacio y género en los poblados de colonización del franquismo *Historia Social,* 107, 65-83.
- Cabrero, C. (2015). Tejiendo las redes de la democracia. Resistencias contidianas de las mujeres durante la dictadura franquista. En M. Yusta, I. Peiró (coords.) *Heterodoxas, guerrilleras y ciudadanas.* (pp.197-217). Institución Fernando el Católico. https://ifc.dpz.es/publicaciones/ebooks/id/3428
- Candela, J. (2019). *Del pisito a la burbuja inmobiliaria: La herencia cultural falangista de la vivienda en propiedad, 1939-1959*. PUV.
- Carmona, X. Y Fernández, X.
- Cazorla, A. (2016). *Miedo y progreso. Los españoles de a pie bajo el franquismo, 1939-1975.* Alianza.
- De San Antonio, C. (2003). La construcción benéfica. En C. Sambricio (ed.), *Un siglo de vivienda social*. Vol. I (pp. 58-61). FLC.
- del Arco, M.A. y Hernández, C. (2020). Introducción: los años cincuenta, algo más que una década bisagra. En M.A. del Arco y C. Hernández (eds.), *Esta es la España de Franco. Los años cincuenta del franquismo (1951-1959)* (pp.9-20). Prensas de la Universidad de Zaragoza.
- Fernández, A. (2003). La política de vivienda en España durante el franquismo. *Ciudad Y Territorio Estudios Territoriales*, *35*(138), 639-654. https://recyt.fecyt.es/index.php/CyTET/article/view/75429
- Fuertes, C. (2020), Viviendas y actitudes sociales ante la dictadura franquista (c.1950-c.1975): el consentimiento y sus límites. En D. Lanero (ed.), *De la chabola al barrio social.* (pp.209-226). Comares.
- (2017). Las políticas públicas como instrumento para la generación de consentimiento. En C. Fuertes (ed.), *Viviendo en dictadura: la evolución de las actitudes sociales hacia el franquismo.* (pp.205-229). Comares.
- Gallego, T. (1983). *Mujeres, Falange y Franquismo.* Taurus.

- González, D. A. y Ortiz ,M. (2018). El franquismo y la construcción del Estado de Bienestar en España: la protección social del Estado (1939-1986). *Pasado Y Memoria*, (17), 361–388. https://doi.org/10.14198/PASADO2018.17.13
- Hernández, C. (2024). Un océano de incertidumbres: las actitudes de la población española en el franquismo «desarrollista». *Historia del Presente*, (43), 51–68. https://doi.org/10.5944/hdp.43.2024.41789
- Hernández, C., y Fuertes, C. (2015). Conviviendo con la dictadura. La evolución de las actitudes sociales durante el franquismo (1936-1975). *Historia Social,* 81, 49-65. https://www.jstor.org/stable/24330775
- Lanero, D. (2023). El franquismo y su política de vivienda en Galicia: contribuciones a un debate incipiente. En Fernández Prieto, L. , Leira Castiñeira, F.J. (eds.), *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras* (pp. 375-397). PUV.
  - (2021). Franquismo y política social: una aproximación a las políticas de vivienda y asistencia sanitaria. *Historia del Presente*, (38), 31-48.
  - (2020). La política de vivienda del franquismo en una ciudad de tamañao medio: Santiago de Compostela (1940-1960). En D. Lanero (ed.), *De la chabola al barrio social.* (pp. 95-116). Comares.
  - (2014a). Las «políticas sociales» del franquismo: las obras sindicales. En M. A. del Arco et al. (eds.), *No solo miedo. Actitudes políticas y opinión popular bajo la dictadura franquista (1936-1977) (*pp. 127-142). Comares.
  - (2014b). Más allá del encuadramiento social y del control social: la Organización Sindical y el consentimiento de los trabajadores hacia el franqusimo". En J. Prada (Dir.), *No sólo represión. La construcción del franquismo en Galicia* (pp. 145-163). Biblioteca Nueva.
- Lasso, M. & Hurtado, E. (2003) Las vivendas de tipo social, der entas mínima y reducida. En C. Sambricio (ed.), *Un siglo de vivienda social*. Vol. II(pp. 44-46). FLC.
- Lleó, B. (2003). La moderna posguerra, 1949-1960. En C. Sambricio (ed.), *Un siglo de vivienda social*. Vol. II(pp. 6-24). FLC.
- Llordén, M. (2003). La política de vivienda del régimen franquista: nacimiento y despegue de los grandes constructores y promotores inmobiliarios en España, 1939-1960. En G. Sánchez, J. Tascón (coords.) *Los empresarios de Franco* (pp.145-170). Critica
- López-Carcedo, D. (2020). Marineros, empleados, funcionarios…, la política de vivienda del franquismo en la Galicia urbana de los cincuenta y sus beneficiarios. En del Arco, M. A.

y Hernández, C. (eds.), *Esta es la España de Franco: los años cincuenta del franquismo (1951-1959) (*pp. 187-204.). Comares.

- López Díaz, J. (2003). Vivienda social y falange: ideario y construcciones en la década de los 40, *Scripta Nova*, 146 (024). Disponible en: http://www.ub.edu/geocrit/sn/sn-146(024).htm
- Marías, S. (2013). La Sección Femenina y las mujeres trabajadoras: un divorcio de conveniencia. En del Arco, M.A. *et. al*. (Eds.). *No solo miedo. Actitudes políticas y opinión bajo la dictadura franquista 1936-1977.* (pp.143-158). Comares.
- (2011) Defensa de la domesticidad y políticas de empleo en los regímenes nazi y fascista. Relaciones y similitudes en el primer franquismo (1936-1957)". En C. Frías, J.L. Ledesma, J. Rodrigo (eds.) *Reevaluaciones. Historias locales y miradas globales. Actas del VII Congreso de Historia Local de Aragón* (pp.433-444). IFC
- *(2009) Nosotras que sembramos la semilla de la inquietud en la mujer trabajadora...»* La Sección Femenina del Movimiento y el control de las mujeres trabajadoras (Zaragoza, 1958-1977)". En C. Romero, A. Sabio (coords.) *Universo de micromundos. VI Congreso de Historia Local de Aragón.* (pp.123-138). IFC
- Molinero, C. (2013). Falange y la construcción del régimen, 1939-1945. La búsqueda de unas bases sociales. En M.A. Ruiz (cood.), *Falange. Las culturas políticas del fascismo en la España de Franco (1936-1975)* (vol.1, pp.181-198). Institución Fernando el Católico, CSIC.
- (2006). El reclamo de la "justicia social" en las políticas de consenso del régimen franquista. *Historia Social*, *56*, 92–110. http://www.jstor.org/stable/40341009
- (2005). *La captación de las masas. Política social y propaganda en el régimen franquista.* Cátedra.
- (1998). Mujer, franquismo, fascismo. La clausura forzada en un "mundo pequeño". *Historia Social, 30,* 97-117
- Montalvo, J. (2003). El IRS y la política social en España a principios del s. XX: la política de casas baratas. En C. Sambricio (ed.), *Un siglo de vivienda social*. Vol. I (pp. 48-53). FLC
- Morcillo, A. (2015). *En cuerpo y alma. Ser mujer en tiempos de Franco.* Siglo XXI.
- Moya, L. (2015). Los antecedentes franquistas de la política de la vivenda social. (2015). *Cuadernos De Investigación Urbanística*, *100*. https://doi.org/10.20868/ciur.2015.100.3167
- Muñoz, E. (2019). La reglamentación de la libertad de las mujeres portuguesas y españolas. Dos organizaciones al servicio de sus dictaduras: *Sección Femenina y Mocidade*

Portuguesa Femenina. En Cuadrado, J. (ed.), *Las huellas del franquismo: pasado y presente.* (752-777). Comares.

- Ortiz, M. y González, D. (2018). El mito de la política social franquista: vivienda, educación y seguridad social. En M. Ortiz, (coord.) *¿Qué sabemos el franquismo?: estudios para comprender la dictadura de Franco* (pp.43-67). Comares

- Otero, U. (2023) Ser mujer en el franquismo (1939-1950: La construcción discursiva de la feminidad normativa. En Fernández Prieto, L. , Leira Castiñeira, F.J. (eds.), *Galicia, un golpe sin cuartel, una guerra sin trincheras* (pp. 331-356). PUV.
- Pérez, Y. (2020) Imagen propagandística en medios impresos de las políticas de vivienda social en España (1939-1954): La "mano oferente" de la OSH. En D. Lanero, *De la chabola al barrio social.* (pp. 139-157). Comares.
- Radcliff, P. (2011). *Making democratic citizens in Spaincivil society and the popular origins of the Transition, 1960-78*. Palgrave Macmillan.
  - (2009) Las asociaciones y los orígenes sociales de la Transición en le segundo franqusimo,. En Townson, N. (Ed.) *España en cambio* (pp.129-156). Siglo XXI.
- Ramos, M.D. (2015). Historia de las mujeres y género. Una mirada a la época contemporánea. *Revista de Historiografía,* 22, 211-233.
-

- Richmond, K. (2004). *Las mujeres en el fascismo español. La Sección Femenina de la Falange, 1934-1959.* Alianza.
- Rodríguez, S. (2010). *El patio de la cárcel.* Fundación Centro de Estudios Andaluces
- Ruiz, R. (2019). Legitimar a golpe de Ley: la imposición de la mujer ideal franquista. En Esteban, A., Etura, D., Tomasoni, M. (coords.), *La alargada sombra del franquismo.* (pp. 231-248). Comares.
  - (2007). *¿Eternas menores? Las mujeres en el franquismo.* Biblioteca nueva.
- Sambricio R. Echegaray, C. (2020). Política de vivienda en el primer franquismo: 1936-1949. *TEMPORÁNEA. Revista De Historia De La Arquitectura*, (1), 59–96. https://doi.org/10.12795/TEMPORANEA.2020.01.03
- Sambricio, C.(2003). El plan Nacional de la vivienda de 1944. En C. Sambricio (ed.) *Un siglo de vivienda social* . Vol. I(pp. 280-282). FLC.
- Sarasúa, C. y Molinero, C. (2009). Trabajo y niveles de vida en el Franquismo. Un estado de la cuestión desde una perspectiva de género. En C. Borderías (Ed.), *La historia de las mujeres: perspectivas actuales* (pp.309-354). Icaria.

– Solís, J. (2018). Un marco de análisis para el estudio de las políticas públicas durante el franquismo: las viviendas sociales en Sevilla (1961-1978). *Memoria Y Civilización*, *21*, 335-362. https://doi.org/10.15581/001.21.007

– Ysás, P. y Molinero, C. (2003) El malestar popular por las condiciones de vida: ¿un problema político para el régimen franquista?. *Ayer,* 52, 255-282.

– Zaratiegui, J.M. (2023). Políticas de vivienda en propiedad durante el periodo franquista. En Actas XV Congreso de la Asociación de Historia Contemporánea (pp.2421-2432). Universidad de Navarra.